

ANO XXVIII Nº 54  
Agosto 2010



# Xermolos

Asociación Cultural de Guitiriz



feira e Festa da Música e da Arte  
feira e Festa da Música e da Arte  
feira e Festa da Música e da Arte  
feira e Festa da Música e da Arte

XXXI  
FESTIVAL

de

PARDIÑAS  
7e8 agosto

feira e  
festa da  
Música e  
da Arte

PARDIÑAS 2010



## RITA GALEOTTE

Nesta edición a autora do cartel é Rita Galeotte, que ven participando dos festivais de Pardiñas, dende hai anos, coma unha máis... No 2010 pedímoslle que expresase nel, a emoción que lle produce esta festa. Coñecemos e disfrutamos da súa arte. Mesmo cando imos a presentar o Cd que o grupo A Quenlla ven de agasallar á Irmandade Manuel María, a obra de teatro do noso escritor: "Os Irmandiños. Unha vez foi o trebón", que se dá a coñecer, por primeira vez, neste Festival.

Ela é a autora da carátula ou carpeta da gravación. Unha creación de calidade, coma a de Rita, fai máis grandes os acontecementos. Xermolos agradece a Manuel María e ó grupo A Quenlla,

que fose nun Festival de Pardiñas, hai anos, cando Mero recibiu a encarga, a manda e entusiasmo do poeta, de que A Quenlla puxese música a estes poemas. Alí naceu este compromiso, ó que Rita presta agora a súa imaxinación, con este deseño tan sutil e maravilloso, que celebramos noutro espazo desta revista, que encamiñou a Xermolos a convidala a facer aínda máis senlleira a súa achega artística con este cartel.

O que máis nos sorprende da súa técnica e estética é a sinceridade da que mana a súa expresión. As súas cores vivas e fortes, transmiten o sentido da festa, da amizade, da xoldra que se vive en Pardiñas. O talento creativo de Rita, nacida en Módena, no norte de Italia, foi perfilándose pasenfiamente, tamen ó abeiro da luz do Baixo Miño, onde convive co músico Miguel Ghanime, na foto, integrante de A Quenlla, e Francesco, na foto da merenda, fillo da parexa. Este cartel zumega sinxeleza nos trazos, como lle gusta a esta artista interpretar a vida, sempre arrequecida pola amizade, pola festa compartida, pola ansia de beleza..., por iso capta con tanta intensidade as esenciais do festival.





Nas fotos de Vazquez, reporteiro gráfico de El Progreso, o Xefe Territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta, Xosé Carlos Rodríguez Andina, recibindo ós representantes de Xermolos, na que el chamou “a casa de todos”. Salientou a importancia da celebración do Xacobeo coma fornecedor de acontecementos culturais, e patrocinador publicitario do Festival de Pardiñas. Tamén remarcou o feito de que este Festival tivese unha traxectoria de 31 anos.



Fotos Vazquez de El Progreso



### **O PREGOEIRO DO XXXI FESTIVAL DE PARDIÑAS** **Bernardo Miguel García Cendán**

O sociólogo, Bernardo García Cendán, mantén con Xermolos, unha estreita relación, dende que traballaba no Ferrol, cando convidou ós grupos de teatro e gaitas..., onde participou activamente na vida sociocultural. Por outra banda, o seu traballo coa mocidade, como profesor en centros de Santiago, Ferrol e agora na Universidade, no campus de Lugo..., e animador social, converteuno nalguen próximo á nosa asociación... Temos acudido a el nestes anos, para colaboracións en táboas redondas, publicacións, etc. El mesmo sempre estivo ligado ó movemento asociativo, así participou na fundación do Ateneo Ferrolán ou ASFEDRO para asistencia da drogadicción. Colaborou con estudos sociolóxicos para AAVV. E no novo treito na Terra Chá, foi fundador do Instituto de Estudos Chairegos, e asiduo nos medios de comunicación como Terra Cha, Xa!, ou as emisoras Ser e Cope de Vilalba. Noutros escritos afonda en compromisos comúns con Xermolos, así a (Encrucillada, ), ou libros coma . Siareiro do Festival de Pardiñas, compuxo textos para cantos litúrxicos así como outros que foron musicados polo Padre Feixóo, Miguel Varela e por grupos como Fuxan os Ventos ou Saraibas. Un veciño noso, Xaquín de Roca, amigo e compañeiro, fainos a súa presentación:



Por XAQUÍN CAMPO FREIRE.- NARÓN, 09-07-2010.

*Que arriscado é facer de presentador. O misterio da persoa non pode pasar polas apreciacións de ninguén. Por moi obxectivos que sexamos, sempre caeremos no reduccionismo. Detrás ficará a verdadeira persoa que é infinda e inabarcábel.*

*E, non obstante, temos de presentarnos e presentar. Non facelo sería de mal educados ou facer de menos a aquel que nos está a visitar.*

Na historia da literatura os barbeiros gozaron sempre da sonda de seren moi sabidos, habilidosos e polifacéticos. As barbarías eran coma universidades populares ás que acudían gratuitamente as máis variadas crases de alumnos, cadaquén no grao que precisaba de formación-información. Dalí sempre se saía sabendo máis e con orientacións valiosas para avanzar. Moitos eran bos conselleiros na vida.

Na Lembranza de todos está, por exemplo, o barbeiro do que se nos fala no D. Quixote de la Mancha. Nas miñas acordanzas foi moi célebre "O Pallarego" de Mondoñedo, "Juancito" en Ortigueira ou "Uxío" de Pontevedra.

Hoxe xa non é igual. Aquilo era outra época e outra realidade.

Bernardo García Cendán sempre foi un profundo admirador do seu pai e engaiolábao acompañalo no establecemento que el rexentaba. O pai de Bernardo era o barbeiro de Vilalba e por alí pasaban todos os días do ano todas as crases sociais da Vila. Era un home culto e cultivado, gran lector e pensador, sabía escoitar e atender. Tiña unha boa biblioteca. A vida fóralle ensinando a ser positivamente crítico. Tamén tiña un profundo sentido do humor.

Esa foi a primeira e máis importante universidade na que Bernardo se abriu á vida e na que medrou cos mellores hábitos de socialización e sociabilidade, calidades que nel parecen innatas e nas que sobresaen por nacemento, ciencia e sábenza.

Bernardo é un sociólogo dunha categoría excepcional. Só ten un defecto-virtude: Non vai de pavo pola vida. Por iso, os de miradas superficiais, nunca se han decatar diante de quen están. El é un home sinxelo.

Se de verdade queres vivir unha experiencia importante na vida, busca por todos os medios, chegar a ter trato con Bernardo. Cousa non difícil, dada a súa afabilidade. Podes atopalo na rúa, nun parladoiro cultural, lendo o xornal nunha taberna ou relacionándose cos alumnos na Facultade.

Sempre cos ollos moi abertos ás máis diversas realidades, corazón sensíbel, observador perspicaz e conversador persuasivo. E, por saír ao seu pai, está dotado dun característico humor moi fino e tamén algo retranqueiro.

## Que nos din del as fichas oficiais que hai en Google?:

Categoría: Profesor e escritor

Fecha de Nacemento: 11 de abril de 1941

Lugar de Nacemento: Vilalba (Lugo)

- Estudos eclesiásticos en Mondoñedo.
- Licenciado en Filosofía na Universidade Católica de París e na Pontificia de Salamanca.
- Licenciado en Socioloxía pola Universidade de París.
- Foi profesor no Seminario de Mondoñedo.
- Posteriormente foi párroco de Nosa Señora do Socorro de Ferrol ata o ano 1987.
- Simultaneamente foi profesor da Escola de Relacións Laborais de Ferrol (antes Graduado Social).
- Encargado da Oficina de Socioloxía da diocese de Mondoñedo.
- Profesor da Escola de Teoloxía da mesma diocese.
- Profesor de Filosofía no Colexio Peleteiro de Santiago de Compostela.
- Desde 1987 exerce como profesor de Socioloxía na Universidade de Santiago de Compostela, Campus de Lugo.



## Obras realizadas:

- En Ferrol, en anos pasados, participou activamente na vida sociocultural da cidade.
- Destacou especialmente na participación da fundación de institucións como o Ateneo Ferrolán ou ASFEDRO para asistencia da drogadicción.
- Colaborou con estudos sociolóxicos para o Concilio Pastoral de Galicia, para AAVV e para o consello nacional da JIC de Madrid.
- Tamén é membro fundador da revista "Encrucillada" e da Asociación "Irimia".
- É coautor do libro *Meudon, une approche pastorale* (París, 1970) e do libro *Catolicismo en España* (I.S.A. Madrid, 1985).
- É autor do capítulo "*Ferrol, estrutura e identidade*" (en *O Feito diferencial galego*, tomo III, editada polo Museo do Pobo Galego, 1991).
- Colabora con artigos en prensa, pero especialmente en diferentes revistas como a citada "Encrucillada", "Lucensia", "Gufa dos Libros Novos", "Tempos Novos", "Irimia", etc.
- De ampla e exquisita cultura musical, bo cantor, foi membro de diversas Scholae Cantorum.
- Poeta de gran inspiración. Compuxo textos para cantos litúrxicos así como outros que foron musicados polo Padre Feixó, Xabier Méndez, Miguel Varela e por grupos folk como Fuxan os Ventos ou Saraibas.

Aquí si que valen os: etcétera, etcétera, etcétera, etcétera. Hoxe estamos de sorte: El é o noso Pregoeiro no Festival de Pardiñas, con quen ten colaborado tantas veces e de quen é un fiel seareiro. Nunca falta. Bernardo, moitas grazas.



## PREGÓN DA XXX FEIRA E FESTA DA MÚSICA E DA ARTE DO FESTIVAL DE PARDIÑAS



Boas tardes, veciños de Guitiriz e doutros lugares da Chaira, do resto de Galicia e de fóra dela. Benvidos todos á Feria e Festa da Música e da Arte, do XXX Festival de Pardiñas.

Teño que confesárlles, non sen emoción, que na altura da vida en que me encontro nunca me vira cun compromiso semellante. No devalar do tempo teño intervido públicamente en actos de diversa natureza, incluso en mítins políticos, pero endexamais fora requerido para facer de proejeiro dun acontecemento como o que nos convoca aquí, protexidos por esta carballeira centenaria. Se aceptei este novo reto, débese á admiración que de vello sinto pola Asociación Cultural Xermolos e polo seu impulsor e guicero Alfonso Blanco Torrado. Das poucos certezas que me van quedando, sempre considereirei que se en Galicia houbera varios Xermolos e Alfonsos de Guitiriz, moito tería mellorado a conciencia identitaria e social do noso país, en moitas ocasións ignorado e mesmo aldraxado polos seus propios fillos, nos que o autoodio e o complexo de inferioridade aínda non desapareceron. Quedo, xa que logo, moi agradecido por lembrarse de min e por verme convidado a participar nesta Festa e Feira da Música e da Arte, que, ininterrompidamente, se ven celebrando dende hai trinta anos con éxito notable, contando hoxe en día cun prestixio que sobarda as fronteiras guitiricenses.

Veño co corazón ategado de sentimentos e lembranzas, dende a beiramar atlántica, dunha das máis fermosas rías da nosa patria, cabo destes eidos da Terra Cha, comarca de grande personalidade, habitada por xentes nobles, traballadores e hospitalaria, mergullada en paisaxes de singular beleza dentro dunha configuración xeográfica na que salientan amplas chairas drenadas e vivificadas por numerosas correntes de auga, lideradas polo Pai Miño, "Pastor de ríos", como así o calificou o poeta de Abadín, Aquilino Iglesias Alvaríño.

Van alá dezaioito anos, dende o 29 de xuño de 1991, cando acudín á chamada de Xermolos para participar no entrañable acto de presentación do libro "12 anos ná búsqueda da nosa identidade", libro no que se fai memoria das actividades levadas a cabo na primeira dúcea de anos da asociación, e no que colaborara co traballo titulado "Unha historia inacabada. Os grupos culturais das xeracións galegas da postguerra", xunto a Alfonso Blanco Torrado, Xosé Chao Rego, Xulio Xiz Ramil, Paz Lamela Vilaríño, e Luís Alvarez Pousa. Na miña intervención daquel lonxano día tratei sobre o movemento asociativo que, formadas de mozas e mozos galegos das xeracións nadas arredor do ano 1936, puxeran a andar na década dos anos 60 -daquel entón aínda moi rufa a dictadura franquista-, co obxecto de traballar pola galeguización do país, entre todos os segmentos sociais da cidadanía, tanto urbán como rural, tendo como tarefa primordial a de promover a valoración, o coñecemento e o uso do idioma noso e, á vez, loitar pola súa dignificación e pola reivindicación dos seus dereitos, levando como frontispicio dos seus obxectos o anecio de lograr unha Galicia solidaria, de xincea progresista e aberta ao mundo e ás outras culturas. Nada do que tivera que ver coa Galicia auténtica será alleo ao labourar da mocidade daqueles tempos primeirizos de concienciación, tempos preñados de perigos, nos que había que andar coa intelixencia moi desperta e para





sorcealos, xa que os sicarios do réxime dictatorial aplicaban un férreo control e censura sobre calquera actividade, que tentara saír das normas trazadas por el. A fecunda andaina desenvolta perante moitos anos de laboría concienciadora –cos precedentes, fóra de Galicia, do Grupo “Brais Pinto” en Madrid, da Mocidade Galega de Barcelona e da Asociación Argentina de Hijos de Gallegos en Buenos Aires- iniciouse en Galicia no 1961, ano no que se crea en Compostela O Galo, e no 1963 O Facho en A Coruña, asociacións culturais ás que, deseguido, outras moitas irmáns seguiron os seus pasos por todo o territorio galego e de fóra del.

Xermolos, que lograría a súa legalización no ano 1977, despois de vencer as resistencias e atrancos de poderes asentados na vila balnearia, veu realizando nos seus trinta e dous anos de vida un exemplar traballo de compromiso coa Galicia auténtica e coa realidade social da vila de Guitiriz e da súa contorna. Ése admirable traballo estivo, e está, asentado nunha intelixente e ampla actividade cultural feita dende a base dentro dunha organización estruturada por parroquias coa mocidade como protagonista na que os relevos xeracionais se producen con naturalidade pouco común e que, cando procede, amosa un espírito reivindicativo e de protesta como ocorreu nos casos de Barco Casón e da factoría Sidegas. Cun bagaxe de tal categoría, coído que é un honroso deber o de felicitar a exemplar entidade organizadora do foro cultural no que nos encontramos.

Nos tempos de mocidade e de formación daquelas xeracións de posguerra, fomentas por saber do seu país, todas as materias de ensino ignoraban totalmente a Galicia, fora o medio físico, a historia, a economía, a literatura, a arte ou a arquitectura. Ningunha desas materias, e outras máis, figuraban nos libros de texto. Quen quixera saber delas non tiña máis solución que a de embarcarse nun proceso de autoformación, nalguns casos coa orientación dalgún galeguista republicano, como lles ocorreu a moitos dos que hoxe xa traspasamos os lindeiros da madurez. Lémbrome, con nostalgia certa, dos meus tempos xuvenís, cando residindo en Barcelona, por mor dos estudos e de traballo, descubrín o país negado e oculto a base dun gran esforzo de autoformación; así como a impresión que no ano 1961 me producira, entre as lecturas das publicacións de “Galaxia”, sobre todo, o libro “Nimbos”, do poeta de Os Vilares, Xosé María Díaz Castro e, posteriormente, xa radicado na Terra, os de “Terra Cha”, de Manuel María, e “Romanceiro da Terra Cha”, de Darío Xohán Cabana, que nos despertaron en mñ a necesidade de cofecer as terras chairregas ao igual que outras da nación galega.

Como tamén me lembro, con saudade, dos meus tempos de ensinante na Escola Universitaria de Arquitectura Técnica, da Universidade da Coruña, na que, en máis de vinte e cinco cursos, alumnos nativos destas terras, foran de A Pastoriza, Vilalba, Guitiriz, Cospeito, Castro de Rei ou Abadín, axudáronme a cofecer e valorar a rica cultura material creada polos seus habitantes, e a enorme capacidade e habelencia dos seus artesanos da pedra, dos lousadores e doutros oficios, que nos conformaron unha arquitectura popular de orixinal fasquia. Todo elo, xunto coa miña afección pola literatura, levou a que a miña curiosidade inicial pola Terra Chá se convertera, co paso do tempo, nun devoto admirador dela.





nativos e pola cultura popular neles creada. Con grande sensibilidade, moitos autores evocan nos seus escritos a terra humanizada, as pequenas cousas, a natureza e certas construcións populares ou tradicionais. Non podo resisitir, chegado aquí, a tentación de facer mención a un dos cantos que fai o escritor Darío Xohán Caabana sobre a casa labrega nativa, ou os que, cheo de ternura, fai Manuel María do máis humilde dos muíños, ou do pequeno hórreo implantado nestes territorios chairegos. Dinos o poeta de Roás en “Romance da casa donde du nacín”, que “A casa a que eu nacín/ ten lousado ás catro augas, (...)/ Fíxérona bos canteiros, / dos que a pedra traballaban/ con agarimo coidoso/ ó son de vellas cantatas. (...)/ A casa ten un celeiro/ para gardámo-las anadas./ Hai uchas de castiñeiro/ con medio século de alma,/ unha despensa prá carne,/ un pulceiro prás patacas, / dous dormitorios pequenos/ e unha alcoba nunca usada./ (...) Hai escaleiras de pino/ para subir á casa alta: alí ten dous dormitorios/ e o gran comedor da casa/ que soio se usa nas festas,/ e o resto do ano, nada./ É unha cas ben fermosa,/ chairega e vella casaza./ ¡Que labrega fermosura/ o lousado ás catro augas / da vella casa de pedra, / lar do Ricardo Cabana”!.... E o recordado Manuel María exalta ao muíño roulón deste xeito: “Anda a roular, ledo e cantareiro,/ o muíño roulón sobre o regueiro./ Ó pasar a invernia queda calado/ e despois, todo o ano, está parado./ Ten pacencia, homildade e corazón/ o muíño roulón, homilde e bon./ ¡E non lle ten envexa ó gran muíño/ que moe todo o ano no Pai Miño!”.

En todos os autores literarios cuxo berce está na Terra Cha –entre eles notables poetas, narradores e académicos-, hai un denominador común: o compromiso coa lingua galega que, en frase afortunada e precisa recollida no documento-comunicado dado a coñecer pola Real Academia Galega o día 17 de maio, dice que “ó o signo identitario patrimonio común de todos os galegos, e que forma parte substancial da identidade e do recoñecemento de Galicia como nación e como colectividade”. Este inusual comunicado académico, seguramente xestado porque “o caso estaría ruda adversidade urxente” parafraseando a Eduardo Pondal, adversidade pola que está a pasar o dioma de nós, nunha situación convulsa e confusa, provocada polos novos gobernantes da Xunta, que, con irresponsabilidade certa, trasladaron a lingua ao terro da confrontación política coa utilización espúrea dunha inexistente imposición lingüística. ¿Cómo é posible sentir tanta galegofobia pola lingua patrimonio de todos, polo espíñazo vertebrador da nosa identidade?.

Os moitos e esforzados traballos cos que abrirá o camiño da súa recuperación tanto a nivel popular como de cultura letrada, o movemento asociativo, fio condutor do meu parlamento, non poden caer en terra erma, como pretende o rancio centralismo que asume, con renartería, a nova Xunta. Ese centralismo negador da realidade plurinacional do estado, impulsado por plataformas madrileñas apoiadas por poderosos medios que propugnan o monolingüismo castelán e a destrución dos outros idiomas, inventando conflitos lingüísticos substatendados en informes e apoios de galegos colonizados, renegados da súa terra, e na distorsión da realidade existente entre as dúas linguas que se falan en Galicia.





A Chaira é pródiga en escritores que participan dun apaixonado amor polos eidos. Unha vez máis hai que acudir a Díaz Castro, candi dí “Un paso adiante i outro atrás Galiza, / i a tea dos teus sonos non se move, / A esperanza nos teus ollos se esperguiza / Aran os bois e chove”. Non podemos caer na desesperanza relaxada dos versos de “Penélope”, non podemos deixar que a desesperanza anífe nos nosos corazóns e que nos leve ao dealento. A Sociedade civil ten que reaxir con forza, e parece que xa o está a facer, rebelarse e combater o proceso xa iniciado a nivel lexislativo contra o idioma propio de Galicia, utilizando as armas da razón e tamén das leises. Procede falar destas cousas, aínda que moitos poidan consideralas fóra de lugar ou politicamente incorrectas, nesta xuntanza cultural do Festival de Pardiñas, que, en axustadas palabras do gran poeta chairego de Cospeito, Miguel Anxo Fernán-Vello, é “un auténtico encontro cultural e humano, un foro aberto ás artes populares onde se expresan as diversas formas e elementos da tradición pura que vén deste vello e nobre pobo noso”.

Defeito, na Feira e Festa da Música e da Arte fúndense as tradicións nosas de creación popular coas novidades creativas que os novos tempos demandan. Aquí, nesta feira única, regalía que se nos ofrece cada ano no mes de agosto, xunto coas mostras de artesanía e de instrumentos musicais creados polo pobo, podemos gozar de exposicións de pintura, escultura, fotografía e cerámica, todo elo acompañado de talleres varios e rodeados de libros. Máis a música, compaifeira secular en todos os quefaceres da vida do noso pobo, ten tamén neste acontecemento cultural un papel moi relevante no que se produce unha mestura de grupos consagrados, ou non, nados no país, con grupos e outras músicas procedentes doutros lugares. Teño que dicir que non hai nada igual na nosa contorna como o Festival de Pardiñas. Que unha vila como Guitiriz lograra, por mor da vontade e conciencia de país de xentes mozas e non tan moza, que un ano tras doutro, se nos ofrezca aos milleiros de visitantes, -uns 20.000 o ano pasado-, unha manifestación cultural como a que aquí se produce, é digno de loubanza e de admiración. Este festival de Xermolos é un referente para toda Galicia, que conta coa colaboración da Comunidade de Montes de San Xoán de Lagostelle, e que concita a asistencia de milleiros de persoas; representa unha mostra da Galicia que moitos queremos, unha Galicia que mira cara o futuro sen deixar de conservar a rica tradición das nosas raíces, tentando non desaparecer engulida polo uniformismo globalizador, esmagador de culturas e tamén de pobos.

Moitas gracias pola vosa atención e por teren contacto os organizadores coa miña modesta contribución. Antes de rematar, quero dedicarlle un recordó agarimoso para un vello amigo deste Festival, antigo presidente do “Pedrón de Ouro”, Gustavo Santiago Valencia que vai facer un ano que nos deixou, e un saúdo cheo de cordialidade para os recéns galardonados Pedróns de Ouro 2009 aquí presentes, Míni e Mero.

Disfrutemos da festa en concordia e irmandade. Gocemos desta romaxe que, aunque non ten santo, está presidida por alguén que chegará a selo.

¡Viva Xermolos e viva Guitiriz!

¡Viva a Chaira!

¡Viva Galicia, a Nosa Terra!

Manuel Caamaño Suárez

Guitiriz (Lugo)

2 de agosto de 2009

BellónMaceiras Quinteto achéganos a unha fusión entre novo folk e músicas do mundo, na que a improvisación ten un papel importante. A gaita e o acordeón, xunto co contraabaixo, guitarra, batería e saxofón ofrecen unha viaxe musical na que diversos estilos e ritmos de amalgama, se complementan cunha ampla variedade de composicións propias. A fusión é o sinal de identidade de BM5, e a contribución musical de cada compoñente é a que marca o particular son do grupo. Os músicos teñen total liberdade para expresarse, ceibes de rixidas faixas estilísticas.

Do seu gusto por mesturar nace o que eles mesmos definen como "espicho", a introdución de partes dunha melodía coñecida dentro doutra peza.

No disco que se presenta neste Festival de Pardiñas, a gaita sac da súa cuncha para interpretar tango, swing, muiñeira, blues, habanera, jazz, samba, valse francés... Non agarden escoitar un só estilo. Imos gozar coa música.

## Un novo xeito de entender as músicas do mundo desde Galicia

O proxecto BellónMaceiras Quinteto naceu no ano 2005, a partir da unión musical do gaiteiro Daniel Bellón e o acordeonista Diego Maceiras. O seu profundo coñecemento da música tradicional galega, xunto coas súas inxerencias artísticas e o gusto polas músicas doutros países, fixeron que desde o principio, este dúo fusionara sen medo, ritmos e melodías de distintos lugares, facendo música do mundo desde Galicia. Cando convidaron, no 2007, a tres outros músicos a formar o quinteto, estaban todos dacordo sobre a fusión que ían crear.

Esta é sen dúbida a característica que mellor define á banda: a fusión de estilos, sen complexos, e o virtuosismo dos seus



BELLÓN/MACEIRAS QUINTETO  
folkfusión



primeiro traballo discográfico "Identidade". Acordeonista desde os 11 anos da man de diversos profesores, forma parte de grupos como Rumbadeira, Eiravedra, Mama Cabra... Destaca como compositor e actualmente, despois do Conservatorio Superior de Música de Oviedo, segue coa súa formación no de A Coruña.

**Juan "Cabe":** Guitarrista do grupo. Tamén de Fene, membro de Os Cempés, cun estilo e carácter inconfundible.

**Miguel Lamas:** Batería do grupo. Forma parte de bandas como Voodoo, Chiculate, LTCD... Actualmente realiza sesións no estudio PousadaSon.

**Juan Tinaquero:** Contra baixista do grupo. Na actualidade cursa estudos no Conservatorio Superior de A Coruña na especialidade de Jazz, e compaxina a súa labor de actor de dobraxe coa música, formando parte dos Bluesmakers dende hai 15 anos.

compoñentes.

**Dani Bellón:** Posúe un dos currículos máis importantes do mundo da música tradicional en Galicia, sendo o gaiteiro máis laureado da historia, avalado por máis de 40 premios no seu haber. Na actualidade combina a súa faceta de músico no proxecto BellónMaceiras Quinteto, e de gaiteiro no prestixioso cuarteto Luvas Verdes, coa de mestre de gaita galega. Estudou jazz na "Escuela Popular de Música y Danza" (Madrid), becado pola AIE para o curso 2007/2008, e no 2008/2009 na "Escuela - Estudio" en Compostela.

**Diego Maceiras** As súas primeiras andains musicais foron aos 4 anos, formando parte da Banda de Gaitas "Airiños de Fene", da que segue formando parte hoxe en día, coa que consegue premios (con Música Propia da Televisión de Galicia), ademais de gravar o



## PELEPAU "Percusión tradicional e moito máis"

Pasarrúas rítmico que fará interactuar ó público nunha mestura de cantigas tabernícolas e percusións de raíz, a cargo de dez músicos das rías baixas. Pelepau veñen sendo: Xosé Maceda, Moncho Corral, Rubén Crespo, Alexandre Fernández, Alberto Costas, Suso Alonso, Miguel Souto, Diego Pazo, Roi Adrio e Iván Blanco.

### Un deles, fillo e neto de guitiricenses, Alexandre Fernández Castro

Nesta eclosión de música que é Pardiñas, temos a oportunidade de disfrutar de grandes músicos, que se integran en formacións que nos deleitan nos distintos grupos que pasan por aquí nas dúas xornadas. Case sempre, detrás de cada unha ou cada un deles, hai un virtuoso desta arte. Unha traxectoria exemplar de formación, interpretación, mesmo investigación..., que arrequecen o grupo que estamos a escoitar e compartir. Así, en Pelepau, sabemos da andadura musical dos seus membros, junha pasada!!

Imos deternos nun deles, por ter as súas orixes familiares, aquí, entre nós, Alexandre Fernández Castro. Conta cunha extraordinaria traxectoria de formación, ensino, interpretación da nosa música, incursións noutros xéneros: jazz, samba, música coral..., que imos ir debullando, pois os froitos xa están aí...

Con tal preparación e técnica, foi solicitado para dirixir varios grupos, e mesmo para impartir seminarios de música tradicional aquí, pero tamén en colectividade galegas de todo o estado, Europa e América.

Alex é fillo da guitiricense María Xosé Castro Marqués, e neto de Pepe do Capataz, encargado moitos anos deste mester nos camiños públicos de Guitiriz e as nosas parroquias, coma antes o seu pai. Outros irmáns de Pepe foron peóns camifeiros... Tamén foi un dos primeiros fontanciros da zona. O seu neto, Alex, naceu en Vigo, e dende pequeno conviviu coa expresión musical, pois os seus pais, María Xosé e Constantino Fernández participaban na escola de música do concello.

*\*Realmente os dous practicaban danza tradicional galega na escola do concello de Vigo. Ademais o meu pai tocaba a gaita. Lembrome moito de que os sábados e domingos pola mañá, ben cediño escoitabase a gaita do meu pai no trasteiro do edificio, que coincidía xustamente co meu dormitorio, así que podo dicir que dende moi pequeno escomecei como ointe, e anos máis tarde coma intérprete.*

Neste ambiente, Alex deu os primeiros pasos na danza moi novo:

*\*"Como é obvio, con 4 anos, escomecei na escola do concello de Vigo a bailar e introducirme no universo da nosa danza, co recoñecido pandereteiro "Polo", cousa que con 33 anos continuo facendo, pero xa coma mestre dos grupos de baile que levo.*

*Todo isto fai que os meus pais me apoiaran na miña decisión Laboral, neste traballo que non deixa de ser unha forma de vida.*



Dun xeito intenso, sen crebas, Alex foi ampliando a súa formación musical, con grandes mestres de Vigo:

*\*Gradúeme en grao profesional de Percusión no Conservatorio Mayeuis de Vigo co mestre Marcos M.Valcarcel, onde actualmente dende fai 8 anos, traballo coma mestre de danza e percusión. Tamén estiven un ano no seminario permanente de Jazz, ampliando os meus coñecementos de Vibrafono co mestre Paco Charlín.*

*Despois de gravar o disco de Isolma, da compañía de danza GS21 e colaborar con outros grupos como Crema de Gaita, actualmente toco nun combo de Jazz chamado Quenllazz, no bloco de samba con Cencerro Neiro... En Pelepau e noutros proxectos de música tradicional, etc.*

Alternaches o ensino da danza coa interpretación en varios grupos, nestes anos de creatividade...

*\*Os 16 anos comecei a tocar o tambor na Banda de Gaitas Charamuscas de Bembrive, onde agora son mestre de percusións.*

*Con 18 anos cambiei de grupo, escomezando a bailar no Ballet Folclórico de Boiro, para rematar, máis tarde, no grupo de recuperación de cantares e bailes tradicionais "O Fiadeiro", onde puíden ampliar os meus coñecementos sobre a música tradicional e as súas variantes.*

*Dende a maioría de idade, dirixi a Agrupación Inquedanzas de Pazos de Reis-Tui, e hai un par de anos a Agrupación Asubio, as dúas de danza tradicional galega.*

*Ademais doutros grupos que dirixín, tamén fun director durante 4 anos da Rondalla Helios de Bembrive, e tamén podería destacar os seminarios de música e danza tradicional que impartín a traves da Secretaría de Emigración polos centros galegos de Barcelona, Valladolid, Madrid, Suiza, Portugal, Chile, Brasil e Perú.*



Que significou para ti o grupo folk Vicus Spacorum, no que interpretaches teclados, guitarra, percusión... Un grupo que naceu en 2001 ó abeiro da Casa da Xuventude de Vigo, coa fusión de varios proxectos emerxentes dentro do folk e a mestizaxe, onde chegachedes a ser unha formación de 11 músicos, rock, jazz... e con experiencia nos escenarios.

*\*Foi o primeiro grupo de música folc no que toquei, eramos noviños e realmente estabamos moi ilusionados. A verdade é que contabamos con xente moi boa, como Lorena Freijeiro actualmente mestra de gaita no conservatorio superior de Vigo. Faciamos unha fusión entre música pop-rock e música folc, era divertido, e como di o refrán \*leña verde todo é fume".*

Que expectativas trades para este Festival de Pardiñas????

*\* Principalmente facer festa!!!! e facer bailar e cantar á xente cas nosas cantigas, tamen faremos un taller de percusións para todos os que estean interesados.*

*Como somos un grupo relativamente xove na nosa creación, queremos que sexa tamén unha presentación cara a un dós públicos mais esixentes do panorama dos festivais galegos.*





Alalé é un grupo formado en Galway, Irlanda, na primavera do 2006. O grupo nos seus comezos estaba integrado por catro músicos, dous deles irlandeses e os outros dous españois... Ciaran O'Doamhaille e Fergal Walsh, formaban parte da escea tradicional de Galway, tocando activamente en sesións e colaborando con diferentes bandas locais.

Gabriel G. Diges e David Cardona chegaron a Galway no verán do 2004, buscando novas influencias musicais que aportaran algo novo a súa experiencia dentro da música tradicional. Esta combinación de músicos funcionou dende o primeiro momento no

que os catro empezaron a tocar xuntos en sesións de música tradicional na costa oeste. A raíz disto empezaron a plantexar a idea de por os diferentes puntos de vista nun mesmo proxecto, que foi Alalé.

Unha banda de música tradicional que mestura diferentes influencias e estilos. Despois duns meses de traballo, Alalé estaba preparado para a gravación do seu primeiro disco "Wo Japen", gravado en The Forge Studio, Galway. Foi un disco auto producido, que non foi editado por ningún selo discográfico, pero aínda así logrou superar as 4000 copias vendidas, algo moi raro para ser o primeiro traballo dunha banda tradicional.

No 2009, a banda pasa por uns momentos de cambios, e dous novos membros sustituen a Ciaran e a Fergal, Stephanie Swanton, violinista e cantante de Dublin, e Esteban Moreno, guitarrista flamenco e amante do folk experimental, orixinario de Badalona.

A música tradicional irlandesa, combinada con composicións propias, e a base sobre a que se asentán todos os diferentes sons. Con este primeiro disco, a banda acada facerse un oco no circuito tradicional e fai máis de 500 concertos: Irlanda, Alemaña, Holanda, España... Grazas á positiva acollida do primeiro disco en varias revistas de música especializadas, Alalé escomenza a traballar no seu segundo disco que veu a luz durante o 2010. A música ibérica, mediterránea, o jazz, e a música oriental están presentes de maneira constante, creando o son orgánico e enerxético tan característico de Alalé. O directo da banda é intenso, onde se mesturan diferentes estilos e instrumentos. De Irlanda a Galicia, da India ó Mediterráneo e de volta a Irlanda. A intención é clara, facer bailar ó público.

#### COMPONENTES

**Stephanie Swanton:** Nada en Dublin. Empezou a mostrar interese pola música a unha idade moi nova, cantando por primeira vez en coros os 7 anos. Este interese polos diferentes estilos derivou nunha maneira moi persoal de cantar. Ós 13 anos escomenzou a tocar o violín tradicional, e desde entón, formou parte da enerxética escea musical de Galway onde coñeceu o resto de componentes de Alalé.

**Esteban Moreno,** nacido en Badalona, o primeiro contacto que tivo coa música foi coa escea da Techno de Barcelona. Editou 2 singles de Techno, á vez que desenvolvía un interese cada vez maior pola guitarra. No momento en que coñeceu en Galway a David e a Gabriel estaba metido no mundo da guitarra flamenca, ó que o une un enorme interese pola guitarra acústica e o folk, aprendendo especialmente de Fergal Walsh guitarrista orixinal de Alalé.

**Gabriel G. Diges:** Principiou na Alcarria, o seu lugar de orixe, onde empezou os seus estudos musicais. Despois de 6 anos de formación clásica comenza a súa formación como guitarrista de Jazz en diferentes escolas de música e tecnoloxía. Durante estes anos forma parte de varios grupos de música tradicional, tocando a guitarra e o bouzuki, e ó mesmo tempo comenza a estudar flauta traveseira, tin whistler, e gaita.

**David Cardona.** Nació en Santa Eulalia, Ibiza. O seu primeiro contacto coa música foi a traves do housse e a música electrónica. Quixo ampliar o seu contacto con este mundo estudando grabación e posproducción musical no Centro de Estudios Visuais de Madrid. Foi alí onde coñeceu a Gabriel, e empezou a explorar no mundo da percusión tradicional desde Irlanda ata Oriente Medio, ata o día de hoxe no que segue a aprender diferentes técnicas e ritmos que aplica ó bordan.





## CÉ ORQUESTRA PANTASMA

Vai intervir, no domingo, en varios momentos do festival: espazo da Mostra de Artesanía  
As 5,30, no espazo da Mostra de Artesanía  
No momento da entrega dos Premios do Certame Terra Chá de Literatura e Debuxo Infantil, no campo principal, antes e despois.  
E nos cambios dos grupos do escaeriro principal.

"Cé Orquestra Pantasma", é un dos poucos homes orquestra do país. Fai música con acordeón, harmónica, gaita, pandeireta, bombo, axóuxeres..., iso si, todos os instrumentos tocados pola mesma persoa.

### César Freiría e o seu singular artefacto musical

"Agora pillasme en Sanxenxo e pola tarde teño que tocar en Santiago, este mes fago dobrete case todos os días". A axenda de Cé, Orquestra Pantasma, o home orquestra máis popular de Galicia, non ten nada que envexar á da Panorama. Cunha excepción: se facémos o exercicio de tapar o nome do artista e ver só os lugares onde actúa, posiblemente non acertaríamos a clasificalo. Desde festivais punkis a sardiñadas de San Xoán, pasando por festas hippies en Eivissa, festas históricas ou actuacións didácticas en colexios. "É que teño unha banda versátil", chancea César Freiría (Valadares-Vigo, 1975), o músico ao que fai dous anos ocorréuselle este invento.

### En dous meses, Freiría ten unha axenda con medio centenar de birlos

Freiría vivía ata entón do seu traballo como carpinteiro, que combinaba con tocar en formacións en grao sumo variado: desde o histórico grupo de canción tabernaria A Roda ata a banda punki Oxtiáx Ke Che Pariu. E esta traxectoria nótase no seu repertorio, no que entran versións en galego da Polla Records ou clásicos populares acelerados como O Gato, e A Carolina.

"O meu repertorio condensa todo o que son musicalmente, desde o folk ata o punk español. Comecei esta etapa chanceando con Eskorbuto e alucino coa dimensión que tomou o invento", explica este peculiar músico, que ademais aplica os seus coñecementos de carpintería para perfeccionar o seu vistoso artefacto. A Orquestra Pantasma, pode facer soar catro ou cinco instrumentos simultaneamente: guitarra ou acordeón en man, harmónica na boca, pandeireta nas pernas, e bombo, caixa e pratos nas costas, accionados a través dun complexo mecanismo de cables que soben desde uns parafusos cravados nos talóns das botas.

"Hai que romper a cabeza un pouco, soldar, atornillar, usar a radial, probar os cables... pero son manitas, e intento perfeccionar o sistema; ensaio moito e tamén me equivoco", se sincera este músico, que indaga noutros homes orquestra para analizar os seus mecanismos. O último que analizou con detenemento foi un dos máis soados da historia do cine, o personaxe de Bert en Mary Poppins, encarnado por Dick Van Eyck. "Copieille un sistema para golpear o prato e a pandeireta", confesa este vigneiro, que tamén sacou tempo de onde puido para acabar a carreira de Maxisterio musical.

A combinación de artefactos ao Mary Poppins, festa e faceta didáctica, fai que un dos públicos máis agradecidos co seu espectáculo sexan os nenos.

"Unha nai contoume que, desde que me viu actuar no colexio, o seu fillo estáballe dicindo todo o tempo que de maior quería ser home orquestra, e non paraba de coller as tapas das tarteiras para atalas con cordas e facer experimentos", explica desternillándose. Freiría entende a curiosidade que esperta nos rapaces, "porque é un artefacto rechamante e cun punto clown". Ten un repertorio específico para nenos, de igual forma que ten un punki, un de canción popular ou un sobre textos de poetas galegos.

"Fuxo do repertorio de orquestra. Vivo disto, pero gañar difeiro non é a miña obsesión. Son un músico popular, gozo tocando e escapo dos escenarios, o meu lugar natural é no medio da xente

As veces invádeoo a nostalgia: "Moitas veces boto en falta un grupo, porque aquí estás con todos pero non estás con ningún". No fondo, máis aló da festa e a diversión, ser home orquestra é un traballo en soidade.





## GÜINTERVAN

Os irmáns Van Güinter, cansos da súa aburrída vida en Sarvoních, a súa vila natal, deciden aceptar o traballo de músicos de salón no barco transbáltico de nome Gitanik.

Trans un interesante periplo polos países do leste, naufragan terriblemente nas proximidades das Illas Ficas, salvando as súas vidas e algún que outro instrumento.

Sobreviven na illa deserta, gracias á cabra do capitán, Mishka, que lles deu alimento e un fol de gaita. Durante varios anos adicáronse a pescar e tocar...

Por fin son rescatados por un carboeiro ruso que os leva rumbo a Cuba, primeira parada dunha interminable viaxe por este mundo loco.

**GULÍN VAN GÜINTER:** contrabaixo e voz.

**HARRY VAN GÜINTER:** violín e gaita.

**ISAAC VAN GÜINTER:** bouzouki e guitarra.

**ROI ALEXANDRE VAN GÜINTER:** batería.

Impresionante unplugged o que protagonizan os pontevedreses de . Unha banda que ben podería ser rumana, polos seus ritmos xitanos, máis propios da **fanfarria** do este europeo que do noso país.



Tras un ano fóra dos escenarios e dos discos non seu haber, **Canteca de Macao** presenta o seu terceiro álbum “**Agua pa la tierra**”, composto por doce cancións que versan sobre a música, a vida, o planeta, a agua e o viño. Afastados dos estilos predeterminados, **Canteca de Macao** non fai nada puro, nin o flamenco, nin o rock, nin o ska, nin o punk, nin o heavy, nin o reggae, nin a salsa, nin o jazz..., sendo esta faciana a característica máis atractiva do grupo e a chave do seu éxito ante diversos públicos.

Producido por Fernando Illan (o mesmo ca Rosario, Estopa, Raimundo Amador, etc.) “**Agua pa la tierra**” (Warner 2009) supón un paso máis cara adiante, na andadura de **Canteca de Macao**, que lonxe das canles do “mainstream”, acadou en poucos anos situarse coma un dos grupos emblemáticos e con máis convocatoria no seu xénero, avalado por extensas xiras de máis de 90 concertos en distintos países.

O primeiro tema e single deste disco, “**Música**”, con toques latinos, tons flamencos e un estribillo imposible de esquecer, materializa a enerxía, alegría e o bo facer dun grupo, cuns sons imposibles de definir, que convidan á festa e ó disfrute. “**El atonté del Vino**”, guiño a unha copla atrevida que remata en fiesta, os temas rocksteady coma “**Green Yi n**” reforzan os tintes de vivacidade do disco. Todo, sen esquecer o contido, sempre sutilmente reivindicativo de cancións coma “**Madriz**” ou “**Se va y no vuelve**” (que inspiradas na rumba, avanza cara o rock e a relaxación a medio tempo respectivamente. A nota elegante deste disco aportan cancións como “**La lumbre**”, unha nana de voz doce e letra sentida capaz de emocioniar a flor de pel, “**Jazzmín**” cuia mestura de ritmos africanos, latinos e pespuntos de rock, fálannos do amor, bulerías a medio tempo coma “**Cafios**” ou os sons e letra épicos de “**Agatea**” que nos transportan, coma unha banda sonora por múltiples escenarios.

**Canteca de Macao** demostra neste disco a positiva evolución que acompañada da enerxía dos seus directos e a moitedume de seguidores, non deixan frío a ninguén..

### UNHA HISTORIA APROXIMADA

Ana Saboya “**Anita**” e Isidoro Lora “**Chiki**” comenzaron a cantar na rúa fai cinco anos, nas tardes en Malasaña o en Lavapiés, e algunha vez no rastro madrileño. Ese lugar que serve pa’ mercar pa’ vender e para ollar o planeta polas costuras. É domingo pola mañá e a xente daquí e dalá saúdase, toma o aperitivo e, se tercia, toman unhas gambas e algún langostino si hai posibles e algo que celebrar.

Desde que o Rastro é Rastro, as xentes da música comparten sorrisos cos mestres do reciclaxe, e os buscavidas entre artesans da vida e un barullo de gangas. Por aí pasou o rock mesetario, o punk de cresta e o de flequillo, pasaron os rumboiros en caceté e os flamencos dixitais. Chegou a xente de mil cores e ritmos e ó remate cadraron tocando unha rumba que é daquí e é dalá.

Así é a música de **Canteca de Macao**, a dos chavales que se xuntan a cantar cunha guitarra e chega a xente e failles un corro, e pídelles cancións desas que alegran o día. O corro tamén chegaron os músicos e o malabarista. Cando xa se xuntaron nove, pensaron que xa estaba ben e comenzaron a cantar composicións propias. Gustan e os do corro aprenden as cancións e chamanos para festas e xoldras.

Gravaron a súa primeira maqueta nun sótano de Lavapiés e van onde os chaman, gravan o seu primeiro disco “**Cacha!**” (2005), sen moito presuposto e lanzanse a tocar. Días, noites e madrugadas de furgoneta, para facer máis de cen concertos. Venden catro mil copias, desas que se venden dunha nunha nos concertos mirando ós ollos ó comprador que aturoa a sede para levarse o disco á casa.

No 2007 graban “**Camino de vida entera**” (Warner 2007), producido por José Luis Garrido. Xa hai presuposto e todo sona mellor. Seguen coleccionando as cousas bonitas que di a xente. Actúan por todos os lados, pasan por Arxentina e México, pero van a tocar a Marrocos nunha furgoneta. Ganas de ver a paisaxe e complacer ó cantante que lle sigue tendo yuyu ó avión.

**Canteca de Macao** seguen recolectando cousas bonitas que di a xente. Cousas íntimas e tan trascendentes coma esa de: “me has alegrado el día”.

José Manuel Gómez

### Canteca de Macao son:

Saboya  
 Álvaro Melgar, “**“**  
 Isidoro Lora-Tamayo, “**“**  
 Montoya  
 Guillermo Martínez Yusta  
 Juan Tomás Martínez París, “**“**  
 Javier Rodríguez de Zuloaga, “**“**  
 Rodrigo “**El Niño**” Díaz (adquisición recente)  
 Manuel Pablo Sanz (aínda máis recente..)





Coa súa combinación de Balkan Soul e beats funky Al Jawala fixo estoupar a toda Europa, desde Francia ata o Mar Negro. Al Jawala crea un son absorbente e innovador que transporta a alma do Balkan-Brass ó noso Festival. Un coctel explosivo para o que non existen lindes culturais. Al jawala vai máis alá dos formatos comúns da mestura de estilos. Chegan a acadar horizontes descoñecidos transformándose dende unha orquestra cara un DJ, pasando por unha banda de Punk e un contacontos.

Chega directamente de Freiburg (Alemaña) facendo caer e eclipsar as barreiras culturais. Os integrantes de Āl Jawala elaboran minuciosamente unha mestura musical efervescente, burbuxante e cobriza de orixe balcánica. Āl Jawala nestes 10 anos, transfíre os sons do «brass Balcánico» e da música dos «Roms» ós ritmos da cultura club urbana. A música oriental fusionase cunha boa bocanada de funk e as melodías tradicionais combinanse con ritmos festivos e breakbeats.

"Agradable, fogoso, fascinante, aberto para o mundo, técnicamente apasionante e sen embargo accesible a todos! Un grupo que vai deixar sen dúbida a calquera sala en ebullición", escribe Drums & Percussions.

No «Créole» Awards Alemán que recompensa as musicas étnicas, o primeiro premio do público e o primeiro premio do xurado internacional, que lles foron concedidos no 2007.

Āl Jawala é tamen dende hai moitos anos un convidado frecuente das sonadas festas «Bucovina Club» animadas por Dj Shantel.

A palabra Āl Jawala, en árabe, fai referencia ós viaxeiros e Xitanos. Coa súa música esta banda atravesou o espazo e o tempo, trasladando a alma da fanfarria zingara ó baile.

É a Europa do l'Este, concretamente en Rumania, onde se atopan as raíces máis antigas deste son tan específico. Āl Jawala foi recoñecido coma o grupo renovador e reformador da música «Rom» e do estilo «Manele» tan aprezado e ó mesmo tempo controvertido. É aquí que ven o título do penúltimo disco «Lost in Manele», editado en xullo do 2007.

No 2010, Āl Jawala está de xira para presenta o seu novo álbum, ASPHALT PIRATE RADIO, editado en maio do 2009.

### Āl Jawala : un tremendo choque de culturas !

Sen perder a onda jazzística revisítamos unha formación **AL JAWALA LIVE AT JAZZHAUS FREIBURG**, que tocaron con xente coma a Fanfare Ciocarlia, o Emir Kusturica... Este sexteto crea un son novo co balkan-brass, co espírito xitano e cunha debilidade moi especial polo funk.

#### Componentes :

Daniel Pellegrini, batería

Markus Schumacher, batería, percusión.

Daniel Verdier, baixo.

Krischan Lukanow, saxofón, tenor e alto.

Steffi Schimmer, saxofón alto-



Al Jawala, jazz con sabor a balkan soul e funky


### Discos de Āljawala

No 2002 dan a cofecer o seu primeiro álbum: "Urbanātya". No 2003 nunha xira por Alemaña, Francia, Suiza dan a cofecer "Balkan Big Beatz Live". No 2004 coa chegada de Daniel, o grupo convertese nun quinteto. Fan a recopilación: "Gypsy Garden". No 2005 aparece o seu segundo disco: .

No 2006 xira polos Balcáns, e varias gravacións para a televisión.

No 2007 proxectan EP con DJ Shantel, co que colaboran acotío. 1º premio "creole" en Banden Wutenberg, e 1º premio de músicas do mundo en Alemaña. Editan o disco: "Lost in Manele".

No 2009, editan ASPHALT PIRATE RADIO, editado en maio, momento no que principian esta xira, que os trae a Pardiñas:





## GALEGOZ

É unha banda consolidada, mantida a base de esforzo , froita da constancia e seguindo un camiñar claro e coherente, agora e despois de dous traballos anteriores, presentan "Vifieron da Galiza interior". Cinco novos temas gravados en La Casita de Ribeira: "Vifieron da Galiza Interior", "Apocalipse agora", "Zombis no Gaias", "Non poden con nós" e "O ano da billarda"

O proxecto GalegoZ nace no 2005 como un experimento para formar un grupo virtual que fusionara diferentes disciplinas: música electrónica, teatro, vídeo...

En Febreiro do 2006, animados pola boa acollida do single "Galician Chimpanzee", deciden constituírse en banda. E así, o experimento cristaliza no disco "Galician chimpanzee" (un traballo de manufactura caseira editado pola discográfica galega Ouvrimos). e o "grupo virtual" transformase nunha banda formada por músicos procedentes de distintos grupos galegos.. En 2007 a banda tocou ó longo de toda a xeografía galega presentando o seu segundo traballo "Revolution Dance" nos festivais mais importantes do país.

A banda Galegoz está formada por: Denis Mutante (voz), Pulpifto Viascón (batería, percusións e voz), Marcos Payno (programacións e voz), Manuel Payno (trompeta e coros), Alex Salgueiro (fruta e teclado), Tomas Ruido (Técnico de son e produción técnica ), Matías Olazábal (guitarra) e Chou (Samplers, video-dj e son).

Bases electrónicas mesturadas con reggae, funk e soul, e salpicadas por letras combativas, conforman o orixinal son de GalegoZ. Música marxista-electricista, ARANHOTO STYLE! Música para bailar pensada e feita en Galiza. Samplers, loops, percusions, guitarras, ventos e voces, apoiados por vídeo e performance conforman este espectáculo galego multimedia. Unha ciber-verbena electrónica con melodías sinxelas, ventos contundentes, estética circense, actitude punk e tres voces dándolle guerra ó poder e as inxustizas sociais, fuxindo de dogmatismos e sen perder nunca o bon humor..



Músico galego de orixe e universal polo seu fado, viaxeiro convencido, creador incansable, innovador por convicción, soñador de melodías imposibles. Xosé Manuel Budiño é un artista atípico. É difícil atopar alguén que desperte tanta admiración entre os seus. Inspírase nos pequenos sabores da música tradicional, pero sempre coa intención de crear unha música con estilo propio: a música que se pode converter nun futuro, pode que non tan lonxano.

Xosé Manuel Budiño fórmase na escola de gaitas Sermente Nova de Moaña e na Universidade Popular de Vigo a principios dos oitenta. Despois de traballar no eido da música tradicional galega durante anos, explora outras canles artísticas tocando a cotío con xente do jazz, do clásico, do pop ou do flamenco e compartindo cartel e escenario con músicos coma Van Morrison, Jerry González, Jorge Pardo, Capercaillie ou A Orquesta Sinfónica de Lorient.

## DISCOGRAFÍA

Xosé Manuel Budiño ten feito ate o de agora cinco discos (Paralaia, Arredor, Zume de Terra, Home, Volta) todos eles recoñecidos mundialmente pola crítica especializada e con premios de renome:

### PARALAIÁ (1997) Ediciones Resistencia

- Elxido* pola revista londinense "Folk Roots" (unha das máis prestixiosas revistas musicais do mundo) coma un dos cinco mellores discos do ano.
- O programa "Trébede" de Radio Nacional de España elixeo tamén entre os cinco mellores discos nacionais noveles do ano 1997.
- Xosé Manuel Budiño recolle o Premio ao Mellor Solista Revelación do 97 concedido polo Periódico "El Ideal Gallego".
- PREMIOS da MÚSICA 1999 (S.G.A.E. e A.I.E.): "Mellor Canción en Galego" polo tema "Ardora", otorgado pola Sociedade Xeral de Autores e Editores de España (SGAE) e a Asociación de Artistas Intérpretes ou Executantes de España (AIE).

### ARREDOR (2000) Virgin Records

Arredor é unha obra de doce temas que reflexa un espírito e unha vontade rupturista e universal, un traballo no que se lle fan as beiras a ritmos e músicas ben diferenciados como drum'bass, rock, new age, folk e música tradicional, constituindo un catálogo de ritmos e timbres que fan desta obra unha das

máis abertas e progresivas das que se teñían presentado ate o de agora en Galicia,

tendo a un instrumento tradicional como protagonista.

Arredor é unha obra de autor, a totalidade da música que podemos ouvir é composición de **Xosé Manuel Budiño**; os temas están inspirados na música máis actual e foron transportados ó entorno interpretativo da gaita, sen que isto constituía ningún obstáculo para amosarnos a obra de XMB en toda a súa amplitude creativa. Arredor grabouse durante o mes de Marzo do 2000 nos estudos RED LED de Madrid. A produción artística correu a cargo de XMB e do músico escocés Donald Shaw (Capercaillie). As misturas realizáronse por Donald Shaw nos estudos Secret Music de Glasgow e a masterización correu a cargo de Paul McGeechan nos estudos Paw Paw de Glasgow.

- "Mellor disco do ano" polo programa "Luar" da TVG.





**ZUME DE TERRA** (2004) Boa Records.

Neste disco a tradición está presente en forma de "samplers", en forma de memoria sonora da realidade doutros tempos. Gravacións como as realizadas polo norteamericano Alan Lomax nos anos cincuenta, a colección "Raiceiras" dirixida por Mercedes Peón, a fonopostal de Alfonso D. R. Castelao dirixida aos galegos de Montevideo no ano 1941, único documento sonoro que se conserva do insigne artista, político e intelectual serviron, entre outros, de punto de partida e fonte de inspiración para a confección desta obra.

Como di Castelao na súa alocución que resume a esencia deste disco: "...esta obra miña non pasa de ser un simple experimento artístico pero anque merecese ser traducida a todas as linguas do mundo, xamais deixaría de ser unha obra de arte galego porque está feita con zume de terra e mel de tradición galega..." Participan. O músico bretón Jacky Molard, os escoceses Capercaillie, o portugués Júlio Pereira, a Coboeverdiana Sara Tavares e a brasileira Lilian Vieira (Zuco 103). -Zume de Terra acadou o Primeiro "Premio Opinión" da crítica galega ó mellor disco do ano en Galicia.

**HOME** (2007) Falcatruada

Un traballo cheo de vitalidade onde as melodías nacen da experiencia e da influencia das viaxes do artista que o levou durante un ano enteiro por diferentes lugares do mundo: Sofía, Bos Aires, México D.F., Dublín, Milán, Líbano, Siria ou Marrocos. Colaboran en Home: Xoel López, Kepa Junkera, ou Jorge Pardo entre outros. -Home acadou o Primeiro "Premio Opinión" da crítica galega ó mellor disco do ano en Galicia.

-A Revista Londinense "Songlines" elixe o disco Home de Xosé Manuel Budiño como un dos dez mellores discos do Mundo na súa categoría.

**VOLTA** (2010) Falcatruada

**VOLTA** é o novo disco de Xosé Manuel Budiño. Baséase nun traballo audiovisual (dvd+cd), un documental sobre unha viaxe de ida e volta, unha "road movie" ao longo de catro continentes nos que o creador galego participou nos últimos anos que culmina cun concerto ao vivo no Festival de Ortigueira.

**Traballos especiais:**

Xosé Manuel Budiño traballa habitualmente con canles de distribución audiovisual como a BBC do Reino Unido na composición musical de bandas sonoras.

Un dos traballos foi a composición da obra "**Compostela**" para o programa "O día do Millennium" organizado pola BBC en colaboración con máis de 300 televisións do mundo para a noite do 31 de decembro de 1999.

**"A Galicia vinte xa"** Video clip promocional do XACOBEO 2004.

Xosé Manuel Budiño foi o encargado de facer chegar a millóns de persoas no mundo a benvida do ano 2004 co motivo do inicio do ano Xacobeo, o primeiro que se celebrou no novo milenio. Este vídeo foi emitido ademais por diferentes televisións do mundo a traveso da canle internacional de TVE, das emisoras asociadas á UER-EBU (Unión Europea de Radio e televisión) e de outras moitas canles de televisión no mundo. En "**A Galicia vinte xa**" colaboran máis de cincuenta artistas de diferentes países e continentes.

## PABLO SEOANE GRUPO



“Pablo Seoane Grupo”, nace no ano 2004, cando se edita a través do selo “Claverecodrs”, o primeiro disco do gaiteiro compostelán Pablo Seoane, que leva como título “Pablo Seoane gaiteiro”.

Un traballo baseado na recollida de música tradicional, na que se intentaba realzar a figura do gaiteiro tradicional totalmente integrado na sociedade actual, e que se acabaría convertendo no berce do actual grupo, que tivo o seus froitos na primavera do 2007, cando se editou o disco “Fluíndo en pechado”.

O grupo está formado por:

**Pablo Seoane:** (gaitas). Nado en Compostela, os seus inicios foron no Centro Cultural Rosalía de Castro de Cacheiras, Teo (A Coruña). Gañou importantes premios nos seus primeiros momentos no mundo da música e baile tradicional. Foi finalista en cinco ocasións do prestixioso premio “Trofeo Macallan” e participou en numerosos festivais por todo o mundo.

Ademais dos seus dous traballos “Pablo Seoane Gaiteiro” e “Fluíndo en pechado”, colaborou en numerosas gravacións. Actualmente, ademais da actividade musical, é artesán de percusión tradicional no Obradoiro “Sanín” en Compostela, e imparte clases de música e baile tradicional na Escola de música e baile tradicional do Concello de Santa Comba, na Asociación Cultural Xeitura de Esteiro (Muros), na Asociación Folclórica Ximiela de Louro (Muros), no Centro Cultural Vicente Vidal de Leiro (Rianxo) e no Centro Cultural de Muros.  
**Diego Rosende:** (percusionista). Membro durante dez anos do grupo de músicos da Asociación Cultural “Colexiata do Sar” de Compostela, e tamén do grupo “Xilbarreira”.

**Manuel del Rey:** (percusionista). Mestre de música, foi membro da Asociación Cultural “Colexiata do Sar” de Compostela e actualmente forma parte da Asociación Xuvenil e Cultural de Conxo en Compostela.  
**Gutier Alavez “Guti”:** (zanfona e violín). Mestre de música no colexio de primaria de Vimianzo, imparte clases de violín e zanfona en Lalín e Compostela. Foi membro do grupo “Ardelle o eixo” e colaborador do grupo “Os campés”.

**Javier Sexto:** (acordeón). Foi membro durante quince anos do grupo de músicos da Asociación Cultural “Colexiata do Sar” de Compostela.

**José López “Josele”:** (clarinete e saxo). Grado medio de gaita polo conservatorio de Vigo, imparte clases en Vigo, Pontevedra, Rois, Compostela e Bandeira, lugar no que en ocasións tamén dirixe a banda de música. Foi membro do grupo “Ardelle o eixo”, e é membro do grupo “Crema de Gaita”.

**Sergio González Taboada:** (técnico de son)

Pablo Seoane, o músico de Teo, é un dos gaiteiros máis recoñecidos de Galicia. No 2002 foi o terceiro posto do trofeo McAllan de gaita do Festival Internacional de Música Celta da localidade francesa de Lorient. Na actualidade compaxina o seu traballo de mestre de gaita coas actuacións do seu grupo. No seu traballo demostra coma tradición non ule a cerrado, tradición ule a fresco e fluído (como “Fluíndo en Pechado”). Despois de anos de traballo afianzando unha proposta que fose independente e persoal, o grupo agora, mírase de reollo no espello e comeza a xogar co seu propio estilo, novos discursos melódicos ou fusións con outras músicas e tradicións. Un proxecto de nove persoas cunha mesma cousa que dicir. A Murga é o fenómeno de mestizaxe, onde os instrumentos da banda e a figura do gaiteiro deron un salto...

**Pablo Seoane: “Fluíndo en pechado”**

*23.09.2007 O santiagués Pablo Seoane debuxa no seu segundo disco o “toque pechado” dos gaiteiros galegos. Logo de comezar a súa relación coa música tradicional cando só tiña oito anos, na actualidade, imparte clases na Escola de Música e Baile Tradicional do concello de Santa Comba, na Asociación Xeitura de Esteiro-Muros ou no Centro Vicente Vidal de Rianxo. “O presente da gaita é noso e temos que traballalo”, asegura este músico*

**TEXTO: EMILIO ESPAÑADERO**





O gaitero Pablo Seoane estivo recentemente no Festival francés de Lorient  
FOTO: P.Seoane

O gaitero compostelán Pablo Seoane reivindica, no seu segundo traballo discográfico, o tradicional "toque pechado" dos gaiteros galegos. A súa relación coa música e o baile tradicional comezou no Centro Cultural Rosalía de Castro de Cacheiras cando tiña 8 anos de idade. Tras 18 anos de relación artística con ese centro, formou parte do Obradoiro de Cultura Tradicional Ultracia de Compostela e, na actualidade, imparte clases na Escola de Música e Baile Tradicional do Concello de Santa Comba, na Asociación Cultural Xeitura (de Esteiro – Muros), na Asociación Folclórica Ximiela (de Louro – Muros) e no Centro Cultural Vicente Vidal (de Leiro – Rianxo).

**Para aqueles que non son gaiteros, e non teñan idea do que é cada un, explicanos as diferenzas entre o toque aberto e o pechado.**

A diferenza entre o aberto e o pechado é que o segundo produce a sensación visual de que os dedos, a medida que van subindo ás notas altas, van tapando os buratos na parte baixa do punteiro; dando a sensación de que o gaitero, cando toca, mantén os furados sempre pechados. No aberto isto non pasa porque a man que vai abaixo mantense aberta cando non se produce ningunha nota con ela. Poderíamos definir o pechado coma un sistema de dixitación baseado na procura dos sons puros, a precisión nas entradas das notas e a simplificación dos saltos entre clas.

**Na actualidade e facendo referencia ao título do teu novo disco, entre os gaiteros galegos ¿que tal vai fluindo o pechado?**

Ben, creo que os gaiteros xa non son tan reticentes como antes ao emprego desta dixitación. Ademais, hai xa algúns concursos nos que se valora moito ese xeito de tocar e a xente prepárase ben. Temos moi grandes gaiteros neste país.

**No eido do seu ensino ¿como andan as cousas?**

Moi ben. É unha dixitación que se vai usando moito e que moitos gaiteros xa están metendo nas súas clases. Eu sempre procuro ensinar o aberto e o pechado; despois, que sexa o alumno quen decida cal prefire empregar para cada tipo de peza ou situación.

**Este segundo disco teu levaba bastante tempo gravado, pero semellaba que había problemas para conseguir a súa publicación, ¿que foi o que pasou?**

O disco rematouse en abril do 2006 e saíu á venda en xuño do 2007. O meu primeiro traballo foi editado por Clave Records cos que sempre tivemos un trato correcto, de feito son eles os que nos amplifican actualmente. O que pasou é que neste traballo, nós fixémolo todo, apostamos por facer unha autoedición e ser os donos do noso traballo. O tempo dirá se acertamos ou non.

**Fálanos das diversas fontes que foron orixe das pezas incluídas neste novo disco.**

Sempre procuro botar man das miñas recolleitas e complementar o traballo con temas que me resulten vistosos e que dean xogo co noso xeito de interpretar. Incluímos pezas do arquivo de Cántigas da Terra, do Cancioneiro de Perfecto Feijoo e algunhas recolleitas coas que me obsequiaron Serxio e Carina Fragoso (de Bos Aires) e mais o grupo Ruote.

**recolleitas?**

Actualmente moi pouco, posto que non chega o tempo. Entre o meu traballo como artesán, no Obra-

doiro de instrumentos Sanín, as clases e as actuacións, case que non hai tempo para tomar un respiro, e ás veces fai moita falta pra poder traballar ben.



**De todas as experiencias que tes vivido e sentido nas colleitas ¿cal é a mellor lembranza?**

O mellor é cando, despois de ter feito unha recollida, pasa un tempo e volves visitar e esa xente, comprobando que xa son uns amigos máis. Tocarles unha peza que aprendiches deles e que te feliciten porque a interpretas como eles o facían é moi gratificante, faite sentir parte deles.

**Á hora de reunir as pezas do disco e decidir cales serían gravadas ¿seguiches algún criterio determinado?**

Non, simplemente fomos configurando un repertorio que resultase variado, vistoso, principalmente bailable e que nos fose posible levar a un escenario e presentarllo ao público.

**Fálanos dos músicos que colaboraron na gravación deste novo traballo.**

A gravación foi feita, como grupo base, grazas a axuda de Edelmiro Fernández no tambor e na caixa, Josele co clarinete, requinto e saxo alto, Xan Pampín co acordeón, e eu mesmo coas gaita, o bombo e o bombo con pratos. Logo contei coa colaboración do grupo Ruote nas voces, Nacho Ramos, Geranio Torreiro e Nano Ruibal tamén nas voces e Oli Xiráldez na frauta e zanfona.

**Actualmente ¿en cantas actividades musicais paralelas estás implicado?**

Pois actualmente, e ademais dos grupos que dirixo e dos que me sinto compoñente, continuo a traballar no eido máis tradicional co grupo Os Enxebres de Cacheiras. En paralelo, estou promovendo unha serie de concertos e clases didácticas dirixidas á xente que, dun xeito ou doutro, quere coñecer un pouco a nosa música e a nosa cultura en xeral. De feito, o vindeiro 29 de setembro estarei en Madrid, facendo este tipo de actuacións. As veces é moito traballo, pero eu sintome un privilexiado.

**Recentemente estiveches novamente no Festival de Lorient ¿que tal foron as cousas por alí?**

Moi ben. Para min era xa a sétima vez que acudía a ese festival, unhas veces como concursante no trofeo Macallan, outras coma xurado do mesmo e outras como integrante de Os Enxebres de Cacheiras. Pero como grupo, e levando o meu nome era a primeira vez. O certo é que os concertos que demos tiveron moi boa aceptación por parte do público. Apostamos por una posta en escena moi áxil, bailable e moi, moi dinámica. Ademais contamos coa ventaxa de que o público xa tiña referencias de nós e o seu pulo foi de agradecer. O disco vendeuse moi ben e o festival, a través dos seus responsables, fíxonos chegar a súa felicitación.

**Do presente e do futuro da gaita e dos gaiteiros galegos ¿cal é a túa valoración?**

O presente da gaita é noso e temos que traballalo. Desde todas as partes implicadas: mestres, alumnos, asociacións, concellos, etc. Creo que as bases están postas para poder poñer a gaita no lugar que se merece e do que nunca debeu ser sacada. O futuro penso que é esperanzador, estase traballando moito na nosa música en xeral, hai moi bos intérpretes e xa temos os primeiros titulados superiores en gaita. Os intérpretes están moi preparados e os concursos acadan cada vez un maior nivel. Ademais, empezan a saír á venda bos libros para o ensino do instrumento e a editarse bos traballos de recolleita. Creo que estamos no bo camiño.



## RODESINDO DA BARROSA

## Representado por Pepe Penabade

Pepe Penabade xa compartiu a súa creación no Festival de Pardiñas, co afixador, e tamén, fai dous anos, coa representación da obra PAN, dirixindo o grupo Volta e Dálle, que foi o comezo do Festival de Pardiñas, no 2008. Nun Campo da Feira atcigado de público disfrutamos dunha obra, ó aire libre, que fixo as delicias dos espectadores..... Na Feira do Libro, que temos hoxe en Pardiñas, podemos A súa formación está avalada por cursos impartidos por John Write, Albert Boadella, Jango Edwards, Eric de Bont, Ernesto Caballero, Toni Chic, Manuel Lourenzo, Elena Pimenta, Corina Mestre e Guillermo Heras entre outros. Membro fundador da compañía **Os Quinquilláns** participa como actor e escenógrafo nos seguintes espectáculos: *Os Irmandiños*, *As voces do mar*, *Tacatá*, *As viaxes fantásticas*, *Feira de lixos* e *Danza da meiga no campo da festa*. Coa compañía **Cia 002** participa no espectáculo *Zombis*. Forma parte do elenco de *Pallasos*, a última produción da compañía **Uvegá-Teatro**. Participa nas curtametraxes *El día antes*, *Café* e *Cidades Mente* da produtora **Video Dixital**, nas series *Rías Baixas*, *Pepe o Inglés*, *Mareas Vivas*, *Pratos Combinados*, *O tesouro*, *A familia Pita*, *Man con man*, *Terra de Miranda* e *Un mundo de historias* da **Televisión de Galicia** e nas películas *Pataghorobí*, *Chapapote*, *Un día baixo el sol*. No ano 2000 funda a compañía **Volta e Dálle Teatro** coa que leva a cabo os espectáculos *Furga Garabela*, *Salitre* e *Rodesindo da Barrosa*. Foi colaborador como actor e especialista en cultura etnográfica dos programas *A Noite Encantada* e *Demasiado Corazón* da **Radio Galega**. É **monitor de teatro** nos concellos de Vedra e a Estrada.

**Volta e Dálle** foi fundada a mediados do ano 2000 por Pepe Penabade González, actor profesional desde o ano 1987.

O principal obxectivo fundacional da compañía foi crear e distribuir espectáculos teatrais que tomasen como referente primordial a cultura galega no seu senso máis amplo, é dicir, entendendo como tal todas as manifestacións expresivas, artísticas, económicas ou políticas do pobo galego ao longo da súa historia. Como punto de partida a compañía inicia naquel mesmo ano 2000 unha investigación arredor da figura dos afixadores, que se desenvolveu a través da recollida etnográfica de testemuños orais e materiais, complementada pola documentación a partir das obras de antropólogos da talla de Antón Fraguas ou Xaquín Lourenzo. O fin último deste proceso era o de montar un espectáculo teatral para un só actor, un monólogo protagonizado

por un afixador. Curiosamente, un personaxe tan universal e con tanto apego popular nunca tiña sido levado ao teatro como personaxe protagonista. O espectáculo resultante deu en chamarse ¡Furga Garabela! A súa produción iniciouse a finais do 2000, culminando na súa estrea o 30 de marzo de 2001, no Teatro Principal de Ourense. Esta peza teatral, escrita e dirixida por X.H.Rivadulla Corcón e interpretada por Pepe Penabade, foi representada pola compañía en 40 ocasións, en distintos lugares de Galiza, Asturias e Portugal. No ano 2002, tratando de levar a personaxe do afixador ao seu espazo natural (a rúa) a compañía estrea o espectáculo *Rodesindo da Barrosa*, dirixido por X.H. Rivadulla Corcón e interpretado por Pepe Penabade. Con este espectáculo realiza máis de 120 funcións por Galiza e o Estado Español en distintos espazos, nomeadamente feiras medievais, mostras de artesanía, escolas, asociacións culturais, museos e encontros de afixadores. A acollida deste espectáculo foi tan positiva que a día de hoxe, cinco anos despois da súa estrea, segue a ser representado con éxito



## UNHA FAMILIA CON CADA DÍA MÁIS VALEDORES

Nestes 31 anos do Festival de Pardiñas, fomos formando unha familia que se xunta cada ano para celebrar a vida, co mellor que sabemos e temos. Pero tamén cada edición temos que celebrar a vida para sempre dalgunha e dalgún dos nosos amigos. Nestes meses deixáronnos, a escritora Anisia Miranda, o músico César Morais, o atleta Julián Bernal. Seguen sendo dos nosos, porque están a brilar nestas noites eternas alumeadas dos Festivais de Pardiñas.

### ANISIA...

Pomba militante na causa polo nos entender.  
Andoriña de calquera témpora...  
A ir de por pontes transitables...  
de pobo... a pobo.

Abrazo fondo da palabra pronunciada...  
polos traballadores... camarada..  
De Pepe de Gres e de por vida...  
compañeira...

Amiga sen limite que che poñer...  
Teimosa seductora de ilusións multiplicadas...  
de fantasías... e de utopías...  
medidas a toneladas e ferrados... de desexos...

Filla de Cuba...  
E de Galicia.  
Camarada...  
Compañeira...



david otero

*23 de outubro de 2009, ano da nosa loita pola nosa lingua...a galega.*



**Por Marica Campo**  
**Vila de Cruces, 30 de xaneiro 2010**

Debo comezar agradecéndolle a Xosé Neira Vilas que me confiase a tarefa de facer a evocación de Anisia Miranda, a súa dona. Seguramente a responsabilidade me supera, mais intentareino desde o cariño e a admiración que lles profeso a el e á homenaxeada. E falo en presente tamén para referirme a ela, xa que, se con algo non pode a morte, é cos afectos. Como nos ensinou Quevedo en “Amor constante más allá de la muerte”, “nadar sabe mi llama el agua fría y perder el respeto a ley severa”.

E porque, como alguén dixo, o sentimentalismo é un fracaso do sentimento, aspiro, benquerido Xosé, a ser quen de expresar este fuxindo de aquel. Teño, para axudar o meu propósito, a forza dun substantivo propio, Anisia, a súa memoria que hoxe nos convoca aquí. Sobran, xa que logo, os adxectivos. Direi muller, planeta, compañeira, palabra, loita, raíz, terra.

Direi muller. A muller construíuse desde ben cedo. Filla única de emigrantes ourensáns, de Verea o pai e de Celanova a nai, naceu na cidade de Ciego de Ávila en Cuba. Eran tempos convulsos para o país, baixo a tiranía de Gerardo Machado, e os pais trocaron o negocio de comestíbeis que tiñan na cidade por un anaco de terra a quince quilómetros. Non había escola e a nena foi alfabetizada polo pai e un veciño. O forte contacto coa natureza encheu, en parte, outras carencias e configurou a súa personalidade reflexiva e fonda; mais a nena pronto expresou a súa protesta cun berro de rebeldía ben significativo: “¿Es que me van a dejar bruta?” (Todo un carácter, con apenas nove anos, a facer patente o seu desexo de aprender, desexo que mantivo até o derradeiro dos seus días). E abofé que a escoitaron. Venderon a terra e trasladáronse á Habana onde abriron outra pequena tenda, tamén de comestíbeis. Anisia é admitida en cuarto de Primaria e pasa logo a Maxisterio. Da ansia que puxo no labor dan fe as notas brillantes e a Legión de Honor, xunto con outros premios e galardóns, con que remata a carreira. Asemade estuda inglés e piano con profesores particulares. Despois inicia xornalismo. Con dezanove anos vai xa en segundo. Continuará a carreira en Arxentina despois de que en 1953 abandonen a illa caribeña para estar máis cerca dos irmáns do pai que viven en Buenos Aires. Alí coñecerá o compañeiro de toda a súa vida, Xosé. O encontro non podía ter mellores auspicios, Rosalía foi quen os xuntou. Anisia acudira a unha conferencia de Suárez Picallo sobre a nosa autora e alí estaba Neira Vilas. El tamén estudaba xornalismo no Instituto Nacional ao que ela se trasladará. Van á



mesma aula. Son amigos. El fálalle das Mocedades Galeguistas, de Galiza, a lonxincua terra dos pais, que ten unha lingua propia da que nunca lle falaron. Tras a lectura dun artigo de Carlos Luís Bernárdez, “El idioma prohibido”, decide aprender galego. Para iso asiste con Xosé ás clases que imparte Blanco Amor na Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas. Tamén acode a aulas de Historia, Xeografía, Literatura e Economía de Galiza, impartidas por Alberto Vilanova, Ramón de Valenzuela, Rafael Dieste e Ramón Baltar. De vivir en Galiza naqueles tempos da ditadura é ben seguro que non tería a oportunidade de adquirir unha formación tan completa na lingua e cultura do noso país. Con tanto camiñaren xuntos, con tantos intereses comúns, é lóxico que Anisia reparase doutro xeito naquel mozo intelixente e lanzal e que aquel mozo intelixente e lanzal afondase para sempre nos fermosos ollos escuros da tamén intelixente Anisia. Así que amizade deu en amor e casaron en 1957. É indiscutíbel a influencia de Neira Vilas no sentimento e na formación galeguista da súa muller, mais é evidente que a chamaban as raíces mesmo antes de se atopar con el, se cadra sen sabelo ela mesma. Quen teña cofecido a Anisia concordará comigo en que non lle acaía o oficio de satélite do seu home.

Daquela, direi planeta. Os dous son planetas na galaxia da literatura e na loita pola liberdade. É moi frecuente adxudicarlles ás mulleres un papel ancilar, un papel de subordinación respecto dos seus compañeiros, que leva a analizar a súa vida e a súa obra á luz da vida e da obra deles. Neste caso, desde que se dá esa marabillosa e sempre máxica conxunción dos dous planetas, as súas órbitas transcorrerán en paralelo. Ou, mellor aínda, xirarán na mesma órbita para que nunca se produza a eclipse. Na mesma órbita, mais sen perder cada un a súa identidade e a súa persoal traxectoria.

Non sempre sucede así. Da longa nómina de mulleres eclipsadas, ou mesmo espoliadas polos seus homes ás que lles tivo que facer xustiza a historia, porque eles non lla fixeron, ás veces nin sequera no ámbito íntimo ou familiar, podemos mencionar, por exemplo, a María Lejárraga, esposa de Martínez Sierra, quen asinaba as obras de teatro que ela escribía. Ou Zenobia Camprubí, todo un saber ao servizo de Juan Ramón Jiménez. Poderíamos continuar con Frida Khalo e Diego Rivera ou os escultores Camille Claudel e Rodin, mais non se trata doutra cousa que de traer á memoria algúns casos





que, por contraste, ilustran o que estou a dicir. É ben diferente a actitude de Murguía con Rosalía e a de Xosé con Anisia.

Cómpre, xa que logo, dicir compañeira. Compañeira nos días de Buenos Aires, na fundación de "Follas Novas", unha distribuidora do libro galego que o matrimonio fundou aos cinco meses de casar. Compañeira na actividade galeguista e na amizade enriquecedora cos exiliados. E no regreso a Cuba, tras a estadia de oito anos en Arxentina, porque tiña saudades do seu país de nacemento e porque a illa caribieña estreaba, tras o derrocamento de Batista, un soño de xustiza e igualdade ao que quería sumarse. Atrás quedaba a nai, falecida en 1956, soterrada no cemiterio da Chacarita, en compañía de tantas e tantos galegos que non volveron nunca. Marchaba, mais antes publicara o seu primeiro libro, *Esta es Cuba, hermano*, testemuño de amor ao país que a reclamaba. Con ela e Xosé ía tamén o pai.

Direi agora palabra e tamén loita, as dúas caras dunha mesma moeda, o contributo que Anisia quería achegar á revolución. Coñecía, sen dúbida, as palabras de Miguel Hernández: "Tristes armas/ si non son las palabras". Sabía que a cultura é a base da igualdade, por iso traballará sen descanso neste eido. Non ben chegou, incorporouse como redactora da revista *Pueblo y cultura*, que dirixía o gran Alejo Carpentier. Cando este foi nomeado director da Editora Nacional, levouna con el para a Editora Juvenil. Mesmo aprendeu maquetación e acabou dirixindo todas as publicacións infantís e xuvenís da illa. Tamén se lle encomendou a administración da Editora Nacional nun momento difícil. Máis tarde foi redactora xefe do semanario infantil *Pionero*. Despois asesorou a Editorial Gente Nueva na que prologou varios libros. Dirixiu un programa de radio destinado ás mulleres, escribiu contos para este medio e formou parte da Comisión Histórico-Cultural do Comité Nacional de Solidariedade con Vietnam, para a que escribiu diversas monografías. No 76 pasa a traballar como redactora da *Revista Química*, dependente do ministerio de industria. No 80 ve a luz o primeiro número da revista *Zunzún* fundada por ela. Durante dez anos publicará monográficos dedicados a José Martí e o Che Guevara dirixidos a nenos e adolescentes. No 85 crea outra revista, *Bijirita*, dirixida a nenos máis pequenos. Ela era a directora de ambas revistas, mais nun momento pasa a dirixir *Zunzún* Xosé, aínda que ela segue como redactora.

Como é imposible ser exhaustiva, permítanme que acuda aos números e resuma a loita coa palabra e pola palabra de Anisia en cifras. Colaborou en vinte e sete revistas polo menos, escribiu arredor de vinte e cinco libros en castelán e nove en galego e deixou oír a súa voz nas asociacións de galegos de gran parte da emigración.

Por último, direi ratz e terra. Cando en 1972 Anisia vén por primeira vez a Galiza en compañía de Neira Vilas, prodúcese, como nas obras do teatro grego, unha anagnórise, é dicir, un recoñecemento. Galiza recoñece a Anisia



e Anisia recoñece a Galiza. E é que hai unha linguaxe máxica e secreta na que conversan as raíces aínda que estea o mar por medio. A nena nada en Ciego de Ávila coñecía esa linguaxe, afondara cal raíz para coñecer a terra dos avós e mais a da persoa amada. A lingua que lle ensinara Blanco Amor enriquecerase en Gres e soará a gloria co seu acento cubano. A terra, que endexamais lle revela o seu segredo a quen lle fala en lingua estraña, teraa por confidente. Sucédense outras doce viaxes até que en 1992 se radican definitivamente en Gres e créase a Fundación Neira Vilas. Serán tamén doce as viaxes de ida e volta que, a partir desta data, fagan a Cuba.

Coficeu, sen dúbida, Anisia o desacougo de quen ten como súas dúas patrias. Mais ela resolveu o binomio maxistralmente. Non partiu o corazón, deullo enteiro a cada unha delas. Sabía que a verdadeira universalidade é a de quen recoñece a diferenza de cada pobo. Desde esta diferenza soubo emitir as súas mensaxes e realizar os seus actos. O denominador común, a humanidade, era o que permanecía constante.

Na fundación, da que foi presidenta até o seu pasamento, traballou co entusiasmo que a caracterizou sempre. Organizou a biblioteca, fixo actividades de animación á lectura, seguiu a escribir libros, participou como xurado nos premios “Arume” de poesía e “Estornela” de teatro, restaurou pezas ..., gastou, en fin, os días procurando un mellor porvir para o pobo, como se fixese súas aquelas palabras de Rimbaud: “Só cunha ardente paciencia conquistaremos a espléndida cidade que dará luz, xustiza e dignidade a todos os seres humanos”. Penso que non me equivoco se digo que a chave desa cidade era para Anisia a do coñecemento. O que nos transmitiu con sensibilidade de muller; repartiu, compañeira, como pan; polo que loitou, guerrilleira, coa palabra. No que afondou, raíz, para ser terra.

A homenaxe de hoxe súmase á morea de galardóns e recoñecementos que recibiu en vida e que levaría moito tempo enumerar. Non deixar que morran os nosos mortos, como pedía o seu mestre Blanco Amor, é unha obriga. Cando a cumprimos, somos nós que nos saímos ganando porque, para dicilo con palabras do poeta grego Yannis Ritsos, a cantimplora da morta ten auga e luz aínda. Auga e luz que nos axudarán para facermos o camiño coa honradez e entrega con que ela o fixo.

Ia comezar un libro novo cando a sorprendeu a morte na mañá do 22 de outubro de 2009. Coido que eran unhas memorias da infancia. E vénceme á mente un verso de Octavio Paz que di: “Y la memoria de mí en tu memoria”. A memoria de Anisia está na de Xosé Neira Vilas. Seguro que o seu home poderá recollela. Grazas, Xosé, por nos dar a Anisia. E perdoa que, pola formalidade do acto, desobedecera aquel mandato que tantas veces me repetiu: “Chámalle Pepe!” Sen dúbida era o nome máis caro para ela e seguramente por iso tituló a biografía para nenos do gran poeta cubano José Martí co hipocorístico *Pepe, Pepe Martí*. Así que, para rematar, permítanme que llo repita así de novo: Grazas, Pepe, por Anisia.



08.05.2007 14:28



## PALABRAS DE ALFONSO NO ENTERRO DE ANISIA

Non lle gusta editar a palabra que comparte nas celebracións máis íntimas e familiares. Pero, algún amigo que asistiu á despedida de Anisia Miranda, convidoume a comunicar aquela intervención, debido á reacción dalgún cura asistente, que mesmo públicamente desautorizou o xeito de orientar a celebración de Alfonso, o noso coordinador. Pola contra, foi moi ben acollida, polo marido de Anisia, Xosé Neira Vilas, os seus amigos e amigas, as e os colaboradores, tantos escritores, e tamén as súas veciñas e veciños.

Alfonso animou a celebración, convidando a sentir a palabra da autora e do seu home, na voz de escritoras, animadores sociais e culturais, a poesía cantada coa música de Mini e Mero. O pobo de Gres emocionouse, sentíndose recoñecido naquela fala e sinais compartidos.

### Intervención de Alfonso:

“Estamos celebrando a vida, a palabra inmorrente de Anisia. É unha fortuna para esta comarca, ó pé do Ulla, que esta muller viñese a cantar coma unha rula, no noso idioma, as marabillas desta Terra... Veu arrequecer este eido, para sempre, dun xeito exemplar, con esa lealdade e fidelidade que a mantén unida ás dúas beiras do océano. Segue a ser coma unha ponte que estreita vencellos entre os pobos, froito da súa sensibilidade e tolerancia. Coma esa ponte romana, de piares sólidos e raíces seculares, que cruza o río da infancia de Pepe, e que tantas xeiras te axudou a facer carnífo, o que ampara unha desas insuas, fervenzas de vida e natureza, que fan resoar as illas, nas que recalaba San Xoán da Cruz, nas noites escuras. Anisia era unha muller rexa, que se rebelaba contra as inxustizas, as desigualdades, a frivolidade, a rutina...

Como a Pardela amiga do seu conto, vai seguir volvendo, pousando nos nosos corazóns, coma a que moldeou en terra cocida, coas cores máis vivas, o ceramista Pérez Porto, no Castelo de Santa Cruz de Oleiros, unha das moitas comarcas que hoxe, están, aquí, para agradecerche, Anisia, a túa capacidade de ensoñación, coa que nos deixaches un universo máis fermoso. Pepe, o seu marido, xa a ten recoñecido coma unha rula, unha pomba..., como vimos de escoitar nun dos poemas recitados nesta celebración. Pero, só cos ollos do corazón, poderemos percibir a súa nova presenza.

Non estamos delirando. ¡Como non van seguir disfrutando da súa obra, as nenas e os nenos, a través dos seus libros e imaxinación creadora!. Deixamos para os críticos literarios, a análise da súa escrita, que sen dúbida, vai ser festexada nestes días.

Moitas facianas da súa personalidade, lémbrenme a Xesús de Nazaré. Él, tamén pasaba tempo cos nenos, aloumiñábaos..., e os discípulos non querían. Matinaban que era unha perda de tempo, que só pagaba a pena conversar cos adultos. Anisia dedica as mellores horas aos nenos e nenas.



Sen ser unha muller confesante das crenzas que enxergaron este espazo significativo e simbólico da comunidade e parroquia de Gres, transmitía co seu xeito de orientarse na vida, os latexos do corazón de Deus. Non podía ser doutro xeito, nunha persoa que apreciaba como ninguén as criaturas máis sinxelas... Ten escrito, que a fidelidade é coma a raíz emocional da bondade. Coa súa nobreza potenciou as relacións cos seus veciños, nun manancial de paz e amizade. Por iso, asinamos hoxe, nesta luzada de vida, a súa intuición na morte de Alejo Carpentier: "Non foi Alejo un ser que permitíse chorar a súa morte, porque para quenes o queremos co amor e a admiración que se sabe gañar, non só non está morto, senón que nos acompaña nos momentos felices, nos difíciles e sobre todo, neses momentos de cada día que a xente ve pasar coma se non tiveran importancia, e que, en definitiva, son os que forman a nosa vida" (O camiño de Santiago).

Anisia foi capaz de imprimir á vida cotiá, aquí, en Santiago de Gres, nun dos camiños a Compostela, unha transcendencia, que pode coa morte. Converteu os seus días, en tempo de gracia e manancial de amizade. Temos que agradecerlle todo o ben que nos fixo e nos segue facendo, por iso, loamos arestora, que quixese despedirse, coma unha veciña máis, sen ceremonias especiais, acougando neste celeiro de amor, reforzando a comunión cos devanceiros, na volta ás raíces de sempre. Prendida nesta paisaxe, vive para sempre na memoria do pobo leal, que endexamais esquece quen lle fai o ben.

"Cidadá do mundo", vimos de escoitar nun poema do seu marido: Cuba, Bos Aires, Vietnam..., Galicia, multiplicou o seu sorriso. E, Anisia, é dicir, ansia urxente de paz e xustiza, sementa por todos os recantos do universo, esta solidariedade, por iso, aínda hoxe nos agasalla, con outra das súas proclamacións máis belas: "o que importa é a vida".

Enfiando a súa estela, os seus versos e contos van seguir sendo, coma barcos rebordando paz,



que deixan envolvernos polas ondas da travesía de cadaquén, sen medo a perder o rumbo: a patria do amor. Grazas Anisia, porque nos deixas un mundo máis digno, do que ti recibiches, e ata pronto. Alfonso Blanco Torrado

## **"Eu son "moi" da Terra Chá..." escribe Xosé Neira Vilas**

Nunha carta do 11 de xullo, acreditaba Pepe Neira, o marido de Anisia, a Alfonso: "Eu son "moi" da Terra Chá...", e os dous teñeno demostrado. Aquí mesmo incluímos algunha fotografía nesta reportaxe da creadora das Terras do Ulla, Esperanza Lema, a autora do cartel de Pardiñas 2006, das frecuentes viaxes de Anisia e Pepe, pola nosa comarca, así para asistir ó Festival de Pardiñas e outras actividades de Xermolos. Por iso, sentímonos urxidos a nomealos "Chairegos de Honra". Pero a testemuña máis significativa desta presenza, é ir á mesma escrita de Neira Vilas. Recollemos tres artigos, que naceron no xornal, pero que foron encartados en libros posteriores, e que falan destas viaxes: "No castro de Viladonga" e "Con Víctor Corral en Baamonde", publicados no volume "Xentes e camiños", e "Centenario da Liga Santaballea" na colleita, Lóstregos (2009).

Xa en xaneiro imos poder ler en PENUNTIMO DIETARIO: o nomeamento de Chairegos de Honra (2008) de Anisia e Pepe, o Pregón do Festival de Pardiñas e a entrega dos Premios do Certame Terra Chá (2006), unha viaxe ó nacemento do Miño (2006), o enterro do poeta Manuel María (2004), a visita ós locais de Xermolos, ás Penas de Rodas e ó Muíño do Rañego de Vilalba, naquela xornada fermosa do 7 de maio do 2007, etc.



## Centenario da Liga Santaballea

Hai uns vinte anos atopei na Habana os estatutos desa asociación de emigrantes creada, coma tantas outras, para erguer e soste escolas en Galicia. Fundouse en 1907. O ano 1916 había na capital de Cuba nada menos que 64 destas sociedades, que viñan financiando a construción de case un cento de escolas, as máis delas na provincia de Lugo.

Vendo aqueles estatutos chamoume a atención que os fundadores propoñían que se ensinase Gramática Galega, algo totalmente novidoso. Souben logo que non chegara a implantarse porque o impedían as autoridades educativas (daquela representadas aquí pola universidade de Santiago). Pero si logrouse a incorporación de Historia e Xeografía de Galicia. As outras materias eran as mesmas de todas as escolas, públicas e privadas.

Ademais do edificio, os “padriños” da Habana sufragaban o mobiliario, os salarios dos mestres, os libros e demais necesidades. A escola inaugurouse en 1917. Na construción do local colaboraron os veciños fornecendo madeiras, pedra e por veces man de obra.

Santaballa é unha parroquia do concello lugués de Vilalba. A escola admitía alumnos de ambos sexos, nenos e adultos, de toda a comarca. Nas dúas etapas (inicial e superior) todo era gratuíto (clases, libros, materiais diversos) e os profesores tiñan prohibido recibir gratificacións dos alumnos.

A partir de 1990 estivo dedicada ó ensino de nenos pequenos. Na actualidade o edificio, moi ben restaurado, é un centro sociocultural, e mantén unha aula de preescolar na casa. Con motivo do centenario da asociación que lle deu vida, é dicir, a Liga Santaballea, o padroado montou unha ampla exposición fotográfica e publicou unha detallada memoria de 400 páxinas, coordinada por Xosé Pombo. É de xustiza que se recorde tan frutífera iniciativa.

Percorrendo as instalación da vella escola vemos unha bandeira cubana de gran tamaño, un cadro de bandeiras coa galega, a española e a de Cuba, os pupitres cos seus tinteiros, encerados, unha máquina de escribir, unha esfera armilar e outras mostras do esforzo e dedicación daqueles emigrantes santaballese preocupados pola instrución dos seus veciños.

## Con Víctor Corral en Baamonde

De paso pola Terra Cha luguesa rumbo a Láncara estiveramos no fogar-obradoiro-museo deste artista de Baamonde, deste home de ben, exemplo de imaxinación creadora e laboriosidade. Recentemente, transcorridos catorce anos daquela primeira visita, visitámolo de novo e vemos nel a mesma vitalidade, o mesmo entusiasmo.





Victor vainos mostando as súas esculturas que van desde a miniatura que hai que ollar con lupa ata a enorme peza de raíz de carballo. Os materiais que conforman a súa obra son moi variados. Utiliza diversas madeiras así como granito, ósos de animais, alabastro, márfil, acibeche, mármore, prata... Ademais dos temas de carácter relixioso volve unha e outra vez ós tipos populares galegos, ós oficios, ós animais domésticos. Algúns títulos: Nena da aldea, Coas ovellas, Recollendo herba, Neno coas vacas, Augadora... As esculturas desbordan a casa e cobran vida no amplo xardín onde vemos estátuas, carballos cos ocos nos que aparecen talladas figuras como Cervantes ou a Virxe das Flores;

un pombal no que vai incrustando pedras de distintas procedencias, incluso de afastados países; unha capela, unha fonte. Hai obras del no Parlamento de Galicia, na Autovía do Noroeste, na praza de Begonte, en Zamora. Participou en moitas exposicións, individuais e colectivas.

Naceu labrego e artista de vocación precoz. Cando fa co gando ó monte gravaba figuras cunha navalla nas pedras e nos cornos das vacas e na tona das árbores.

Xa mozo, revelouse tamén como gaitero, poeta, e moi dado á fotografía. Estudou algo de arte na Coruña e máis tarde en Barcelona, a onde emigrou en 1960. En 1974 marchou a Suíza. En Xenebra traballou nos xardíns das Nacións Unidas, e tamén de enfermeiro, canteiro e restaurador.

Volve un día ó seu Baamonde natal, e ergue pedra a pedra a casa onde vive e traballa, a casa-museo que tanta xente visita. A casa onde nos acolle con emoción e agarimo.

### No castro de Viladonga

Coma quen viaxa ó pasado, visitamos con grande interese o Museo do Castro de Viladonga -mostra cabal da cultura castrexa-, que se acha na Terra Chá, a 25 quilómetros da cidade de Lugo e moi preto da Serra de Meira. Atendeunos Felipe Arias, o director.

O castro foi habitado polos romanos no século III da nosa era, ó tempo que se construía a muralla lucense, pero existen evidencias de estruturas materiais anteriores, é dicir, da Idade de Ferro.

Este xacemento descubriuse en 1911, cando un campesiño do lugar atopou un torques de ouro. Nos anos setenta comezaron as escavacións, baixo a dirección de Manuel Chamoso Lamas, e quedou á vista toda a croa, con vivendas, murallas, foxos, antecastros e demáis.

Nunha segunda fase consolidouse a descuberta e clasificáronse os materiais atopados, tales como torques, doas de colares, aneis de ouro, ferro, bronce e acibeche, unha arracada, moedas, arrees de cabalería, balanzas, armas, ferramentas, muftos manuais...

Tendo en conta a importancia arqueolóxica deste castro foi que se creou o Museo, con función conservadora, científica, didáctica e comunicativa. Intégranse catro salas que en conxunto están dedicadas ó Medio natural e hábitat, Cultura material, Crenzas, e Información complementaria, todo instalado mediante a máis moderna técnica museística e de xeito moi atractivo e didáctico. Conta ademais cunha sala de actos, biblioteca, salas de traballo, laboratorio fotográfico, sala de debuxo e reprografías, almacén de fondos arqueolóxicos e outras instalacións.

Sobre os castros queda aínda moito que investigar, como sobre outros aspectos de romanización de Galicia. Dinos Felipe Arias, que, por exemplo, non apareceu ningún cemiterio ou crematorio. Especúlase con que puidesen guindar os mortos no río. Non se sabe. Esta e outras incógnitas están por resolver. Mentres, en Viladonga seguen traballando, indagando.

Paga a pena achegarse a este museo e desandar dous milenios para saber algo máis dos nosos devanceiros.

**A REPORTAXE FOTOGRAFICA  
SOBRE ANISIA E XOSÉ NEIRA VILAS  
é de ESPERANZA LEMA**





07.05.2007 18:47

35

**HOMENAXE a Cesar Morales, ó que seguimos sentindo e escoitando nas verdes pradeiras de Pardiñas. Mesmo neste festival presentamos a súa derradeira obra, os poemas de Manuel María: "Os Irmandiños. Unha vez foi o trebón", cantados e interpretados por A Quenlla.**



## CÉSAR MARTÍNEZ, MÁIS QUE MÚSICO: COMPAÑEIRO E AMIGO,

por Mero Iglesias Dobbarrio

No paso continuado de músicos polo noso grupo, A Quenlla, e por un grupo calquera como o noso, supoño e por decantación lóxica, van quedando algúns compoñentes nas nosas memorias que prevalecerán co paso do tempo situados naquel tempo e espazo que xuntos compartimos. Son elementos fundamentais da esencia dese grupo e conforman momentos e atmosferas que quedan gravados como un recendo imborrable nun lugar incógnito e sen definir, pero que non deixan de estar aí, canda nós, lembrando escenas e botando a man nas dificultades, alimentando os soños compartidos. Quizais sexa na cabeza onde perduran, quizais no corazón, ...non sei, ninguén o sabe. Chegan a estar non só como compañeiros dun labor común senón como amigos de verdade, deses forxados no esforzo e que tamén son e foron firmes vontades que animaron e aínda empuxan, que suxestionaron nos momentos de dúbida fortalecendo e animando ese labor de tirar pedras contra os muros, os enormes muros, que nos rodean. A min cábeme a satisfacción de lembralos con verdadeira paixón, é unha lembranza agradecida e sobre todo sabendo que un non canta nin comparte escenario con calquera. O noso grupo, A Quenlla, fíxose por ese esforzo continuado de moitas e moitos que xunguiron o seu esforzo altruísta para empuxar máis neste carro de ilusións e de combate. Un labor común sen egoísmos ou personalismos. Moitas veces, as voltas da vida, a algúns fixéronlles coller outras rutas ou, quizais, habitar outras dimensións para nós descoñecidas. Dalgúns non volvían saber, metidos de cheo noutros vieiros lomxincuos de ilusión. Non canta un con calquera, e non comparte estes espazos íntimos e eses momentos de tenrura e sobreexposición co primeiro que se poña. Non. Esas persoas quedan prendidas de nós e habitándonos. Son seres limpos que en vez de poñer paus na roda, quitaron os que outros nos poñían e facilitaron o noso camiño permitindo acadar resultados dun labor agradecido pero duro, pois non reporta beneficios materiais –ás veces dificilmente cobre os gastos- senón unicamente de satisfacción propia ou de consecución dun labor común, que doutro xeito non podería acadarse, e que ten que ver coa causa da dignidade humana. Digo así porque no longo camiño polas estancias da Música Galega, xa logo corenta anos, un lembra colegas e amigos, tamén outros que non o foron tanto, ...e a estes menos, pero lembra sobre todo a aqueles que, canda ti, subiron aos escenarios, despois de longos ensaios e queimando as moitas ilusións, os milleiros de esperanzas, para defender Galicia, e as causas xustas, tantas veces perdidas, dun pobo –o noso- que simplemente quere ser quen é e non lle deixan. Cantando, moitas veces, no deserto e cargando de anxeos os desesperos continuados aos que nos someten os políticos que sobrevoan e non tocan terra. Diciamos "non", xuntos, a tanta perversión, a tanto desatino, a tanta venda fácil, a tantos que miraron para outro lado, a tantos que renegaron habilmente, aos que abandonaron agardando mellores tempos, a tantos que arrimaron a aquelas posicións máis etéreas, menos definidas ou máis neutras, a tantos que calaron, a tantos covardes coitados que se puxeron habilmente do lado do poder, dos alternativos poderes, sacrificando o Noso en beneficio do propio...



E nós armados coa palabra e coa canción na hostilidade dun pobo que se despreza sen saber quen, ignorándose é e sen quererse a si mesmo. Pois ben, ...mirando atrás e cara adiante, ademais de lembrar a todas e todos os que pasaron connosco esa experiencia que vai moito máis alá do musical, hoxe quero e debo lembrar, mesmamente desde a emoción, a César Martínez, ou a César Morais que era como quería que se lle dixera. Acaba de ser o seu pasamento e as súas cinzas navegarán proximamente abaladas coas ondas e coas músicas do seu mar de Vilagarcía que se achegarán ás nosas memorias que aínda se recollen en centos de gravacións. César estivo xa hai tempo no grupo pero tivo que buscarse a vida e procurar outros grupos. Tocaba os teclados e o baixo, era un bo guitarrista e un gran técnico de gravación nun estudio que tiña en Compostela. No noso grupo, como xa dixen, non hai beneficios pecuniarios e César tivo que buscar a vida tocando noutros grupos. Pero hai uns anos e pasado o tempo, nunha gravación de material de apoio educativo á música infantil, no seu estudio de gravación, indicounos sutilmente o seu desexo de volver ao grupo. Que se lle acordaba aquel estar xuntos e aquel batallar constante, aquel xurdir de novo fortalecidos coa colaboración conxunta na elaboración dos temas, aquela participación de distintas opinións e contrastes e, sobre todo, que estaba convencido de poder colaborar moito e mellor, porque entendía -tamén mellor- o que A Quenlla pretendía, asumindo o seu papel. Cando se produciu a vacante, soubemos que César estaría disposto e así foi, incorporouse e con moita felicidade. Notábaselle na ilusión, no esforzo, na acendida proposta de proxectos, nos ensaios, ... Estivo mesmo connosco en momentos moi difíciles, deses que tanto abundan cando hai moito que facer e non dá tempo, cando desembarca o desánimo, cando non podemos estar en dous sitios á vez e multiplicármolos, cando realmente hai problemas de desintegración do grupo ou de opinións totalmente contrarias, mesmo de desconfianza. Nisto xorde unha coitelada no aire. Unha gravísima enfermidade anuncioulle tratamentos agresivos para deter o mal sequera algún tempo. Pouco tempo, moi pouco tempo: un ano e pouco. Químio, radio, ...sen pelo. César seguía sen perder a moral de vitoria. Viña aos ensaios, apoiaba os proxectos, aportaba solucións, traballaba os arranxos, ... e veu ao Grove invadido de desexos, e veu a Lubián, a Navia, a Lugo, ...e quixo vir á Pontevedra, á aquela múltiple participación de "Queremos Galego" o 17 de abril, xa non puido vir. Unha dor insufrible e un enorme baleiro nos asombraba. Cantamos feridos coa súa ausencia e coa enorme dor do baleiro presaxiado, coa orfandade dun amigo, imposible de encher porque era "amigo" e estaba polo labor. E non hai substitución posible. Quédanos ese enorme oco e esta memoria feliz que nos habita, que nos anima a seguir soñando cun mundo mellor, cunha Galiza máis nosa, ...cunha Música Galega propietaria de si e que non teña que copiar por fóra os elementos creativos nin expresivos, porque os ten de seu. El seguirá alimentando ese soño común e axudándonos a erguer das propias cinzas. No meu nome e no de todo o grupo A Quenlla, de todos os amigos e amigas, ...grazas César Morais (como gustabas apelidarte) por ser e estar, sobre todo por saber estar onde esteveches!

En xuño de 2010.



## A DERRADEIRA CARREIRA

O 16 de marzo deixounos o atleta máis veterano do estado, **JULIAN BERNAL MEDINA**, ós 91 anos.

Un asiduo na carreira popular de Pardiñas, ata o ano pasado.

A derradeira etapa da súa vida estivo coroada dos loureiros do éxito deportivo. Ós 85 anos foi récord mundial nos 3000 ó aire libre, e ós 90 anos, no máster 90, en Zaragoza, en pista cuberta. Aínda dez días antes participara no campionato estatal de cros de A Coruña, mostrando todo satisfeito, a súa medalla de ouro, coma integrante da selección galega de campo a través. Nacera en Burgos, pero residía no Ferrol, onde comezara a intervir en carreiras populares, xa ós 76 anos, ata participar en 799. Integrado no Clube de atletismo Egoarros de Viveiro, dende 1995. Tivo a fortuna de ter ó seu carón ó seu fillo Jesús, adestrador e preparador, que o mantíña acotío coas súas capacidades listas. As súas pista de adestramento máis apreciadas foron as praias, como a de Doniños.

En forma, en febreiro, fíxose co triplete de 400, 800 e 1500, en Zaragoza, convertíndose en Campión de España, e no verán anterior foi Campión mundial, en Finlandia, de 5000 e 10.000, pero dous días antes de deixarmos, non puido participar en Monforte, na que ía ser a 800 proba da súa traxectoria deportiva

Recoñecido a nivel mundial, foi no 2005 campión mundial de 5000 m. Récord europeo en 800 m. cunha marca de 5 e 4. Plusmarquista mundial de 3000 metros, en pista cuberta e ó aire libre.



Todos os anos achegabase a Pardiñas, con outros membros do seu clube, reforzado naquela humildade e sinxeleza que tiña, de saber que todas as probas da vida son importantes, cando un as acomete con dignidade e nobreza. Non facía diferencias entre carreiras ou millas urbanas ou rurais, máis ou menos organizadas, segundo os medios de que dispoñían os convocantes. Agradecía calquer esforzó cun sorriso a flor de pel, e sempre nos agasallaba cunhas pingas de bon humor.

Pardiñas vibraba sempre coa súa tensión e entrega na carreira, porque captaba que aquela participación era o froito dun esforzó en todas as facianas da vida. Non era a aroutada dunha xornada deportiva, era un sinal dalguén que por todos os medios estaba sempre en forma. Podía máis nel a súa colaboración no arrequECEMENTO da proba, que o seu afán competitivo. O traballo en equipo, o sacrificio, a dispoñibilidade para a boa marcha do certame, etc.




## OS LIBROS DO FESTIVAL DE PARDIÑAS

### “Miño, río pai e amigo” de Xosé Otero Canto

por: Roxelio P. Moreira

Somos de conformidade de que a nosa primordial patria é a infancia, que aínda que como idade sempre se nos pasa prontamente tamén sempre se nos queda e vai con nós a onde vaíamos o resto da vida. Dixérao xa Manuel María, poeta nacido en Outeiro de Rei, á beira do Miño: “A infancia é a patria verdadeira, o país puro”. A infancia de Xosé Otero Castro foi tamén ao carón do Miño, onde a Ponte de Outeiro, en Castro de Rei. E xa desde aquelas o Miño acompañao eternamente.

O río Miño neste punto do seu percorrido está na súa adolescencia, no seu tránsito entre a xovialidade e a madurez; ten a frescura da mocidade mais aínda non chega á maioría de idade; nin ten os ímpetus juvenis nin é un cansado río maduro, nin moito menos senil. Mais sí que é un río sereo e sosegado, manseliño e caladiño.



O Miño é a partir de Outeiro de Rei cando cambia o seu carácter. Ata o de agora, en tanto que transcorría polas terras da Chaira, vivía con esa singular calmosidade e vagoriedade, impropia dun curso fluvial no treito da súa primeira andaina; unha singularidade que é moi particular dos ríos galegos. Así que vén no seu percorrido chairego co seu curso divagante e indeciso, sen determinación en impoñer a súa xerarquía e cunha exigüa incisión na súa canle. (Dicía ao respecto Otero Pedrayo que “os ríos da Terra Chá a penas debuxan ribeiras”). Mais, como dicíamos, todo cambia desde este lugar. De aquí en diante o río comenza a incidirse no terreo, a afondarse nunha valgada e a transcorrer polo fondal das pendentes; indo de camiño á cidade de Lugo xa vai excavando un elocuente val fluvial ao pé dos monticelos. E así beirea coa súa cintura de auga a urbe lucense. (Así referenciabao tamén Otero Pedrayo: “O río xa non é o mocillo de aldea... Agora sinte as campás dunha Catedral e pasa baixo a curva imperiosa de arcos romanos”). Augas abaixo da Capital, o río acentuará o seu progresivo encaixamento, á vez que a súa corrente se apura en rápidos só remansándose coas represas dos encoros; e mesmo chegará a afondarse nunha estreita vaganta de empinadas vertentes, cofecida entre Belesar e os Peares como “Canón do Miño”.

Así que cando o Miño pasaba baixo a Ponte de Outeiro, a patria da infancia e da adolescencia do noso autor, o río aínda tamén era e é un adolescente. Aquí as súas augas si son calmas e silandeiras. E, moi apropiadamente, o noso autor refire dun xeito reiterado ese silencio do río, algo tamén reiterativo en cantos poetizaron ou referiron esta parmoniosidade do Miño.

Dinos o autor (páx. 19):

Que caladifo vai ese pai de todos!  
 (...)  
 Que sono inmortal levas contigo!  
 Que silencio na ribeira eterno  
 se move nas túas augas procelosas!

Ou tamén di (pax. 34):

(...) dorme en silencio o río.  
 No fondo... lentitude.  
 Nos remansos... calma.  
 Nos relanzos... tranquilidade,  
 repouso, auga de vagar...  
 no mantel solermiño  
 do río.





Cumpriría aquí lembrar que o silencio sémpre é parte da música, en toda musicalidade; e que unha musical vibración resoa canda o silencio. E, ao igual que acontece cos silencios musicais, que son a pausa necesaria para que haxa harmonía, o silencio outorga acústicas transparencias que acentúan a sonoridade da vida. Nese silandeiro silencio resoa con máis intensidade o concerto da Terra. Por iso que tamén nos resulta tan poético o silencio. Así como o río da infancia segue correndo por nós para todo o resto da vida, o Miño, en paralelo ao noso vivir, é como un longo e inacabable poema. E xa debe saber o noso autor, pois seguro que o tería experimentado, que poetizar o Miño é tarefa para toda a nosa existencia.

O mesmo que xa lle pasara ao Manuel María, como nos ten contado Camilo Gómez Torres: pois o seu “Poema ao Miño” nacera case ao principio da súa obra poética, a mediados do pasado século, coetaneamente ou anteriormente ao seu “Terra Chá”, mais os seus versos inéditos foron medrando cos anos e en silencio, como o do río, ata que finalmente agromaron no seu poemario “O Miño, canle de luz e néboa”, que veu a luz a finais de século, case pechando a súa poética paisaxística. O propio escritor contábanos como o río determinoulle unha impronta vital: “O Miño sempre nos impuxo: nel acatamos, desde vello, unha escura e misteriosa divinidad... Non en van as súas caudalosas augas arrollaron o noso berce, asombraron a nosa infancia, puxéronlle alegre e desbordada música ás poderosas paixós e desasosegos da nosa adolescencia e xuventude e, nos anos da nosa madurez, o seu monótono rumor encheu a nosa melancólica nostalgia”.

Coido que cousa semellante procede aplicarse ao noso autor, a Xosé Otero Canto. Pois para él o río é memoria e profecía, nostalgia e compromiso. Refreio non só como un melancólico regreso á paradisíaca pureza das paisaxes da infancia senón que asemade como un canto paradisíaco actual, que agocha unha mensaxe esperanzada e futurista. Xa que nós pensamos que a ollada idealizada e primorosa da paisaxe en ningún xeito é un bucolismo neutral, en tanto que conleva a visión do ideal, do referente puro, de aquilo polo que comprometerse. Evocar as belezas non supón unha gozosa conformidade con todo; así que, cando fai falta, tamen o poeta nos refire a desesperanza ou a denuncia, cun claro compromiso ecolóxico. Cando se pon reivindicativo chega a pedirlle ao río que salga do seu silencio e exclama: “berra onde as túas ribeiras se inzan de silencios”. Xa que logo, estes poemas conteñen unha mensaxe moral e moralizante.

O autor refírenos o Miño como “silandeira cremalleira de auga”; tamén como “espello da alma chairega”, e asemade como “espiñazo de Galicia”. Chega a dicir “Galicia e ti sodes o mesmo”, considerando pois ao río cun trascendente simbolismo de identidade chairega e galega.

Mais penso así mesmo que neste libro a paisaxe é sobre todo unha escusa, non tanto un fin en si mesma senón que un medio para un fin. E que ten por obxecto o encontro consigo mesmo, co seu intimismo que o sinte consustanciadamente co do Miño. Así que nese seu espazo de evocación poética atópase tamén coa súa propia identidade. Non podo eu falar como crítico literario, que nada sei diso e aquí acompañánnos persoas que na cuestión teñen máis que sobrada sapiencia. O que sí podo dicir é que cando ollei o libro gustoume a primeira vista. Para máis cando pormenoricei nel.

Xunto a ledicia dos poemas do autor, había escollidos fragmentos poéticos doutras relevantes autorías e máis a marabilla das pinturas que o ilustran. Había pouco tempo que eu andivera indagando nos pintores que ao longo dun século representaran o Miño e seus contornos paisaxísticos (desde Corredoira ou Castro Gil ou Julia Minguiñón ata os da nosa xeneración), e atopara obras nunha ducia de artistas, mais de súpeto véxome gratamente sorprendido con case outros tantos que se suman aportando as súas creacións para este libro. É este un fermoso libro que se engade a esa numerosa patria poética da Terra Chá e do Miño. Estas enfeitizantes paisaxes son pródigas en poetas; ningún outro lugar do noso país iguala esta fecundidade poética chairega. Tal vez a propia Chaira teña moito que ver con iso. Podería ser que nesa planura unha persoa en pé ten o horizonte a nivel medio da súa ollada; e así, por ser os horizontes baixos e a cúpula do ceo entón máis imponente, faise máis doada a espiritualización por sentir que a natureza terreal e humana está en humilde sumisión baixo a preeminencia das alturas celestes. Ou quizais sexa que estos amplos e baixos horizontes estenden a mirada e elevan o espírito. Ou ben é que os ollos se pousan máis detidamente no máis próximo, intimando máis con todo; ou mesmo que miran máis cara á nosa intimidade, descubriendo o noso interior e así expresándose mellor a nosa alma... Ou, sinxelamente, é pola amplitude de miras permitida por tan extensa horizontalidade. Ou sexa, por aquilo que tamén poetizara Manuel María: “Cha misteriosa e largacia... un mundo aberto á imaxinación de tódolos ensoñares”.

Xosé Otero Canto e este seu libro xa son unha estrela máis brillando no firmamento poético chairego e do Miño.





## DO CORAZÓN DA TERRA de Luz Campello

Por Pastora Veres Rosende

### Introdución

(Cando me chamou Luz para que fose eu quen a presentase aquí en Guitiriz, pensei o mesmo que o meu veciño Pepe, pero en que problemas me mete a min esta mulleriña!!!. As miñas intervencións públicas sempre estiveron vencelladas á actividade laboral pero non teño experiencia en presentar poetas e menos se a poeta é da casa. Co cal collín papel e bolígrafo e con humildade e detalle redactei este resumo da vida da nova poeta chairega). Do corazón da terra, somos froito ti e máis eu das nosas avoas irmás, nacemos na mesma primavera e ti perezosa agardeite tres días.

Medramos aínda nas corredeiras, a terra cha empezaba paseniño a despertar, no ano 1972 chegaba a Guitiriz Alfredo Iglesias e revolucionou o agro, Alfonso encargouse do social, do cultural, da mocidade, e Paco Rivas foi un auténtico icono da liberdade de expresión no ensino para a nosa xeración.

Reencontrámonos xa mulleres, amigas e colegas de profesión.

Desde a casa que compartimos naquel Ferrol xa reconvertido, cantas noites, cantas conversas, cantas palabras... Aquele pasillo, aquel espello reflexaba unha Luz fermosa que alumeaba a nosa casa.

Aínda podo ver a habitación de detrás, pequeniña e sempre chea de papeis, papeis con poesías, poesías da madriña, de Labrada... Noites de lectura, preguntas, dúbidas, opinións..., prefezo escrita que agora dá a luz.

Atrevida e intrépida, de Labrada a Bombay, esa viaxe a India, sola e con 19 anos, describe tamén con gañas de cofecer esa cultura oriental que hoxe volve á túa vida a través do teu home, José e dos fillos, Pedro e o pequeno emperador Mateo.

Esa cultura que conserva a concepción do home como parte da natureza, e cun enorme poder potencial dentro dun mesmo flúe en ti tanto no aspecto persoal como profesional. Luz estudou Traballo Social na Universidade Complutense de Madrid, á vez que traballaba coidando dunha persoa maior. O seu paso por Madrid serviulle para interiorizar máis naqueles poemas que xa xermolaban. Desde a meseta rememoraba a paisaxe da nenez mediante un exercicio de evocación sobre a propia identidade.

Corría a década dos 80, e aquí en Galicia a sala de festas Atlantic estaba en pleno apoxeo. Maica que se divertía alí coas súas amigas foi afortunada no sorteo dun Seat Panda. Como boa irmá, que o é, compartiu con Luz esta ganancia que detonou en parte o posterior percorrido profesional.

Con cartas da venda do Seat Panda, Luz unha vez máis decidida, idealista pero tamén pragmática, colleu o interral para viaxar por Europa e asistir aos Congressos Mundiais de Traballo Social que se celebraban en Estocolmo e Berlín.





De volta inicia a súa andaina laboral no Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol, se o que buscaban era unha profesional de iniciativa e dinámica acababan de dar con ela. Inicia así a súa loita no ámbito sanitario para que se contemple o lado humano e social. Pon en marcha a primeira iniciativa en Galicia a través da cal se asina un convenio co Ministerio de Defensa para a prestación de obxección de conciencia no marco hospitalario. Estes obxectores coordinados por Luz, cumprían misións dentro dos programas de apoio social destinados ao acompañamento dos pacientes e das súas familias durante a estancia hospitalaria. No ano 1997 aproba a oposición ao SERGAS como traballadora social e atópase con dilema, continuar en Ferrol ou marchar para A Coruña. Ferrol significaba a comodidade, o coñecido, o traballo nun hospital pequeno onde Luz contaba con grande recoñecemento. Unha vez máis tirou para adiante e optou polo cambio e o reto de enfrontarse ao Juan Canalejo, hospital de referencia a nivel provincial e incluso autonómico, cunhas dinámicas de traballo xa preexistentes e unhas estruturas máis rixidas e delimitadas.

Enseguida chega e, non sen atrancos consegue o seu espazo, continúa co programa de obxección de conciencia e céntrase en poñer en marcha un programa de voluntariado no hospital, que supón tamén unha experiencia pioneira en iniciativas de voluntariado e como tal leva o primeiro premio no ano 2001, Ano Internacional do voluntariado. O programa denomínase Saúde Activa e pretende que a sociedade participe a través de diferentes organizacións na vida hospitalaria, abrir o hospital á comunidade.

Participa en diferentes congresos e colabora con diferentes universidades do territorio español, expoñendo esta iniciativa, incluso tamén viaxa a Arxentina a través dun programa europeo co mesmo fin.

Dicir tamén que paralela á súa actividade laboral fixo estudos de Socioloxía e Ciencias Políticas na Universidade da Coruña, formando parte da primeira promoción de licenciados nesta disciplina.

Desde entón a súa vida profesional tamén estivo moi ligada á Universidade colaborando en diferentes temas de investigación no departamento de Socioloxía e ciencia política coa catedrática Amparo Almarcha.

Participou en numerosos congresos e cursos como docente tendo especial querenza nos que ten como alumnado a outros profesionais sanitarios (médicos, enfermeiros...) porque aproveita para sensibilizalos e facerlles ver a importancia que teñen os aspectos sociais e persoais na vida do enfermo.

Ao final do 2002, o Prestige ennegrece as nosas costas, e Luz é chamada pola Conselleira de Sanidade e Servizos Sociais para desenrolar unha tarefa frenética de coordinación e dirección técnica do programa de voluntariado. Tratouse dun traballo técnico probablemente pouco visible pero que foi fundamental na organización dos milleiros de voluntarios que chegan a Galicia no medio dun caos inicial.

Con esta tarefa Luz pon freo a unha animada e prolífica etapa profesional, dá un xiro á súa vida e busca na natureza unha vez máis enerxía. Á través do Camiño de Santiago que percorre ela soa, descubre novas rutas e unha delas foi formar a súa familia.

Segue co seu traballo no hospital no servizo de rehabilitación, ámbito da dependencia e enfermos terminais, traballo que compaxina con este momento fecundo, de fertilidade e de produción tanto no aspecto literario como persoal na súa faceta de nai. Aproveitando que non nos escoita ninguén, e xa para rematar, quero dicirche un cumprido, grazas por espallar tanta felicidade e positividade, grazas polo exemplo que nos deches a todos de superación nos teus momentos máis sombríos, e grazas por seguir aí alumeando, e moitos anos de vida para disfrutarte.

NOVA GALICIA

22.01.2010 | GALICIA HOXE | 1

## Noticia de Luz Campello



MISSEL ANXO  
FERNÁN  
VELLO

**Pilar Pallares Fila  
dunha voz poética  
que gusta de  
enumerar as cousas  
humídes e concretas**

Previamente á súa saída na Biblioteca de Poesía Lusa Nova, voz, situada no formato Puro Voto Melancólico (Caldesiello), o primeiro libro de poemas de Luz Campello, editado pola Fundación Manuel María, Luz Campello é invitada de Ladeira (García) en maio 2005 foi celebrada como xubilación do Centro de Poesía da Imada de súa Centro Galego de Iruña-di-a con libro titulado Músic, que é un inédito. Por iso o libro que acaba de ver a luz e que nos é ofrecido base nos libros -Dormante da-  
tro e a súa imelo -indica un valor extraordinario, pois unha poeta posta da Terra Chá, inglesa, dignísimos, na República das Letras Chaitinas e Gabanas, e fúndese ademais cunha obra primeira que sorprende pola súa densidade e significación, polo seu carácter formal e, en concreto, polo súa madurez expresiva. Éa ben así que Manuel María, o verdadeiro creador simbólico, político e poético de Terra Chá, escriba primeiro en castelán e a súa lección por isto a aparición de Luz Campello, que coiza a "a dices de total, de cuerpo

simétrico" e "a dices de total, de cuerpo simétrico". Pilar Pallares, autora do lema deste "retrato da terra", fala dunha coexistencia que se dá unidade entre a flu e a flu que é a natureza, e terra, a dices na que esta se enuncia, e desliza a nosa poética de Luz Campello un mundo de símbolos superabundantes "no sel de granito da natureza" e unha voz poética que gust de enumerar as cousas humídes e concretas dadas "indicio no máis íntimo" case poéticas ver, tocar, oír". A poesía desta autora sempre cheganos.

en efecto, dunha de seriedade de tempo e dunha particular seriedade -a seriedade de un mundo, materia ou similitudine que nos invade de instantes, percepción e sensación, creado en poe, como letrados, unha espansa imaxinaria e sensible ao seu tempo. Luz Campello entra a formar parte do gran río de líns chaitinas -el Manuel María e Duro, Xobán Caballero, por exemplo -e coa súa voz poética libro que nos entrega acadado a súa entrada á luz e oída na gran poética palabra de home. ■



## No corazón da terra / Homenaxe a Luz Campello

8 de Marzo de 2010. Día da Muller Traballadora

Por Amparo Almarcha Barbado

O corazón é unha “víscera” milagreira. Ten propiedades únicas; é o punto medio entre organismo e espírito. Quence, dá vida e forma ó noso sentir, pero non podemos medir a súa temperatura co termómetro. Felizmente, a súa materialidade decisiva no orgánico, non ten medida no sentir.

Cando intentamos comprender o seu misterio e o relacionamos coa terra, coa natureza na súa máis pura expresión, o noso mundo ampliase, esvaécese, e convertese en algo ilimitado, inexplicable. Pensando en Luz, pensando nesta obra que hoxe temos aquí, nunha forma de sentir dese corazón que cobrou vida, intento comprender a nosa relación, e o que significa o noso mundo, a maneira de sentir e experimentar coa terra, esta terra que a día de hoxe nos une, e nos permite sentir e estar cerca.

O meu sentido da natureza é menos profundo, só os Xardíns do Retiro ou do Xardín Botánico no Madrid da miña nenez, as leves e fugaces visitas á serra cercana, son as miñas pequenas experiencias da terra. A miña comprensión da natureza é pouca, nesta terra galega, na que habito, hai pouco máis de 15 anos. Os meus sonos de nena e os meus recordos lévanme a unha terra algo distinta á de Luz, a dos campos de Castela, moito máis áridos, cun ceo azul máis intenso, cun sol duro, bronco á veces, forte, que queimaba ó mediodía. O noso sol aquí, é galego, é en aparencia tenue, brumoso, aparece coma disfrazado, moi en consonancia cun país que ama o disfraz, e o ensalza ata límites tan significativos.

A terra, esa terra á que quenta o sol, un sol crebado, ás veces doente... Esa terra recibe os seus raios, en aparencia sen tanto brío, de forma máis reservada, con maior suavidade, e esa terra é por elo, dun tono máis intenso, necesita sacar toda a súa cor, todo o seu ardor, para poder sentir ese sol a miúdo bañado pola chuvia. O sol cobra todo o seu significado, cando se escoita e se sente coa auga, no mar, nas beiras bañadas polo azul intenso do océano e o máis suave do ceo, alí onde se unen as líñas de ambos azuis, no infinito.

Esa terra tamén posee un don único, o colorido da herba, os verdes sen dúbida en multitude de tonalidades, mecéndose ó aire nos prados. Tiven poucas ocasións de sentir a herba, deitada boca arriba enriba dela, contaxiada da súa humidade, envolta na súa frescura e o seu olor. Así, pódese sentir o corazón da terra, vibrar co son leve da natureza, coa cabeza e o corazón cerca dese verdor, desa terra, disfrazada de verde.

Sí, tamén as miñas sensacións do ruído da natureza son ben distintas. En contraste coa de Luz, a miña primeira infancia, de persoa de cidade ten un leve contacto coa natureza, aquela serra pedregosa, de matorral baixo, de recendo a pino da Serra de Madrid. Alá, nesa serra, oíanse os insectos, as aves, e mesmo nos pequenos regatos, algunha ra cantarina. Á diferenza das miñas sensacións de entón, un ruído máis forte, máis bronco; mentres nesta paisaxe nosa da Galicia interior ten unha suavidade e un murmurio do vento nas árbores, e ese “mece-mece” do ariño suave do verán ou a primavera; nalgúns casos a auga dos ríos máis rápida, e sobre todo, o baile da auga ó chegar á costa nas praias, inmensas, longas, infinitas.

A terra húmida do mar é difícil de describir, pois cambia a cada instante, non hai un mesmo debuxo en cada ola. A furia da auga rompendo na costa, nesa “Costa da Morte”, ou máis arriba en Fisterra, nesc monumental fin da terra. Ver unha treboada alí enriba, impresiona, e convértese nunha terra suave, nun torbellino. Son moitas as imaxes que se anudan no noso cerebro e no noso corazón á hora de sentir, como Luz, ese latexo do corazón ó lado da terra, xunto ó mar, na montaña.

Sinto que Luz, na aldea, esa Luz xoven, case nena, fai un canto de puro espectáculo nos seus versos. Alá, cando relata na “Aldea de Uzal”, ese sentir “dunha víscera vermella/ aurícula con ventrículo, directamente/ do corazón da terra”, tanto como cando interpreta o mundo vivinte desda terra. Así cando relata: “Gústame velas, as vacas da casa con esa parsimonia/ unha tras outra pola corredoira...”. Como a Luz, no meu caso de forma distante, casi imaxinandoas, a mín tamén me gustaban e me gustan as vacas. Non sei a qué mundo me trasladan, a súa paz, o seu merodeo, o seu lento camiñar, o seu aparente sorriso ó pacer, o remoer máis tarde, o seu bramido tenue. Eran as vacas da miña infancia negras e brancas, con pintas, eran vacas leiteiras, eran “nais” no seu máis amplo sentido, para os nenos da casa que gustábamnos do seu leite, e dese suave manxar daquela “manteiga”, branca e cremosa, untada no pan, co seu pouquiño de azucre por riba, que facía de merenda moitas tardes de verán.

Cuando leo os seus versos sobre as árbores: “Xa se ocn as árbores revolveirse sobre si mesmas/ unha a unha, fan millares/ acordes de follas secas”, recordo ese “bosque animado”, que como poema en prosa líamos na obra de Wenceslao Fernández Flórez, e máis tarde vimos nun vivísimo DVD, de Manolo Gómez, producido en Galicia, por Megatrix, coa colaboración de Antena3 e TV de Galicia. E todo elo lévame, outra vez, a outros bosques, ós da serra madrileña da miña infancia, bosque pechado de pinos nas ladeiras de Cercedilla, na provincia de Madrid.

E de novo a natureza, ó describir o sol, ese astro infinito, impenetrable, calor e corazón da natureza, a veces frío, como describe Luz en “Sol de granito”, e continúa: “gustame velos, os ollos oblicuos do inverno/ nun sol de granito denso./ esa mirada esquiua que semella un adolescente tímido”. E máis tarde a chuvia, ese don da natureza, que sempre me cativou, na miña chegada a esta terra desde o centro e o sur do país, dunha España seca, rota nos solos, e relata Luz: “chove sobre mollado, chove de canto/ e cando a auga apoza microlagoas./ os camiños convértense nas vidreiras máis fermosas”.

Non escatima Luz o seu amor pola música e a pintura, cando dedica os poemas á “catro aldeas de Vivaldi”, describindo o que significan as estacións do ano na terra galega. Aquí, eu sento e vexo, unha Luz, poetisa, moito máis palpitante, máis preto co seu propio corazón ó da terra que canta: “Aldea núa /.../ que me tingues os ollos de cores pardas /.../ Non teñas medo porque me does./ dóesme ata sentir o teu pálpito atribulado”. Sen dúbida, ese volver a sentir a terra propia, segue en tono parecido na: “Aldea trémula de osos de choiva/ de nabais floridos na pel/ e de néboas imperférritas /.../ Podrecerei para ti/ e acabarei sendo materia orgánica/ que te alimente./ por fin, serei en ti”, e de igual xeito súplica na “aldea núbil, que me procuras./ non me abandones...”, e acaba rendida na “Aldea preñada”, “filla do sol e da luz/ levo marcado a lume o teu estigma imborrable/ en cada músculo que me sustenta”.

Nesas, as súas propias palabras, palpitations do seu propio corazón, mirando ó da terra, Luz logra o seu obxectivo: contaxiarnos esa maxia da natureza, para levarnos coa súa pluma, con gran vigor e con cuidadoso capricho, cara esas entrañas duras, en aparencia, da terra que pisamos.

Amparo Almarcha Barbado, Socióloga



## UN LIBRO QUE MARCA ÉPOCA NA LITERATURA

Emilia Pardo Bazán e a poesía romántica.

### *Estudo, selección e edición da súa produción lírica* por Yago Rodríguez Yáñez

LIMIAR  
de Darío Xohán Cabana

Agora temos, grazas á ilustrada paciencia e ó bo facer de Yago Rodríguez Yáñez, a visión conxunta, precisa e acabada da obra en verso de Emilia Pardo Bazán, aquela señora de rico berce que a cabalo do 1900 encheu medio século de literatura e polémica. Con ilustrada paciencia monacal, o irmán Yago transcribiu rigorosamente dende os orixinais manuscritos ou impresos os moitos versos da condessa. Con bo facer e con rigor, o Doutor Rodríguez Yáñez proporciónanos o detalle minúsculo, a precisión comparatista, pero tamén a visión de conxunto, analizando polo miúdo unha obra en verso que, alén do seu valor estético, reviste un interese histórico de primeira orde. E ninguén mellor ca Yago Rodríguez Yáñez para este labor: poeta el mesmo, políglota profundo, especialista grande no Romanticismo europeo, doutorado cum laude por unha tese sobre John Keats, ten na punta dos dedos todas as referencias literarias que operaron na conformación da Pardo Bazán como escritora, e sobre todo como escritora en verso: Byron, Heine, Leopardi, Nerval, Espronceda... Yago xoga na casa neste partido, digo neste libro, e iso nótaselle moi agradablemente no longo e circunstanciado prólogo onde aparece moito ben o universo literario español do XIX e o seu esterco alemán, inglés, francés, italiano, que era daquela o gran fertilizante das letras do mundo.

Heinrich Heine... Moito nos gusta a nós saber o longo trato da Pardo Bazán con Heine, ora nas traducións francesas de Nerval, ora nas excelentes versións castelás de Teodor Llorente, ora no seu alemán orixinal. E tamén nos agrada ver a curiosa relación literaria entre Pondal e dona Emilia, na que sempre quixemos sospeitar –probablemente sen razón– algo máis ca unha mutua admiración intelectual... Mais o lector entrará sen necesidade de eu guialo neste libro: un libro que ten o cheiro encantador do proceso creativo, ese recendo do taxexo previo tan penetrante nos borradores que, si tamén, transcribe o Yago. Nada máis lindo para un letraferido ca atopar un poema en versión definitiva precedido por dous borradores en diferentes graos de elaboración, e mesmo duns apuntes que apenas son outra cousa ca un esquema de rimas e de ideas aínda en embrión. E ben pouco importa que ese poema sexa, por exemplo, unha xoia do reaccionarismo como é *En el Lago Léman*; o que realmente nos seduce é asistirmos ás “vergoñas” do proceso creativo con esa curiosidade un pouco malsá, case pornográfica, por vermos a gana de dicir e non saber que dicir, por sentirmos a vacilación da frase, o tinteio das rimas, a futilidade ou a mesma torpeza que humaniza a dureza diamantina da obra xa acabada, canónica.


Naturalmente, parte dos poemas, traducións ou probas previas de poesía e tradución que aquí se recollen carecen de valor literario; pero é iso precisamente o que fai máis valioso este libro que non só clasifica, andelifica e historifica a obra en verso da Pardo Bazán, senón que nos presenta unha imaxe moito máis humana, menos soberbia, máis fráxil, daquel carácter forte que tan esmagadoramente se impuxo ós seus contemporáneos. E apuntarei dúas cousas que a min me chaman moito especialmente a atención. Unha delas é que os mellores versos da Pardo Bazán sexan –para min, xaora– os que escribiu imitando a Campoamor; outra, que aquela que se constituíu, e aínda se constitúe, en símbolo feminista –ou polo menos dun certo feminismo– adopte tantísimas veces nos seus poemas unha voz inequivocamente, expresamente masculina.

Beizón, querido Yago, por tanto bo traballo: a erudición minuciosa, a agudeza crítica, a visión histórica da literatura, fan do teu libro un verdadeiro agasallo.

*Darío Xohán Cabana*



Yago Rodríguez Viqueiro (1911-1980), licenciado en Filología Clásica, foi un dos principais investigadores da poesía romántica en Galicia. Foi profesor de Literatura Clásica na UCA de Sevilla e na UCA de Córdoba. Foi membro do Consello de Redacción da revista "Estudios Gallegos" e da revista "Estudios de Filología Clásica". Foi autor de numerosos estudos sobre a poesía romántica en Galicia, especialmente sobre a poesía de Rosalía de Castro e a poesía de Emilia Pardo Bazán. Foi membro do Consello de Redacción da revista "Estudios Gallegos" e da revista "Estudios de Filología Clásica".



**Emilia Pardo Bazán e a poesía romántica**

A análise, comentario e edición das obras poéticas de Emilia Pardo Bazán.

Yago Rodríguez Viqueiro



Esta obra ofrece unha análise detallada da poesía romántica de Emilia Pardo Bazán, desde os seus primeiros poemas até os seus últimos. O autor analiza a evolución da poesía de Emilia Pardo Bazán, desde a súa etapa neoclásica até a súa etapa romántica. A obra é un valioso instrumento de investigación para os estudantes de Literatura Clásica e de Filología Clásica.

Esta obra ofrece un valioso instrumento de investigación para os estudantes de Literatura Clásica e de Filología Clásica. A obra é un valioso instrumento de investigación para os estudantes de Literatura Clásica e de Filología Clásica.



Hai tempo que a xente de Xermolos matina nos na necesidade de ter presenza en internet, xa que nos percatamos da importancia que ten a rede de redes para darnos a cofecer ó resto do mundo. Foi desta inquedaanza que xurdiu a web , para por a disposición dos usuarios de internet as nosas novidades, así como textos e arquivos multimedia sobre a historia da asociación.

A web ten un bo funcionamento na actualidade, e permanece constantemente actualizada por xente da asociación e cun bo ritmo de visitas, sobre todo cando hai novidades e cando se aproximan as datas do Festival.

Durante este último ano, e seguindo a novidade das redes sociais, un rapaz da asociación creou un sitio en Facebook adicado ó Festival de Pardiñas. Alí podemos seguir as novidades do Festival, as inquedaanzas da xente que acude ó mesmo, as dúbidas do que está a vir por primeira vez, ver os carteis, as sensacións arredor do último festival, as opinións con respecto ós grupos que van a facer festa en Pardiñas, colgar e ver fotografías de edicións anteriores , vídeos... E todo isto, cunha grande participación por parte dos usuarios, que son os que lle dan a vida a esta páxina ó igual que ó Festival. Este lugar en Facebook axiña acadou os 2500 amigos e agardamos que esta cifra aumente axiña que pase o Festival deste ano.

Vexamos agora unha pequena escolma dos moitos comentarios e fotografías que deixan os usuarios que nos visitan da rede social:





**Kiko Roca Pardiñas** e moito mais que un festival de folk, moito mais que un finde para beber, moito mais que un sitio para acampar coa tua xente, moito mais que...

02 Xuño ás 22:38 · Comentar · Xa non me gusta · Inapropiado



**Adrián Fernández** A mellor feira de artesanía e de instrumentos musicais en venta que vin... :) e ademais ven Alalé boisimosiii entre outros... non o perdoiii :)

11 Xuño ás 3:10 · Comentar · Gústame · Inapropiado



**Flor Santamaría Cabado** Todavía recuerdo el primer festival en el año 1979. Toda la chavalada que por aquel entonces íbamos por la biblioteca de Guitiriz ayudamos vendiendo por todo el pueblo las primeras pegatinas del festival. Y el calor que pasamos el domingo por la mañana dentro de aquellos cabezudos. Un saludo muy especial a toda la chavalada del 79 y sobretodo a Alfonso que gracias a él este FESTIVAL EXISTE.



**Julia Sebelon** NON SON DE PARDIÑAS PERO A LEVO DENTRO,MAIS DE 30 ANOS VIVINDO PARDIÑASISOBERBIO TRAER ÓS SUECOS NO 2009IAPERTAS A TOD@S OS SEGUIDORES/AS DO FESTIVAL:)

25 Maio ás 18:56 · Comentar · Gústame · Inapropiado



**Manuel López Martínez** Ondiñas veñen e van non tevaías de Pardiñas que te tes que emborrachar

21 Maio ás 20:16 · Gústame · Inapropiado



**María Sammartín Calvo** Levo indo o festival dende moi pequena e agora teño corenta. x iba cos meus pais, xa que antes, que son de Aranga do concello que esta pegado o de Guitiriz. daquela era máis una romería familiar, que se pasaba moi ben, pero agora segue sendo una tremenda festa. Non concibira un ano sen o festival de Pardiñas.¡QUE NON NOS FALTE!

19 Maio ás 13:26 · Comentar · Gústame · Inapropiado



**María Barreiro** Viva Pardiñas!o festival mais autentico Noraboal!

10 Maio ás 23:34 · Comentar · Xa non me gusta · Inapropiado

**Tamén temos presenza na rede social Tuenti, con un par de sitios adicados á Asociación e outro ó Festival de Pardiñas, onde tamén se moven unha boa cantidade de seguidores.**

**Por : José Antonio Arias Rodríguez**





## O ESPIRITO DE PARDIÑAS

O KUKO

Pardiñas non son só dous días, ou unha acampada alongada no clima do verán.

A maxia de Pardiñas vívese en todas as estacións, así o senten as e os decoradores dos establecementos, Disco-bar Kuko e Bar Rua, que os ambientaron con panorámicas do festival, ou fan historia con carteis de edicións anteriores... Saben que o seu zume embarga cada tempo do ano, inverno ou primavera, contaxiandonos da amizade, ledicia, troula, que achega cada ano, porque este acontecemento, non se improvisa no seu momento puntual, é o froito dunha andadura, sen lindes nin fronteiras no tempo e no espazo...



## O RUA

Pardiñas é un mar de sensacións que asulaga a rutina e a inercia de todo o ano, convidándonos a ficar nestas illas de ensoño, que son os nosos encontros cotiáns no Bar Kuko ou no Bar Rua... Ó abeiro deles seguimos inzando no espírito do festival: creatividade, solidariedade, festa. Porque o seu caudal anega o individualismo e a superficialidade, e rega novos horizontes e ronseis de saúde, compañeirismo, enerxía, etc., que nos axudan a facer camiño cada día.

Coma regueiros que sucana a nosa paisaxe e paisanaxe, as vibracións xeradas nesta festa, alórganse con lentura na maxia destas cores e formas que nos cativan cada vez que nos atopamos nestes ambientes marcados pola paixón de Pardiñas.

A memoria do festival, concentrada nos carteis e multiplicada nas e nos festivaleiros, lánzanos cada encontro, a novas aventuras capaces de axitarnos e facernos soñar con máis vida e amizade. O novo Bar Rúa ofrece terraza, música ambiente, menús ecolóxicos..., que vai ser espazo de encontro para escoitar música nas noites de pardiñas, as do Festival e as outras do ano.

O deseñador foi Oscar Rama, na foto, dende o seu Taller de Ideas, onde achega ideas, iniciativas, creatividade, para calquera obra nova ou de restauración... Ten feito dende un traxe de música, ata un pozo que fala. Ten traballado para museos, casas da ciencia, centros interpretativos, etc.





Por un siareiro de Xermolos, coa cámara ó lombo

Xermolos participou en **123 actos** dende o Festival do 2009, en toda Galicia... Tanto feiras e romaxes, nas que Lino e Santi, na foto, van ofrecendo as publicacións, para poder coñecerlas e adquirilas, coma charlas e relatorios, que adoita manter o noso vocceiro, Alfonso, ou colaboracións en congresos, campañas de sensibilización, etc. Un dos que seguimos esta andadura, ás veces, demasiado intensa, queremos compartirla con vós outros, porque é un xeito de dar a coñecer as encas e o traballo cotián deste colectivo. Por outra banda, a Casa das Palabras, coma imos ver, é centro de xuntanzas de plataformas que unen asociacións de toda Galiza.

## 1) No ANO DO LIBRO, as publicacións de Xermolos arrequecen todas as comarcas e cidades.

Xa no mes de Nadal, demos a saída no que está a converterse nunha longa carreira, que nos leva de etapa en etapa, por todo o país. Fomos convidados a EXPOURENSE e a ÁCHEGARTE, en Ourense e A Coruña, respectivamente. Dous certames, con distinta vocación, pero nos que Xermolos é unha excepción pola febreza dos nosos medios, e pola dignidade coa que representamos o asociacionismo de base. Pero os nosos libros, agueridos, sen complexos, sentíanse á par que todos aqueles produtos que estaban a expoñerse nestes escaparates xigantes das dúas cidades

### Os preferidos, para a estrea dun curso e dun centro cultural

A seguinte etapa tamén foi engaiolante, escolléronnos coma padriños, ou mesmo pais-nais de novas criaturas ou iniciativas, e alf estivemos. Xa pasado o iceberg, a tempada punta do comercio navideño, comezamos un ano con novos obxectivos. Co ano novo, os libros de Xermolos tamén serviron para inaugurar novas singraduras. O 15 de xaneiro, inaugurábase a Aula Cultural FORUM DEZAÉ de LALIN, no polígono industrial "Pontiñas Centro Cultural e de Ocio" coa presentación de *Mato sono io... (Eu son o tolo)*. Alí estaba toda a comarca do Deza, co seu alcalde, Xosé Crespo... Dende o industrial da moda, Florentino, e os artistas do Deza, ata o alcalde de Paradela. O primeiro acto desta aula, na mesma festa da súa apertura, foi a presentación do noso libro.

Cinco días despois, o 20, iniciábase un novo curso de Poesía, en Culleredo, coa presentación na BIBLIOTECA DE POESÍA UXIO NOVONEYRA de CULLEREDO, doutro libro que publicamos con moito agarimo, *Do corazón da terra* de Luz Campello, de Labrada, que principara a escribir en Xermolos, na súa primeira mocidade. Presidido polo Concelleiro de Cultura, e coa asistencia de escritores coma Pilar Pallarés, autora do prólogo, Miguel Anxo Fernán-Vello, que achega nesta revista un artigo seu no xornal Galicia Hoxe, e outros.

### A primavera abrollon en novos libros

Presentamos en Lugo e A Pastoriza *O Miño, río, pai e amigo* de Xosé Otero Canto Presentamos na Aula Caixa Galicia de A Coruña e na Casa Habancera de Guitiriz, *Do corazón da terra* de Luz Campello.

Este ano decidimos levar os libros á rua, a feiras e romaxes culturais. Estivemos na IV Feira da Artesanía do Ferro de Riotorto, na Feira do Queixo da Ulloa en Antas de Ulla, na Feira de Artesanía de Outeiro de Rei, na foto, na Festa dos 70 anos da República galega en Cerceda, na Feira de Pacios,

na Feira da Cantaría e dos Callos de Parga, na Feira da Artesanía de Rubián, na foto, no Oenach Atlántico e Mostra de Artesanía en Sedes-Narón... E continuaremos esta xeira todo o ano.

Lino e Santi, están a difundir as nosas publicacións por todo o país. Estamos convencidos de que ese intercambio na rúa, crea un fluxo creativo entre os autores e o público. Mesmo un contacto físico que permite acariciar os libros, e folicalos por dentro, para captar o seu recendo, a súa música, o seu tacto. Marabilloumos poder levar os nosos libros sobre Manuel María, preto do Miño, ou o caderno sobre o alfareiro de Bonxe... Ou que os de Riotorto coñeceran o noso caderno sobre ese creador e ferreiro novo que é Fernando Salgado, o seu paisano. Permitimos que o libro dos canteiros, que naceu en Parga, pola iniciativa das Brigadas Chairegas, volvese ó seu berce, e tivese tan boa acollida. Para Xermolos, os libros son seres vivos que agradecen estas atencións.

\*\*\*\*\*





Facéndose eco desta celebración do libro, o 1 de decembro, Alfonso Blanco publicaba, no especial A CHAIRA, dos martes de El Progreso, este artigo:

### NACIDOS DA TERRA

Sorprende a insistencia coa que institucións afastadas dunha Asociación Cultural, coma os empresarios de Expourensense ou o Concello de A Coruña, convidan a Xermolos a levar ao 10º Salón da Xuventude e a Achegarte, que se celebran arestora, as súas publicacións, sabendo de onde vimos, da precariedade dun colectivo da Galiza interior. Pero, sen dúbida, esta é a razón. Somos capaces de ter unha literatura e unhas artes propias, que provocan o interese doutras comarcas. A entidade de Guitiriz, apurou toda a imaxinación, para ofrecer novidades, unha mostra de que a creación nestes eidos non coñece ocaso, nin fases de escuridade. Non esquecen os anos de participación en Megaxove de Ourense e na Feira do Libro de A Coruña e doutras cidades, e non poden fallar ás expectativas das e dos lectores, que cando chega o outono, buscan alí ese sentir da terra, que caracteriza ás letras chairegas. Na fin de semana, en A Coruña, puideron ollar por primeira vez, obras que transmiten a comunión coa natureza: a guía da "Rota da Cova da Serpe", ilustrada e trazada por Xavier Varela, ou o poemario "Do corazón da terra" de Luz Campello, moza de Guitiriz, que construíu os primeiros textos na Revista Xermolos, na adolescencia. Acaen estes versos co xeito da nosa lírica: promocionar con emoción estética a paisaxe do berce. Xosé Otero dedica a súa colleita ao Pai dos ríos: "Miño, río pai e amigo", dende a Ponte do Outeiro de Castro. Ilustrada coa paixón de 13 creadores, que axudan a sentilo con máis beleza. Deleitáronse co cesteiro Domingo Río, tecendo esa vexetación. Un Caderno, que valora a transmisión desta sabedoría e aprezo pola natureza aos máis novos, proxectado e feito por un mozo que está a aprender este oficio. Xa facendo memoria dos bos e xenerosos, Xermolos publica un Guieiro dedicado ao investigador e escritor, Pérez Prado, chairego, que morreu hai semanas en Bos Aires. Durante anos foi o médico do Centro Galego, e atendía a moitas/os paisanos que sufrían de nostalxia, afastados do terrón pola emigración. A Terra Nai multiplicase e enxergase, a cito nesta escrita, cunha forza expresiva que axuda a facer camiño. Non hai mellor compañeiro e amigo de andadura, ca un libro, e ¡coa que nos vén enriba!, co furacán da publicidade do Nadal. Alfonso Blanco Torrado

#### E así, ata remates do ano

Imos participar en acontecementos culturais, feiras e festas, achegando as nosas publicacións, pois queremos coroar o Ano do Libro, coa mesma intensidade coa que principiamos esta camiñada.



## 2.- Na defensa da nosa identidade chairega: a paisaxe, o territorio, os nosos recursos agrogandeiros.

Xa é ben probado o compromiso de Xermolos coa nosa comarca. Non só espallando teorías, escrita..., tamén mergullándonos nos seus problemas máis reais. Por iso, estamos a denunciar, con outros colectivos, a desfeita que supón a apertura de minas de seixo, na Pastoriza, Castro, Cospeito, etc. Mesmo as xuntanzas destas asociacións, e de persoas comprometidas coa Chaira, teñen

lugar na Casa das Palabras de Guitiriz. O día 22 de maio, tivo lugar en Moimenta, no recinto feiral, un acto de rexeitamento, coa participación de grupos de música, escritores, etc. Un deles, Alfonso, dixo entre outras cousas:



# XORNADA CONTRA A EXPLOTACIÓN DO SEIXO DA TERRA CHÁ

**muimenta**  
recinto feiral  
**22 MAIO**  
16:00 H  
ENTRADA GRATUITA

**16:00**

**Acto informativo  
e rolda de preguntas**

con xuristas, técnicos e  
representantes da comisión

**17:00**

**Actos culturais**

**Encontro**

Alfonso Blanco Torrado, Xabier Cordal, Dario Xohan Cabana,  
Margarita Ledo Andión, Xabier Docampo, Paco Martín, Marica Campo  
Fernán Vello, Xesús Rábade Paredes

**Amenizado coa música de**

Caivanca, Nove Ferreñas e Leña Verde (Pol)

**21:00**

**Festival-Concerto**

**Ruxe Ruxe**

**García Mc**

**Zenzar**

(Dios ke te crew)

**De Perfil**

**Banda Potemkin**



teremos comida para cando aprete a fame

## CONTRA AS MINAS DO SEIXO NA CHAIRA

Estamos a ter en Moimenta, un acto de afirmación do noso compromiso total coa terra que nos deron coma herdo, que non queremos deixar arrasar, acoitelar, devastar... Non imos permitir que nos rouben a esencia do chan que pisamos, o seixo, agochando este atentado, cunha alfombra ou xardín idílico, coma si nada pasase. A Terra Nai, os nosos devanceiros, obríganos, a pornos en pé, e a defender o que se foi construíndo e formando durante miles de anos: as veas, as fibras, o sangue desta terra que alimenta a nosa vida e a das criaturas que conviven con nós, concentrada neste seixo que nos queran arrebatar.

Rebelámonos porque nos quitan a vida. Estamos feitos de terra, por iso facemos esta defensa apaixonada da natureza. A palabra e a música das e dos nosos creadores refugan o simple bucolismo, e inciden cunha intelixencia emocional no noso territorio, e intérpretanlo con categorías sociais e históricas, indagando na súa formación e realización, coma un marco diferente tan concreto, coma é a Chaira. Non se quedan na tona, mergúllanse no seu ser característico, coma un espazo humanizado e vivificado no tempo, que reborda cores, recendos, músicas con identidade, si somos capaces de comunicarnos con el.

Este recoñecerse parte da terra que se nos dá, crea un sentimento de sinceridade, de harmonía con todas as criaturas: a nosa cultura labrega, nun diálogo íntimo, afeitos a comunicarnos e falar coas árbores, os penedos, a chuva, os paxaros, as frores... A paisaxe ten a súa vida, o seu mundo, que adoita transmitir aos que coma nós hoxe, queremos empatar con ela. A natureza alimenta esa "tensión interior que aníña nos chairegos", a xuízo do poeta Rábade Paredes, nacido neste concello ameazado polas minas.

Manuel María, sintetizaba esta experiencia: "Entendemos que un ser humano é, en esencia, un anaco de paisaxe posto en pé e camiñando".

Esta asimilación dos elementos da Terra, non fai máis ca crear un mundo máis solidario, ecolóxico, participativo, que estamos a reivindicar nesta tarde. Emporiso, o territorio de un, a paisaxe, non é un solar ou un escenario dos acontecementos, nin un soporte para que os seus habitantes fagan e desfagan, ao seu antoxo.

A xeografía condiona a interpretación da vida. Construímos un territorio, en harmonía, cos nosos regatos e ríos, vagarosos e doces, que ás veces, coma hoxe nós aquí, se alporizan con enchentas, porque os humanos enturbamos o seu leito e, polo tanto, as nosas raíces sentimentais. A paisaxe produce sosego, paz, ou, pola contra, sufrimento, desazón... As minas, aniquilan a saúde da paisaxe, pero tamén dos que nos nutrimos con ela, **minando** o noso equilibrio coma habitantes deste medio.

A escrita e a música chairegas, xa na ditadura, cumpriron cun servizo do que seguimos beneficiándonos hoxe, denunciando as tropelias. Adiantándose ao ecoloxismo e aos programas políticos. É verdade que a terra endexamais foi tan aniquilada, pero tampouco soaron tantas alarmas como agora, para a súa conservación, mesmo por razóns económicas coma o turismo. Non só cómpre conservar paisaxes excepcionais, monumentais, tamén hai que usar criterios fieis á identidade, para fornecer coa paisaxe axeitada as novas ordenacións do territorio. Non hai espazos exclusivamente naturais, son humanizados ou cultivados, definindo realidades distintas. Dende o principio, queremos asentar que non concibimos o noso entorno, sen a súa dimensión cultural: unha paisaxe labrega, que mide o tempo polas labores agrícolas. Que fai festa, segundo o ritmo das sementeiras e das colleitas.

Hai unha identificación total das e dos habitantes da Chaira coa Terra que os xerou, non coma un elemento estraño, allico, senón sentíndoa coma a súa propia sustancia. Froito, quizais, desa ligazón rexa, que dende hai milenios, uniu esta Terra Chá coa poboación que a foi cultivando e conservando.

Sentímolos, como ese regazo que nos dá a oportunidade da vida. Endexamais coma unha paisaxe de fondo. A Terra é a que nos conforma coma persoas e creadores, e vai sempre con nos.



Pola contra, a paisaxe ferida, polas canteiras, crea voces e olladas de alarma. Coma escribiu Darío Xohán Cabana, outro dos bardos desta terra magoada, que hoxe non acompaña, en "O poema por amor", que está a cantar A Quenlla:

"Por amor, nacín na terra,  
por amor, son o que son,  
por amor, canto o mellor cantar  
por amor, só por amor".

A terra, o noso solo, é para nosoutros un ser vivo, con sentimentos, semellantes aos nosos, que non só nos sustenta e alimenta, mentres camiñamos por ela, tamén, nos deleita coa súa música, cores, laios, placidez. E hoxe sentimola rebelarse, ferida, acoitelada, contra esta desfeita que nos ameaza, coma transmite Manuel María:

"A voz da terra é cla mesma. Unha dor  
que non lle cabe na alma nin no peito  
e agroma en arbre, en ave, en carpaza.  
faise mar e río cando quere chorar...".

Refugamos unha natureza amestrada, manipulada por criterios utilitarios. Non se pode esquecer a construción social da paisaxe, pero tampouco se poden deturpar os seus movementos naturais, para atender ás necesidades económicas.

As e os labregos abren a terra coma unha "ferida" que sangra, pero que dá vida. O arado é o símbolo da inspiración dos escritores. "Ferve o grau, pulo enterrado". Porque a terra ten alma, e sanga cando sofre na súa carne a contaminación, o desarraigo e a despoboación, a emigración, as estruturas irracionais, estas fendas que son as minas, etc.

As/os chairegos somos intrépidos, non perdemos os folgos, a pesar, de que o traballo ás veces non é doado. Pero, sempre se abre unha raiola, un horizonte por diante, que nos ánima, que nos convida a camiñar, sen perder a calma. A Chaira é unha paisaxe positiva que axuda a osixenar a mente e o corpo, que rega o espírito contra o fatalismo. Sabemos arrincarlle ao contorno ese zume.

Queremos que a Chaira só se converta nunha canteira de beleza, de traballo, de creatividade, non de lixo. Noraboa a todas e todos por esta vontade de legar ás nosas fillas/os, unha terra máis propicia. Por iso, soñamos con Iglesia Alvaríño:

Veigas de Moimenta os poltros novos  
correrán entre a i-erba e o restoballo  
das froles, que lles chegan ó fuciño.

Por tóda-las veredas  
haberá unha rodada de rapaces,  
argallando nos cómaros, ó sol.

E no medio dos trigos  
han de nacer brazadas de cantares  
para encher de alegría  
as cambeleiras orfas desta hora.





### **3.- O noso coordinador elixido Presidente da Universidade Rural Galega**

Xermolos foi unha das asociacións fundadora da Universidade Rural Galega, xunto con outras de todo o país. Mesmo algunhas das súas xuntanzas primeiras tiveron lugar na nosa Casa das Palabras. Agora o noso coordinador, Alfonso Blanco, ven de ser elixido presidente da URG. Están traballando pola recolleita dos nosos saberes de sempre. Coma nos últimos festivais, van estar espallando os seus obxectivos neste certame. A súa actual directiva, na foto, é un reflexo da pluralidade de horizontes da URG: Presidente: Alfonso Blanco Torrado (Xermolos). \*Vicepresidenta: Ermitas (Preescolar na Casa), \*Secretario: Carlos Figueroa Boedo (Socio a título persoal de Rois-Santiago), \*Vicesecretario: José Yáñez Basanta (Amigos do Patrimonio de Castroverde), \*Tesoureiro: Eloi Davila González (gandeiro de Ourense, Socio a título persoal). \*Vocais: Vanesa García Teijido (Zoca Miñoca), Ramiro Martínez Carballosa (C.D.R. Ancares) e Aurora Besteiro (Colectivo Pedagóxico Estiño).



#### 4.- Na loita pola recuperación da MEMORIA HISTÓRICA das e dos que están soterrados nas fosas desta comarca.

Hai varios anos que Xermolos, se uniu a esta loita. No primeiro sábado de xuño, houbo un acto na Casa das Palabras, espazo das xuntanzas da Comisión da Memoria Histórica de A Coruña e doutras vilas. Un dos que falaron foi Alfonso Blanco, que transmitiu a súa experiencia de cómo naceu a esta teima, como fixera unhas semanas antes, na rolda de prensa na Casa de Casares Quiroga, de A Coruña, e foi moi claro: "Certo, que dende que apareceu nos medios, a miña implicación nesta iniciativa de sensibilización, algunhas persoas, un tanto sobresaltadas, abordaronme con interrogantes insidiosos: ¿... é que queredes, desenterrar ós mortos? Xa tiveron oportunidade de explicarme, cos que me escoitaron dun xeito voluntario e libre, e puiden explicar por que me entreguei a esta causa, para min, da máxima xustiza. Sensíbel á ignominia que cubría cunha lousa de silencio a vida e a morte de tantas persoas. Son dos que predico que o importante é a vida, e fun descubriendo que detrás de cada unha destas persoas, asasinadas e arroxadas ás cunetas, case sempre anónimas, hai unha existencia exemplar, entregada, rebordando xenerosidade e solidariedade...

Este sentimento reforzouse ó principiar o meu traballo en Santa Mariña. Xa escoitara falar de que no seu adro, soterraran a uns homes, que asasinaran na cuneta e no monte proximo á antiga vía A Coruña-Madrid. Preguntei, na primeira ocasión, o lugar exacto do enterramento, e endexamais me esquecerei... Aqueles homes "descoñecidos", como adoitan dicir nas partidas de defunción dos rexistros, foron convertendose para min, nunhas persoas que convivían con nosoutros en Santa Mariña, a cotío, nos días da festa parroquial, nas xornadas de loito, nas celebracións... Porque fican no mesmo eixe fundacional e significativo da nosa parroquia, nese espazo sagrado que é todo o conxunto: a igrexa, o cruceiro, o campo da festa, o adro, o cemiterio..., agora a rectoral, espazo de xuntanzas, formación e lecer.

#### Peor aínda é o esquecemento

Alí están eles, en silencio, mentres nos barullamos tanto, pero tamén sufrimos a separación das nosas e dos nosos. Non esquecemos que eles tamén teñen a súa propia familia. E ata aprendimos que a morte é algo natural, a deles non foi... Pero aínda é peor o esquecemento das persoas, por iso agora queremos loitar contra el.

De feito, as palabras de Castelao, tamén cobran forza nestes cidadáns que agora comparten a nosa mesma paisaxe: "Non enterraron cadáveres, enterraron semente".

Aínda hoxe, nesta xornada dedicada a achegarnos ás fosas de Santa Mariña e Aranga, sentín a mesma acusación, que se repite, sobre todo, olladas retortas. Algo así, como que fai un crego en todo este asunto...?

Son dos que penso que hai que arrincar o zume de cada xornada. É unha oportunidade que nos dan, acotío, que fai medrar as persoas e ós pobos. E hoxe é a vespера da celebración do Corpo de Cristo, o Corpus, que vivimos con agarimo en Santa Mariña, por iso, lembro aquelas palabras dun pensador católico, no 1937, J. Maritain: "É un sacrilexio terrible asasinar a cregos -aínda que foran fascistas, son ministros de Cristo-, por odio á relixión; e é un sacrilexio igual de arrepante, asasinar aos pobres -aínda que foran marxistas, son corpo de Cristo- no nome da relixión".

Mañá é tamén a xornada da caridade, e matino que é unha obra de xustiza e caridade, recuperar a memoria destas persoas que deron a súa vida por un mundo en liberdade



Debuxos de Xan Amil







Vivir esta emoción en Santa Mariña sempre motivou a miña vida. Lembro o primeiro día de traballo, nesta parroquia, foi o enterro do Señor Manuel da Casa de Labrada de Corvite, un día frío, chuvioso de novembro, o mes de Santos... Era a primeira vez que pisaba este cemiterio, e preguntéille ó sancristán o espazo no que estaban soterrados aqueles homes asasinados, e a invocación naquel día de defunto, extendeuse tamén a todos eles. E así dende aquela, xa eran uns veciños máis. E todos os anos por Santos, eles tamén están na nosa xuntanza comunitaria.

Naquela estrea asulaguéime nunha marea de lembranzas, coma a auga que batía nos nosos rostros... Tamén foi a primeira vez que subín a Corvite. Que tiña gravado na miña memoria, coma a aldea onde sorprenderon ós Irmáns da Lexía, uns líderes da cidade de A Coruña, despois axusticiados polos asaltantes, dos que algún veciño me falara coma unhas persoas con coraxe, voces fortes e altas, coma os chorros de auga que estaban a caer sobre nós. Eu matínaba en todo isto, naquel longo percorrido co veciño defunto.

Era o primeiro día en Santa Mariña, tivemos que facer coma uns pasos, para poder chegar á Igrexa, pola moita auga que corría por aquela veiga na que se asenta a igrexa. Comezaba un longo proceso de concienciación de que formámbamos unha comunidade nunha paisaxe diferente. O entorno da Igrexa estaba moi deteriorado, as paredes da rectoral en ruínas, asemellaba que estabamos a fundirnos na lama... Foron anos de recuperación do noso patrimonio, as nosas raíces... Aquela auga que zumaba o solo da igrexa, aprendín que procedía dunha fonte, debaixo do altar, e daquela tupida polo lixo.

#### Traballaban por unha sociedade libre

Na miña tensión interior, naquela conciencia asolagada, fun saíndo a flote, agarrándome á paixón daqueles que dran a vida por unha causa tan nobre... Os mozos da Lexía, como cantan os libros de historia, e os outros, ós que nos gustaría cofecer os seus nomes e historia, traballaban pola democratización da política nun sentido auténtico. Viviana dende a sinceridade das súas vidas, sen caretas nin farsas, por iso deron a súa vida. Coma cantou Miguel Hernández do que celebramos o centenario, ou Luís Pimentel, Claudio Rodríguez Fer, Carmen Blanco, temos a obriga moral de buscar nas cunetas "a xente que perdemos", aínda hoxe 70 anos despois.

#### No Cemiterio de Santa Mariña

Ó sábado seguinte, o 12 de xuño, ante xente de varios puntos de A Coruña e Lugo, Alfonso falou no cemiterio de Santa Mariña, tamén interviron dous veciños, Xaime Vazquez Vila e Antonio Rivera Porto, testemuñas daqueles anos arripantes. Fíxose unha oferta de flores no lugar onde foron soterrados, na foto. Alfonso explicou "como a parroquia levaba anos traballando pola recuperación e posta en cofecemento do seu patrimonio e da súa historia, como podía percibirse ó seu arredor: adro, cemiterio, rectoral, igrexa... Pero quedaba un recanto sen poder cofecer, sen dar a luz... Un espazo intocabel, escuro, pero que obrigaba a situalo na nosa historia. Envolto nas frecuentes néboas que cubren a parroquia. Este lugar é coma unha cortina que vela unha parte do corazón da parroquia...". Alfonso seguía explicando como todas aquelas tumbas tiñan un nome, unha familia, unha historia... , por iso non pararán ata saber os nomes, as familias, a historia daqueles outros que estaban soterrados ó pé da parede da igrexa. É un deber de xustiza, porque a morte é cruel, pero o esquecemento aínda é máis duro. Para estes veciños non pode haber discriminación entre os mortos que prolongan a nosa historia, todas e todos merecen a lembranza e o agradecemento. Por iso loitamos para que as súas familias lles poidan dar un soterramento digno. A memoria da parroquia de Santa Mariña, ten unha lagoa, que queremos aclarar. Estamos a facer un estudo, casa por casa, da parroquia, onde os que xa non están aquí teñen a mellor presenza, porque para nosotros, os que queremos endexamais morren, Non podemos permitir que os que conviven con nós hai 70 anos, sexan alleos ó noso percorrido";







## 5.- Seguimos ABRINDO CAMIÑO

Xa hai anos que pertencemos á Asociación “Abrindo Camiño”, na que colaboramos xente da Chaira, da Mariña, dos pobos do norte: Asturias, Euskadi, Cantabria, etc. Todos os anos mantemos actividades en grupo, e algunhas protagonizadas por Xermolos, coma o ano pasado.

Pero foi, o San Xoán do 2010, o que trouxo os tempos novos. O domingo 27 de xuño, “Abrindo camiño”, viaxamos a Compostela para cumprir co Xubileo. Alfonso, o noso coordinador, foi o encargado de ler a invocación, nunha Catedral ategada de xente, pois cadraban varias peregrinacións como a de Navarra cos seus presidentes de goberno e parlamento, o mesmo cos de Galicia. Alfonso foi o

único que falou en galego. O Arcebispo de Santiago contestou nesta lingua, e noutras coma o cuscaro, que utilizou, moi pouco, o Presidente de Navarra. Un bispo de Brasil e outro de Portugal, que concelebraban con Alfonso, sen dúbida, que agradeceron escoitar a lingua de Rosalía.

Tamén, o presidente da Xunta e a do Parlamento, conselleiros, etc, tiveron que escoitar de Alfonso a reivindicación dos sinais propios da nosa identidade: o idioma, os símbolos, a nosa cultura... Porque coma el dixo, si a Xunta agarda a axuda do Apóstolo para mellorar a nosa economía co Xacobeo, él, no seu relatorio, pediulle enerxía para protexer o que é noso... Xa que Santiago soubo da pluralidade das linguas na festa de Pentecostés.

Despois da celebración na catedral, houbo un acto no refectorio do Mosteiro de San Martiño, onde actuaron “O Feitizo” de Foz, e a Coral da Escola Municipal de Música de Mondoñedo “Mestre Pacheco”, e foron agasalados: Alfonso, M<sup>o</sup> do Carne Furelos Gaitero (presidenta da Agrupación Internacional Camiños de Europa), José Joaquín Miláns del Bosch (presidente da Aso. Astur Galaica da Costa, de Amigos do Camiño de Santiago e presidente de honor da Agrupación de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago do Norte), e outras e outros.

Era o cumio do proxecto da sinalización e percorrido do Camiño de Volta: Santiago-Oviedo pola Costa realizado en colaboración con institucións e asociacións de Asturias e Galicia, iniciado en marzo do 2007 (Ano Santo de San Rosendo, patrón da Diocese de Mondoñedo-Ferrol) continuado no 2008 (Ano Santo da Cruz en Oviedo) coa chegada á Catedral do Salvador, o 21 de setembro (festa de San Mateo), e retorno nos anos 2009-2010 a Santiago polo Camiño do Interior o primitivo para gañar o Xubileo, o día 27. Co obxectivo de recuperar as peregrinacións á Catedral do Salvador de Oviedo polo Camiño do Norte, á ida ou á volta da visita ao Apóstolo Santiago e de reivindicar a oficialización da Variante Marítima do Camiño Norte de Santiago á Basílica de San Martiño de Mondoñedo(Foz).



Na foto, na catedral, na celebración da ofrenda, Alfonso con José M<sup>o</sup> García Rivera. Alcalde de Foz en representación dos concellos da Variante Marítima, José Joaquín Miláns del Bosch. Presidente de Honor da Agrupación de Asociacións do Camiño Norte e J. Luis Fernández Ansedes. Presidente de “Abrindo Camino”, en representación das Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago de Asturias e Galicia.

Xa o ano pasado, Xermolos, integrado en Abrindo Camiño, levou adiante as “II Xornadas do Peregrino: Camiño Norte de Santiago na Terra Cha, nos Concellos de Begonte e Guitiriz. Con actos como a “Mostra de artesanía” en Parga, na foto a inauguración. E a presentación do Guieiro n<sup>o</sup> 12, dedicado a Concha Pardo, na Igrexa de Baamonde, na foto. Este ano en setembro, Xermolos organiza en Abadín, uns actos, nos que vai presentar o n<sup>o</sup> 13, dedicado ó animador do Camiño neste concello, o mestre Santi Iglesias Dobarrío.

2.- Nove días despois, o 7 e 8 de xullo, Alfonso, transmitiu ós catro ventos as marabillas do recanto do San Alberte, participando na serie documental: CRUCE DE CAMIÑOS, na Televisión Española, canal 2, rodada no mes de maio, na véspera do San Alberte. Unha achega ós 7 camiños que rematan en Compostela. Acompañado do actor inglés Dominic, loaron as esencia das augas do San Alberte, da súa natureza na ribeira do Río Parga, da arte da ponte medieval e da igrexa... Foi unha oportunidade para dar a coñecer o patrimonio natural e artístico desta paraxe, un dos obxectivos destes 13 capítulos. Dominic Greville comentoulle a Alfonso, que veu por negocios a Madrid, onde agora vive, pero deixou a ansiedade competitiva desta sociedade, e fíxose actor. Era a primeira vez que percorría o Camiño: “Ademais de deixar o seu emprego e a súa terra natal, cambiou o seu estilo de vida: decidiu renovarse completamente como persoa e agora é máis espiritual. Encantalle facer meditación, practicar yoga e comer san. É o personaxe máis “zen” do programa xa que está en constante busca interior e quere acadar unha vida plena e equilibrada”.





## 6.- IMPLICADOS NO FORO SOCIAL GALEGO, no que traballamos á par de moitos colectivos do país:

### ORGANIZACIÓN

Seminario Galego de Educación para a Paz  
Fundación Galiza Sempre  
Marcha Mundial das Mulleres

Sindicato Labrego Galego

CIG  
CCOO Galicia  
UGT Galicia  
STEG  
ADEGA

Coordinadora Galega de ONGDs  
Amarante

Ospaaal Galicia  
Axunica

Sinerxia ONGD  
Médicos do Mundo  
Coopera  
Cultura por cultura  
Fuco Buxán  
Comité Emerxencia Ferrol  
Paz con Dignidade  
Comisión pola recuperación da memoria histórica da Coruña

Plataforma Alternativa de Lugo  
Panxea  
Entreculturas  
Mádia Leva  
Ciberirmandade da Fala  
Foro Galego de Inmigración  
Ais O Peto / FiareGZ  
Acsur Galicia

Organización Galega de Comunidades de Montes  
Altermundo

FugaEmRede  
FugaEmRede / Rede dtos. Sociais-A Coruña  
Colectivo Artabra 21

Colexio Psicoloxía Galicia

Xermolos As. Cult.

Título Individual

Xosé Antonio Arias

Xavier Vence

Camilo Nogueira

Carlos Anxo Portomeñe

Lara Domínguez Araújo

David Rguez. Rguez.

Irama Faty

Ángel Amancio Sotillo Aragunde

Xosé Aller

Teodoro Calvo Gando

Marta Santos Pérez

Xosé Manuel Beiras

Lidia Senra

Carmen Carballo  
Xoán Hermida



## OS PITOS

de Sito Carracedo



A paisaxe de Pardifias non só acolle ó seu abeiro milleiros de festivalciras e festivalciros, na súa cita anual, tamén se converteu nun manancial de creación todo o ano. Si noutra hora, foi o ceramista e artista, Salva Hernández, ó que Xermolos lle dedicou no seu día un Cáderno, agora é o canteiro e escultor Ramón Villar, o Taller das Ideas de Óscar Rama, ou o músico e constructor de gaitas, Sito Carracedo, que leva anos convertendo este recanto, na vangarda da investigación sobre este instrumento, a nivel europeo, e sobre o universo da percusión.

Ata hai creadores coma Sito e Oscar Rama que colaboran nas súas artes. Oscar vai facer un robot para manexar os pitos que está a ofrecer Sito, agora nun material sintético.

Despois da súa experiencia na Habana, todos os anos é reclamado en Alemaña, Italia, Portugal..., para dar vida, á gaita daqueles países.

O seu prestixio internacional, non lle impide, a relación cotiá cos e coas veciñas de Pardifias e Guitiriz, pola contra, a súa presenza arreequece este espazo e este tempo, cada novo día cun ronsel ategado de imaxinación, música, festa compartida... As persoas e os pobos medran en sabedoría e calidade de vida, cando saben aproveitar as oportunidades que a vida lles depara, por iso, os veciños son cada vez máis sensíbeis á achega deste músico, que fai soar os ritmos, as cores, os recendos, de Pardifias noutras latitudes.

Mesmo cando Pardifias celebraba o 1º festival (1980), Sito convidaba á I Mostra de Instrumentos Artesanais Galegos, e na liña que endexamais esqueceu daba a coñecer a "charrasqueta", que veu engrandecer o mundo da percusión galega. Endexamais cegou o camiño de investigación... E ata inventou o higratapón, para conservar a palleta en bo estado, sen perder a humidade.

Non refuga esforzos para dar a coñecer os seus avances na nosa música. Así, o manual **PALLETA MALDITA**, editado por Xermolos, esgotado e traducido a varios idiomas.

Estes anos de investigación prodigáronse en mil facianas, ata de organización da construción e comercialización dos nosos instrumentos como a Cooperativa Soutelo de Montes... Estudiu polo miúdo a natureza das madeiras máis axeitadas para os instrumentos, ata dominar o seu xeito de medrar e as súas cualidades máis idóneas, para acadar o mellor son.





Nos días do festival, antes e despois, o obradoiro de Sito, converteuse nunha estación obrigada, para refrescarse coa música. Pero todo o ano, achegase ó seu taller, xente da música, atraídos pola súa técnica e interpretación dos nosos instrumentos. Pardiñas é hoxe cofecida en toda Europa por unha investigación que non cofece límites... Tanto veñen afeccionados, visitas de grupos, coma músicos e investigadores, coma os de Hotel Rif de Italia, cos que está a idcar a creación dun taller-escola de creación de instrumentos tradicionais en Vicenza, ou unha asociación de Balingen en Alemaña, coa que colabora nos encontros internacionais de músicos e na recuperación da gaita naquel país (a sackpfeife).

Tamén fabricou unha reprodución e un desenvolvemento novo da gaita irlandesa, sobre unha de fai 50 anos (a uilleann pipe).

Tamén na zona sueva, na fronteira, traballou sobre a reprodución dun lutier alemán de fai 40 anos..., con modificacións e melloras de son e afinación..., en dúas tonalidades en sol e en fa. É a gaita checa, na foto, ó xeito dunha cabra, e bock.

## PRESENTACIÓN DO CD "OS IRMANDIÑOS. UNHA VEZ FOI O TREBÓN



Foto Canibe / Lugo

## Poemas de Manuel María, interpretados por A Quenlla. Xa está á venda en Cd, cos textos musicados e unha melodía instrumental que serve de soporte aos textos dialogados na obra.

O Festival de Pardiñas, vai medrando coma un manancial de iniciativas e novidades culturais, grazas á concentración de vibracións de creatividade, e á fidelidade ó pobo, daquelas e daqueles que nos achegamos aquí para compartir os nosos debezos de beleza. Hai anos, nesta fervenza emocional que é Pardiñas, Manuel María, comunicoulle a Mero, do grupo A Quenlla, a súa ilusión de que fose este grupo o que musicase os seus poemas de "Os Irmandiños", e poder dalos á luz... Non caeu en saco furado, e Mero e Mini, acolleron este compromiso. E velaquí, que neste festival 2010, van presentar a edición musical desta obra de teatro de Manuel María. Vai ser unha hora máxica, para a historia do noso pobo. O poeta da Terra Chá gustaba de promover poéticamente persoaxes e acontecementos da nosa historia, ata convertelos en sinais senlleiras para axudar a facer pobo ás novas xeracións, nesta liña esta obra ideada para representar, mostranos agora este acontecemento das revoltas irmandiñas. A primeira guerra irmandiña foi no 1431 nas terras dos Andrade, Pontedeume e Vilalba... , ata chegar á Irmandade de toda Galiza, contra os abusos dos señores, provocando a caída de 150 torres e castelos.

A Quenlla puxo música e interpreta, nunha peza única, esta obra. É unha mostra máis da calidade da súa poesía cantada. Da que xa levan producido moitos froitos, facendo un servizo fundamental á nosa cultura.

A Quenlla agasalla este traballo marabilloso á Irmandade Manuel María, que se compromete a difundilo en todos os eidos da vida e actividade do país. A honra é moita por ser obra de Manuel María, e por estar interpretada polo grupo A Quenlla, as mellores voces, as máis fieis á escrita... Grazas tamén a Saleta, a dona de Manuel María, por permitirmos esta publicación.

Acreditamos que Pardiñas é un mar en calma, no que cada vaga de creación, provoca e suxire outra aínda máis intensa. Si un día Manuel María, decidiu pór música a "Os Irmandiños", neste ambiente, na XXXI edición, presentamos a versión, e dámosla a coñecer, tamén cando facemos memoria dun dos intérpretes, César Morais, e o cartel do Festival é obra de Rita Galeotte, tamén autora do deseño da carpeta de presentación desta achega que ven a engrandecer aínda máis a obra de Manuel María e de A Quenlla.

Presentación do CD "OS IRMANDIÑOS",  
no escenario da Mostra de Instrumentos,  
coa participación de:

- Marica Campo
- Miro Casabella
- Xosé Estévez
- Xosé Neira Vilas
- David Otero

E unha interpretación do grupo A Quenlla.





**FAGAMOS PARDIÑAS MÁIS FERMOZO COAS  
NOSAS CORES, FORMAS, RECENDOS, OLLADAS**

**EXPOSICION DE FOTOGRAFIA: FAGAMOS UN  
PARDIÑAS MÁIS FERMOZO** Na CASA DAS ARTES de  
Pardiñas, no Festival de Pardiñas

Na CASA DAS PALABRAS de Guitiriz, no mes de agosto

Son algunhas das imaxes do Festival de Pardiñas. Escollidas entre 42 participantes no certame. Os seis primeiros foron creadoras e creadores premiados, e os outros catro seleccionados

IRENE DIAZ PRIETO, de Lugo

OSCAR EXPÓSITO FIGUEIRAS de A Estrada

RUBÉN LAMAS QUINTELA de A Coruña

XESUS PENA BRAÑA de Guitiriz

XIANA DE LA PEÑA PARGA de A Coruña

MARISOL LOPEZ TARRIO de Vilagarcía de Arousa

ELENA TARRIO LUGO de Vilagarcía de Arousa

SERAFIN LOPEZ VIGLERIO de Vilagarcía de Arousa

JOSE MARIA GOMEZ CASAL de Lugo



Irene Díaz Prieto



Irene Díez Prieto



**Soñamos e matinamos que todas e todos os que decidimos ir a Pardiñas, somos artistas nalgunha faciana da vida, por iso, lanzamos aos catro ventos esta consigna: FAGAMOS PARDIÑAS MÁIS FERMOSE COAS NOSAS CORES, FORMAS, RECENDOS, OLLADAS.**



Óscar Expósito Figueras







Pardiñas é un océano de beleza e amizade, capaz de enchoupar todo o país, de nova enerxía... Queremos mergullarnos neste mar, para saír da festa, transformados e máis inspirados, con novo pulo, para converter o camiño da vida de nós, nunha ferverza de emocións, sentimentos, sorpresas...



Rubén Lamas Quintela





Xeife Pena Bravía



A fonte de Pardiñas, non vai esgotarse. Pola contra, vai multiplicarse e espallarse, con máis luz e unión, en miles de recunchos do mundo, máis afastados. Esta fin de semana vai ser coma unha fervenza que vai refrescarnos para toda a tempada... Un chapuzón tan poderoso no balneario, vai reforzar a nosa saúde coma festeiras e festeiros, pero tamén a saúde de todo o colectivo, grazas a este baño na nai natureza.

Xiana De La Peña Parga







Miana De La Peña Parga



Queremos incentivar aínda máis a participación no Festival, con plataformas para espertar os recursos e sensibilidades dos asistentes, nun Festival que naceu como unha festa viva e dinámica, na que teñen espazo todas as artes. Buscamos a implicación de todas e de todos, máis ca espectacularidade pasiva na que rematan moitos acontecementos musicais. Isto supón un esforzo engadido de organización e atención nos dous días do Festival, antes e despois.

Maribel López Tarrío





Elena Torrie Lago



**FAGAMOS PARDIÑAS MÁIS FERMOSE COAS NOSAS CORES, FORMAS, RECENDOS, OLLADAS.** Na liña do Festival, "Feira e Festa da Música e da Arte", a Asociación Xermolos, quere arrequerer coa creatividade e a participación este acontecemento cultural, fronte á masificación. Queremos que todas e todos os que imos de troula ao Festival, deixemos a nosa pegada nestes días de festa, co noso xeito de ver a vida. Así, podemos compartir o maxín, as mañas e habelencias, a arte de todas e todos.





Serafín López Vigliario

A “FEIRA E FESTA DA MUSICA E DA ARTE” é unha aposta por todas as artes. En Pardiñas, todas e todos os festivaleiros son artistas, crean espirais de beleza, que se multiplican en dúas de universos prodixiosos: a Casa das Artes, a Mostra de Artesáns de Instrumentos, o seu palco de intérpretes espontaneos e os obradoiros, as feiras do libro e da artesanía, o certame de literatura e debuxo infantil... Xa somos unha familia que se foi conformando en máis de 30 anos, dende aquel 1º festival, no 1980, mergullándonos nas augas xeradoras de emoción do seu Balneario.



José María Gómez Casal





O FESTIVAL é un corpo a corpo cos creadores e as creadoras, porque todos os que se citan nesta feira e festa, achegan a súa parte de beleza, sentíndose atraídos por este manancial de paixóns. Cadaquén é un anaco da paisaxe de Pardiñas, danzando e contaxiando enerxía e ledicia. Ninguén é un espectador, somos fontes e surtidores de amizade, beleza, arte... Cada edición renovamos a mesma teima: “fagamos un pardiñas máis fermoso”. Coma dixo un dos seus asiduos, o poeta de Guitiriz, Xosé María Díaz Castro: “a beleza feríunos para sempre”

José María Gómez Casal

Abertos a todas as músicas e ós fluxos máis plurais das artes, PARDIÑAS é unha sucesión de ritmos, recendos, formas, cores, sons..., que o converten nuns días máxicos, propicios para debuxar no horizonte ronseis de harmonía e liberdade, dende este recanto da natureza, deixándonos arrolar nas súas fragas e pradeiras.

Publicidade de Consellería de traballo





# XVII MOSTRA DE INSTRUMENTOS DE MÚSICA TRADICIONAL

Un ano máis a Asociación de Gaiteiros Galegos (AGG), achégase ata o Festival de Pardiñas para organizar a que será a "XVII Mostra de Instrumentos de Música Tradicional". Un evento que constitúe unha das mostras de luthería máis antigas da península e que congrega cada ano a numerosos artesáns do país para mostrar o seu traballo ao público. Este ano a mostra conta coa presenza de 22 artesáns que nos amosarán o seu bo facer, e séguese apostando pola música e polo baile tradicional a través de actuacións en directo, obradoiros e a sempre estimada participación do público presente.

Para levar a cabo esta actividade, este ano contamos coa axuda da Consellería de Cultura e Turismo, Maderas Barber, Comercial Pazos e Seivane-Goretex. Unha colaboración que resulta imprescindible para que a AGG continúe na súa loita de divulgación e dignificación da cultura tradicional.

Durante as xornadas do 7 e 8 de Agosto, e no marco incomparable do Festival de Pardiñas, a XVII Mostra de Instrumentos de Música Tradicional contará cun programa repleto de actividades. O Sábado contaremos cun pregoeiro de luxo, Nando Casal, un dos membros fundadores do grupo Milladoiro. Posteriormente terá lugar unha demostración e construción de gaitas con torno de varas, a cargo do artesán Nebra. Para rematar as actividades do sábado, contaremos coa actuación de Os Minhotos, grupo chairego composto por cinco músicos, que naceu como cuarteto, alá polo ano 96 e que pouco a pouco foi incorporando outros instrumentos da nosa música como o acordeón, a requinta ou a zanfona.

Durante a xornada do Domingo haberá actividades dende a mañá co Concerto Os instrumentos femininos, a cargo de Pablo Carpintero, Rosa Sánchez, Mª del Carmen Picallos e Xaneco. Xa pola tarde contaremos coa demostración práctica de instrumentos de corda e percusión a cargo do grupo Diluvea, que está formado por Diego Langarika, Luis Martínez e Beatriz Martínez.

O Obradoiro de Baile Tradicional, correrá a cargo de Gustavo Couto, mestre desta disciplina e coautor do libro Bailaben, e máis tarde Pablo Carpintero e Rosa Sánchez serán de novo os encargados de ofrecernos un concerto de repertorio antigo de Pontevedra, que rematará cun obradoiro de Treboada a cargo de Oli Xiraldez.

As actividades previstas para enriquecer a exposición, están enfocadas para que sexan totalmente participativas, así pois haberá un escenario disponible, durante todo o día para todos aqueles músicos que desexen tocar, e aqueles artesáns que queiran falar ou facer algunha demostración da sonoridade dos seus instrumentos.

Asociación de Gaiteiros Galegos

## Programa:

Sábado día 7

17.00h - Apertura da Mostra

17.30h - Pregón a cargo de Nando Casal

18.00h - Demonstración de construción de gaitas con torno de varas - Nebra

19.00h - Actuación de Os Minhotos

20.00 a 21.30 h - Escenario libre para músicos espontáneos

Domingo día 8

11.30h - Apertura da Mostra

12.00h - Concerto "Os instrumentos femininos" - Pablo Carpintero, Rosa Sánchez, Mª del Carmen Picallos, Xaneco

16.00h - Demonstración de construción de gaitas con torno de varas - Nebra

17.00h - Demostración práctica de instrumentos de corda e percusión -

Diluvea: Diego Langarika, Luis Martínez, Beatriz Martínez

18.00h - Obradoiro de Baile tradicional - Gustavo Couto.

19.00h - Concerto de repertorio antigo de Pontevedra - Pablo Carpintero, Rosa Sánchez

20.00h - Obradoiro de Treboada - Oli Xiraldez

20.30 a 21.30h - Escenario libre para músicos espontáneos

## Van participar estes artesáns:

Lois Mourifo / Obradoiro de instrumentos tradicionais / Compostela  
 Oli Xiraldez / Gaitas e requintas / Balaide –Teo  
 Nebra / Gaitas e zanfonas / Porto do Son  
 Xosé Tuñas / Percusión / Ames  
 Luis Martínez / Instrumentos de corda / Soutomaioir  
 Pablo Carpintero / Gaitas Requintas e percusións / Santiago  
 Diego Piñeiro / Gaitas / Palma de Mallorca  
 Xaneco / Obradoiro de instrumentos musicais galegos / Outeiro de Rei  
 Diego Langarika / Percusión / Vigo  
 Che Vázquez / Trompas e instrumentos tradicionais / Brión- A Luaña  
 Paporrubio instrumentos musicais / Gaitas e frutas / Sarria  
 Xermán Arias / Lutheria e zanfonas / Sarria  
 Afonso Castro / Gaitas / O Rosal  
 Foliqueiras / Percusión Tradicional / Vigo  
 Carlos Fandiño / Gaitas / Teixeira  
 Cristobal Prieto / Gaitas e frutas / O Hío – Cangas  
 O Chilro / Percusión e gaitas / Cambados  
 Roi / Gaitas e requintas / Vigo  
 Rebollo instruments / Instrumentos de Corda / Beluso  
 Xaime Rivas / Zanfonas / Vigo  
 Morenita / Percusión / Laza – Ourense  
 Roi / Instrumentos de Corda / Pontevedra





## PREGOEIRO DA XVII MOSTRA DE INSTRUMENTOS DE MUSICA TRADICIONAL

Nando Casal participou dos primeiros festivais de Pardiñas, o 3º e 8º, con Milladoiro, xa que foi un dos seus fundadores (1978), cando tiña 25 anos, como podemos ver na foto adxunta, onde interpretaba gaita, clarinete, whistles, cromorno... Xa outros membros deste grupo foron pregoeiros da mostra, así Xosé Ferreiro na XI. Cando no 2000, Rodrigo Román, tamén pregoeiro da XV Mostra de Instrumentos, decide continuar a súa traxectoria, él só, naquel momento integrase en Milladoiro, o fillo de Nando, Roi, con 19 anos, ata o 2009, interpretando a arpa celta. Nando ademais de ser un músico total, é unha persoa exemplar no seu compromiso co país, endexamais refugou tarefas sociais, culturais, artísticas..., por iso preferimos escoitar a súa palabra, recollida de varias conversas nos medios.



Así, cando daban a cofecera *Unha estrela por guía* (2006), dedicado ó que segue a ser guieiro para o Festival de Pardiñas, o escritor Manuel María, o primeiro disco sobre vinte no que cantan todas as pezas: os versos do poeta, Nando respondía ó xornalista e escritor DANIEL SALGADO (Santiago - 26/12/2006), para El País de Madrid: "Para Milladoiro, un concerto solamente normal es un fracaso", explica Nando Casal, gaiteiro do grupo.

Celebramos con Nando Casal, que eles como antes Fuxan os Ventos, Suso Vaamonde, A Quenlla, do que neste Festival imos festexar a súa versión cantada dos poemas de Manuel María: "Os Irmandiños", tamén difundisen a lírica do noso poeta, con este traballo: "En otros discos de Milladoiro, contesta Nando ó xornalista de El País, solía haber alguna canción vocal, pero se trataba de la guinda que le poníamos al pastel. En este caso, digamos que convertimos la guinda en pastel. Y quisimos compaginar la poesía amplia de Manuel María con la tímbrica de Milladoiro".

Nando xa sinalaba daquela unha cixa no mundo da música, que aínda persiste: "Sobreviven muchos grupos absolutamente fundamentales para el folk gallego. Y esta música nunca estuvo en un momento tan espléndido como el actual. Lo que quizás no sobrevivió es una industria musical gallega sólida. A la música gallega le falta, también, el mecenazgo de empresas privadas potentes, como ocurre en otros países. Si ves a un músico vasco tocando por ahí, debajo hay una serie de patrocinadores que lo apoyan. Nosotros vamos 15 días de gira por



Holanda en abril, y tenemos que pagar todo por nuestra cuenta... El folk hizo mucho por el país y, sin embargo, el apoyo institucional es escaso. Parece que ahora la niña mimada es el audiovisual... Cuanto más viajamos, más nos damos cuenta del valor que tiene nuestra música, la música gallega, sin necesidad de disfrazarla. La fusión se hizo siempre en la música gallega, pero en lo que no creemos es en forzar esa fusión. A veces oyes un grupo de Madagascar y otro de las antípodas y suenan igual. Es triste que en nombre de una supuesta fusión se pierda un patrimonio universal impresionante".

**Belén López (Diario de Pontevedra, 03-05-2010), comparte nese momento unha entrevista, na botica familiar de Catoira, con Nando e o seu fillo, Roi, que vén de publicar “Lendas douradas”, e xa prepara o segundo. Pai e fillo son dous mundos dentro da música, sen esquecer as raíces. Roi mestura a zanfona coa guitarra eléctrica, acadando unha síntese marabillosa, que acredita aquel dito: “de tal pau, tal astilla”. O pai apostilla: “Quizais este tipo de propostas constitúan a única maneira que teñan de sobrevivir moitos instrumentos tradicionais, compartindo escenario e sonoridade con outros máis modernos”.**

Xa o seu pai e avó, respectivamente, era músico e pintor... No seu fogar inza acófito o amor ás artes.

Nando fala con Belén da súa traxectoria en Milladoiro: “Hai que pensar que os músicos que fundamos Milladoiro tiñamos todos moita personalidade e eramos moi distintos, musical e persoalmente. E fomos capaces de compaxinar todo iso durante 30 anos, aprendendo a renunciar a cousas que ti ves clarísimo que deberían ser así e que outro compañeiro ve clarísimo que de ningunha maneira. E acabas por chegar a acordos, a entendementos, tanto musicais como doutro tipo. Milladoiro é a miña vida. Nese grupo aprendín o que é a democracia con maiúsculas, a ética con maiúsculas, a lealdade con maiúsculas. Porque eu penso que se algo caracterizou a Milladoiro foi a lealdade total a Galicia. Eu milto al dende os 25 anos e al fun adquirindo unha serie de compromisos que logo me foron moi útiles noutras facetas da vida. Estou falando de seriedade, de responsabilidade, de humildade... Porque sempre fomos un grupo que lle recofeceu o traballo aos de antes, aos que nos precederon. Agora hai moitos músicos novos aos que escoitas falar e calquera diría que antes de nacer eles non había nada. A min sorpréndeme esa petulancia, esa soberbia. En Milladoiro non eramos así: sempre agradecemos e recofecemos o traballo dos que nos precederon. Fomos un grupo que sacou case do ostracismo a Ricardo Portela, aquel gaiteiro magnífico de Pontevedra



que estaba de bedel no Hospital de Montecejo. Promovemos que se cofecese a este home todo o que puidemos para que o público galego soupese que perla tiña aí. De feito convencémolo para que tocara con nós no Festival de Ortigueira, un sitio ao que todo o mundo leva esa estrela con sona para que tire do concerto e no que nós o que queríamos era que Portela, un tipo ao que daquela non cofecía practicamente ninguén, recibise un gran recofecemento”.

Un home comprometido co pobo, capaz de entusiasmar ós veciños na creación de máis horizontes de liberdade e xustiza. Tanto no seu labor coma voceiro do BNG en Catoira, coma implicándose noutros obxectivos sociais e culturais.



## CONCERTO "OS INSTRUMENTOS FEMININOS"

Pablo Carpintero,  
Rosa Sánchez,  
Mª del Carmen Picallos,  
Xaneco



### Pablo Carpintero

Pablo Carpintero, que vén intervindo nos obradoiros da Mostra, dende hai anos, vai explicar cales son e como se tocan os instrumentos melódicos e coñeceremos a súa longa historia....veremos como se toca a folla, a requinta, a trompa, as pipas de alcacén, o rabel, as gaitas de fol, o acordeón, as frautas de cana, e tantos outros...

Comeza no mundo da Gaita gracias ao seu avó, que ademáis de médico era Gaiteiro. No ano 1991 ingresa en Cantigas e Agarimos, do que vai un ano despois para formar xunto con outros compañeiros o OCT Ultraia que actualmente dirixe. Leva dirixido diferentes grupos e escolas de música tradicional, nas que destacan a Escola Municipal de Santa Comba, Escola de Gaitas de Lestedo, Rosalía de Castro de Cacheiras, A Requinta de Xián... Ten grabado e editado un disco en solitario no que mostra o son das diferentes gaitas de fol da nosa comunidade. Pertence ademáis ao cuarteto Os Folerpas, co que ten realizado actuacións por toada a comunidade parte do estranxeiro. Tamén imparte concertos didácticos no que mostra e toca máis de 70 instrumentos tradicionais galegos nunha hora. É directivo da Asociación de Gaiteiros Galegos. Poucos instrumentos se lle resisten, toca tanto intrumentos de vento: requinta, flauta traveseira, clarinete; como instrumentos de corda: guitarra, mandolina, rabel. E tamén domina os instrumentos de percusión tradicionais galegos. Dende a súa entrada nos Revoltas no 2003 é o encargado dunha das gaitas. Pablo Carpintero, que vén intervindo nos obradoiros da Mostra, dende hai anos, vai explicar cales son e como se tocan os instrumentos melódicos e coñeceremos a súa longa historia....veremos como se toca a folla, a requinta, a trompa, as pipas de alcacén, o rabel, as gaitas de fol, o acordeón, as frautas de cana, e tantos outros...

### Os 144 instrumentos do país

Unha obra de Pablo Carpintero cataloga por primeira vez os bens musicais galegos, moitos desaparecidos nas últimas décadas polo despoboamento do rural.



## Rosa Sánchez

EZnsinaranos cales son os instrumentos de percusión empregados polas mulleres dende tempos remotos para acompañar o seus cantos, escoitarás e tocarás pandeiros, pandeiretas, latas, tixolas, cunchas, trécolas, ferrifios...

Comeza na escola de baile de Cantigas e Agarimos na que pronto ocuparía un oco no grupo titular. No ano 1992 vaise desta agrupación para fundar con outro compañeiros o OCT Ultraia, no que comeza no grupo de baile e pouco despois pasa a formar parte do grupo de pandereiteiras. No ano 2002 comeza a recibir leccións de tambor e caixa, un ano despois convertese na tambóleira do OCT Ultraia. No ano 2004 ingresa na Requinta de Xian e nos Folepas tamén de tamborileira. Acompaña a Pablo Carpintero nos seus concertos cantando e tocando diferentes instrumentos de percusión. Forma parte dos Revoltas, na foto, dende o ano 2005 no que se encarga da Caixa.



## O Obradoiro Xaneco

comeza a súa actividade comercial en 1996 co afán de construír instrumentos musicais que respondesen ás demandas dos músicos profesionais e cun criterio de calidade que puxera os instrumentos musicais tradicionais galegos ao mesmo nivel ca calquera outro instrumento musical.

O estudo dos instrumentos antigos, conxugado coas técnicas de construción actuais, e mais o contacto permanente cos músicos, son a esencia do Obradoiro XANECO. Isto permite que os instrumentos que alí se fan estean en continua evolución e mellora, tanto de carácter tímbrico como de afinación, pero sen afastarse da tradición musical de Galiza.

Os instrumentos que se fan no Obradoiro son os de percusión tradicional e zanfona. Na percusión un dos obxectivos principais é dar a coñecer todo o amplo abano de instrumentos de percusión que existen na Galiza, e facelos cun criterio de calidade para acadar a súa dignificación e equiparación á consideración que teñen outros instrumentos, como por exemplo a gaita.

Nas zanfona, compaxino o estudo de instrumentos antigos co coñecemento das técnicas de luthería coa finalidade de lograr un instrumento musical que sexa bo de manexar e de afinar e así contribuir dalgún xeito á súa popularización

Xaneco ten declarado: "Inicio-me no mundo da música tradicional aló polos anos oitenta na Asociación cultural de Outeiro de Rei, onde escomezo a miña aprendizaxe como instrumentista de percusión, chegando a tocar todos os instrumentos da percusión galega, buscando sempre a súa dignificación no panorama musical e social galego, pois a percusión sempre foi minusvalorada inxustamente. Dende entón estou en contacto permanente coa música tradicional, pois formei parte de diversas formacións musicais, (grupo de gaitas da asociación cultural de Outeiro de Rei, Lilaina de Lugo, Aloia de Muimenta, e na actualidade de Os Miñitos e Caldaloba).

Ademais da miña faceta de músico, son socio da Asociación de Gaiteiros Galegos dende a súa legalización no ano 1989 e membro da súa directiva dende o ano 1991 actuando de secretario dende esa data, sendo o impulsor da realización da mostra de música tradicional do domingo das mozas, nas festas do San Froilán, e da Mostra de instrumentos musicais de Pardiñas.

No ano 1990 é cando escomezo a investigar como facer os primeiro tamboriles ou redobrantos e bombos, dun xeito totalmente autodidacta, a miña faceta de músico tradicional, conxugado co oficio de carpinteiro que aprendín da man de meu pai, fan posíbel que poida facer o primeiro tamboril. Este fixeno porque naquel tempo eu non coñecía ningún artesán de percusión e os instrumentos que manexaba eu, non tiñan abonda calidade de son.

### I FIN DE SEMANA

DE FOLCLORE GALEGO

1, 2 e 3 de Xullo



O lugar:

Casa da Alba, en Antas de Ulla.



Os profesores:

Rosa Sánchez

Pablo Carpintero

Gustavo Couso



Organizado por a asociación galega de música tradicional  
Financiado polo goberno galego e polo goberno de España  
Colaboracións de: Xunta de Galicia, Consello Regulador do Folclore Galego, Consello Regulador do Folclore Galego, Consello Regulador do Folclore Galego





Despois de un profundo estudio das proporcións de instrumentos antigos, fixen infinidade de probas para chegar a conquistar o son que eu buscaba, tanto no timbre, como na definición e corpo do son do instrumento, despois de este proceso de máis ou menos dous anos é cando chego as conclusións que hoxe aplico na construción dos instrumentos de percusión.

No ano 1995 é cando empezo a introducirme no mundo da zanfona, facendo un curso de iniciación para aprender a tocala, que organizou á asociación de gaiteiros galegos en Lugo, a partir desa data empecei a recoller información arredor do instrumento, e conquistar toda a bibliografía que me foi posíbel sobor da zanfona, tamén fixen un cursiño no Obradoiro da Deputación de Lugo, pero sen dúbida o que máis me axudou a facer a primeira zanfona foi a colaboración desinteresada que me prestou o Luthier Xermán Arias de Sarria, que se prestou a que fixera a miña primeira zanfona no seu obradoiro indicándome os pasos que el seguía para facelas e ensinándome as técnicas de luthería que el aplica para a súa construción”.

## BRADOIRO DE BAILE TRADICIONAL De Gustavo Couto

Con él imos aprender os fundamentos do baile tradicional galego en dous días. O domingo pola noite todos xuntos, xa botaremos unha muiñeira. *Gustavo Couto* xa ten participado nesta Mostra en varias edicións, colaborando con grupos e artesanos. Comezou no mundo do baile tradicional no OCT Ulreia no ano 1995. O seu achegamento á música, foi un cúmulo de casualidades, e no 2002, entra a formar parte da sección instrumental do OCT Ulreia, tocando diferentes percusións. É bombeiro de grupos coma Os Campantes da Baña, Os Folerpas e acompaña a Pablo Carpintero nos seus concertos, encargándose de diferentes instrumentos de percusión. Sen deixar de lado a percusión, dirixe diferentes escolas de baile da comarca de Santiago. É directivo da Asociación de Gaiteiros Galegos. Pertence aos Revoltas dende o ano 2003 no que toca o Bombo con Pratos.

A súa experiencia na danza tradicional, levouno a editar un manual para bailar a muiñeira en dous meses: **Bailabén**, xunto coa tamén mestra de baile, Edith Cotilla. Está composto por un deuveté que recolle o método que empregan no ensino. Edicións do Cumio vén de publicar este libro totalmente necesario para a nosa cultura tradicional.



«É o noso método, non o único», aclaran-. Está pensado para calquera que queira aprender, sexan nenos ou maiores. O DVD vai acompañado dun libro que recolle clips do vídeo para seguir con detalle os diferentes movementos.

«O baile galego ten moitos ritmos distintos, pero neste traballo nós centramonos nunha muiñeira ou xota de nivel básico tirando a medio», explica Gustavo Couto. A medida que avanza o curso, os movementos vanse complicando de forma escalonada ata chegar a algúns dos pasos máis difíciles, como «o **picado por diante** e o **adiante-atrás**», co que empezan a meirande parte dos puntos da muiñeira», di Couto.

Para perder a vergonza e soltarse cando sona unha gaita non fai falta moito tempo. «Nun par de meses somos capaces de poñer a bailar a calquera», afirma o co-autor desta obra, gravada en colaboración co grupo Armadanzas de Laraño.

Destinatarios potenciais deste curso son os mestres de primaria, xa que a obriga de incluír no temario o coñecemento do baile tradicional non sempre se cumpre. «En moitos colexios en Educación Física báilase salsa, merengue e bailes gregos, pero non baile galego», destaca Couto. Polo contrario, asegura, hai moitas agrupacións que están demandando clases de baile galego para nenos e adultos como «un xeito de pasalo ben».



## OBRADOIRO DE TREBOADA, OLI XIRALDEZ

Oli Xiráldez Río, 'artesán de gaitas e frutas galegas', como reza a súa taxeta de visita, e un gaiteiro de certo tinte bermello e insumiso declarado. É compoñente do grupo 'Chouteira' no que toca as requintas que el mesmo 'perpetra' }:-) no seu obradoiro de Santiago que, dito sexa de paso, inda non coñeço (Oli, a ver si se che ve un detalle e invitas a unha de chocos para inaugura-lo novo obradoiro).



## DEMOSTRACION PRACTICA DE INSTRUMENTOS DE CORDA E PERCUSIÓN por Dilueva: Diego Langarika, Luis Martínez, Beatriz Martínez

Diego Langarika, guitarrista e luthier de profesión, compaxina o seu taller con **Na Ría** e o cuarteto Ras do Chao. A súa formación vai dende o clásico ata o folk, pasando pola música antiga. Asiduo participante das sesións folk da cidade, traballou tamén en proxectos como Xerfa, Oddfellows, Sacho e Aperta, combinando as cordas coa percusión. Tocou en festivales como Sons do Vento (Melón), Maceda, Noches en el Lago (Madrid), MonÇao, Festival do Lérez, etc,

**Na Ría** é unha banda de música folk que nace de rescoldos do folklore da zona misturados coa música actual e os cheiros e escombros do río Lagares así como a precaria situación social e laboral que nos rodea, levando a estes rapaces a intentar atopar o pouco que xa queda de fermoso nesta cidade industrializada.

Os seus integrantes pertencen a canteira do Conservatorio de Música Tradicional de Vigo, o que lles levou a participar en proxectos como a orquesta Son de Seu, grupos como Xerfa e Thiosane, ademais de ser participantes activos na maioría das sesións folk de Vigo, en lugares como a Gaita Grileira, Ferrinhas, etc, locais punteiros na movida folk da cidade. A formación leva traballando tres anos nos arredores da provincia e norte de Portugal.

Paralelamente tres dos integrantes construen instrumentos tradicionais nun obradoiro no Casco Vello de Vigo, tales como, gaitas, requintas, tambores, pandeiretas, zanfonas, etc. Na foto, Diego con **Roi**, **Sara Bonner** e **Oscar Penedo**, membros do grupo.

O repertorio de **Na Ría** vai dende as terras das Rías Baixas ata as lonxanas illas Irlandesas misturando ritmos como muifeiras, xotas, pasacorredoiras, polkas, jigs e reels.





## DEMOSTRACION DE CONSTRUCCION DE GAITAS CO TORNO DE VARAS- Nebra

Xosé Piñeiro Pérez (Xosé de Tubío), é un mestre artesán e gaiteiro, nado a mediados dos 70. Máis coñecido por "Nebra", a aldea onde naceu, participa activamente na Mostra de Instrumentos de Pardiñas. Constrúe instrumentos musicais, sobre todo gaitas e zanfonas. Dende moi novo iniciouse na artesanía da man do seu pai, co que aprendeu a traballar e tornear a madeira. Estudou gaita na Escola de Música Tradicional de Porto do Son, comezando a construír gaitas de forma paralela á súa formación na citada escola. Membro da Banda de Gaitas Suevia de Porto do Son dende a súa fundación en xullo do 1998. Estudou Zanfona no Conservatorio Fol de Lalín. Ten publicados varios artigos sobre construción de gaitas. Imparte cursos de artesanía de instrumentos en centros de ensino, asociacións, etc.



Agora tamén traballa na construción de castañolas, que coma ten estudiado, forman parte do folclore galego, na foto. Mostra os diferentes tipos de castañolas existentes en cada comarca galega, diferenciados fundamentalmente polo seu tamaño e pola súa forma. Iso si, todos eles con elementos comúns: unha parte externa formada por orellas e panza, e unha interna, cun vaciado e un petadoiro. Ademais, Piñeiro explica que as castañolas se fabrican por pares: unha femia que produce os sons máis agudos e un macho para as notas graves.

### COCERTO dos MINHOTOS

Grupo chairego composto por cinco músicos, que naceu como cuarteto alá polo ano 96, e que pouco a pouco foi incorporando outros instrumentos da nosa música como o acordeón, a requinta ou a zanfona, Participaron en distintos festivais como o Lugnasad de Bretoña, VI Foliada da Mariña en Xove ou o Festival de Híjar en Teruel. Realizou concertos en Oiartzun ou no centro galego de París entre outros.

#### Os seus compoñentes son:

- Paula Fernández:** Acordeón, percusións.
- Bruno Villamor:** Gaitas, requinta, percusións.
- Vitor Otazo:** Gaitas, zanfona, percusións.
- Alberto Castro:** Gaitas, percusións.
- Xaneco Tubío:** percusións.




XACOBEO



Galicia

# 17 MOSTRA DE INSTRUMENTOS DE MÚSICA TRADICIONAL

7 E 8 DE AGOSTO DE 2010  
PARDIÑAS - GUITIRIZ



## Festa de Interese Turistico



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura



XUNTA DE GALICIA

Autor do cartel: **PABLO GIRALDEZ**



# XACOBEO 2010 Galicia